


Ano 1993

NÚM. 147

DIARIO DE SESIÓNS



PARLAMENTO DE GALICIA

III Lexislatura

Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez

Sesión plenaria núm. 147

Celebrada o mércores 24 de febreiro de 1993

ORDE DO DÍA

Punto único :

Comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuros. (Doc. núm. 10.415; art. 48 Lei da Xunta).

SUMARIO

Abrese a sesión ás once e trinta e cinco minutos da mañá.

0 señor presidente prega ó señor secretario que dea lectura á orde do día. Así o fai o señor secretario (Iribarren Fernández-Rogina)

Éntrase na orde do día.

Comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuros.

Páx..... 4257

0 señor presidente da Xunta (Fraga Iribarne) explica á Cámara este punto da orde do día.

0 señor presidente suspende a sesión ata as cinco do serán.

Suspéndese a sesión.

Reiníciase a sesión.

0 señor presidente abre unha rolda de posicionamentos dos grupos parlamentarios. Nesta rolda fan uso da palabra os señores Sánchez Castiñeiras (G.P. Mixto), Nogueira Román (G.P. Mixto), Beiras Torrado (G.P. do Bloque Nacionalista Galego), Sánchez Presedo (G.P. dos Socialistas de Galicia) e Vázquez Portomeñe (G.P. Popular). Cuestión de orde do señor Beiras Torrado (G.P. do BLoque Nacionalista Galego).

0 señor presidente da Xunta (Fraga Iribarne) fai uso da palabra para responder ós intervinientes.

0 señor presidente abre unha rolda de réplica de grupos parlamentarios. Nesta rolda interveñen os señores Sánchez Castiñeiras (G. P. Mixto), Nogueira Román (G. P. Mixto), Beiras Torrado (G.P. do Bloque Nacionalista Galego), Sánchez Presedo (G. P. dos

Socialistas de Galicia) e Vázquez Portomeñe (G.P. Popular).

Contraréplica do señor presidente da Xunta (Fraga Iribarne).

0 señor presidente manifesta que os grupos da oposición poden presenta-las súas propostas de resolución ata ás doce da mañá do día 25, no Rexistro Xeral da Cámara, e suspende a sesión ata mañá ás cinco da tarde.

Suspéndese a sesión.

Eran as nove da noite.

Ábrese a sesión ás once e trinta e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: O señor secretario da Mesa vai dar lectura á orde do día.

O señor SECRETARIO (Iribarren Fernández-Rogina): Señoras e señores deputados, de acordo coa Mesa-Xunta de Portavoces, en reunión celebrada o día 17 de febreiro a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único. Debate de política xeral coa comparecencia do excelentísimo señor presidente da Xunta de Galicia para expo-lo proceso evolutivo da autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuros.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor secretario.

Xustifica a súa incorporación tarde á sesión a deputada señora García Negro.

- COMPARECENCIA DO EXCMO. SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, PARA EXPO-LO PROCESO EVOLUTIVO DA AUTONOMÍA, A ACTUAL SITUACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E A SÚA ARTICULACIÓN E DESENVOLVEMENTO FUTUROS.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor presidente do Goberno.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, señorías, teño a honra de comparecer perante as súas señorías, por terceira vez nesta lexislatura para dar conta do estado da Autonomía como expresión da reflexión política desta Cámara, en canto os aspectos substanciais e estratéxicos que se desprenden da actuación do Goberno de Gali-

cia e cara a onde pretendemos encamiña-lo no noso futuro.

Creo que esta terceira comparecencia é unha ocasión oportuna para facer balance da lexislatura, xa que será a última vez, que durante ela, poida formularse un debate desta natureza.

Por isto considerei conveniente estrutura-la información que se presenta perante as súas señorías -que recibirán despois cos anexos correspondentes a través dos respectivos grupos parlamentarios-, de forma que inclúa non só o relativo á actuación do Goberno xa efectuada durante os anos 1990, 1991 e 1992 senón tamén, e para efectos metodolóxicos, que inclúa a formación de 1993 tomando como dato as previsións presupostarias.

Isto permitíranos unha visión panorámica e global sobre a actuación do Goberno que me honro en presidir, e a través do noso debate permitíralles igualmente ós habitantes da nosa terra te-la información suficiente para avalía-la xestión global do Goberno e do Partido Popular, que recibiu do pobo galego a súa confianza a través da maioría absoluta, e ó que debemos igualmente render contas dentro do proceso constitucional e estatutario que se concreta na xa próxima renovación desta Cámara.

Antes de entrar no tema concreto que constituía o obxecto central deste debate, permitíranme as súas señorías que faga unhas breves reflexións sobre os acontecementos que se producen fóra do noso ámbito e que, evidentemente, nos condicionan e inflúen.

En primeiro lugar, debo destaca-los acordos de Maastrich e o cume de Edimburgo como expresión dun proceso difícil pero firme e constante cara á unidade de Europa. Esta unidade é un feito reversible e todo o noso esforzo deberá ir dirixido non só á defensa dos intereses estratéxicos de Galicia, na medida en que poidamos presenta-los nosos problemas e necesidades perante as instancias comunitarias, senón tamén á defensa dos principios básicos que poidan permitir no futuro a adecuada e necesaria participación das rexións, tanto na formación da vontade dos estados nos temas que afecten directamente ós seus intereses estratéxicos, coma en todo o relativo ó proceso negociador coa Comisión Europea, inte-

grándose para estes efectos os representantes das rexións na representación nacional correspondente.

Sobre este tema incidirei na última parte da miña intervención, pero quero apuntalo desde agora en canto a que a integración europea debe de ser sentida polos galegos como un proceso non só irreversible, senón tamén beneficioso para o noso futuro, como garantía de competitividade e expresión da solidariedade de Europa coas rexións máis desfavorecidas, que aspiran lexitimamente e co seu esforzo e sacrificio, a incorporarse ó conxunto das mais dinámicas e prósperas. Europa é o noso futuro e constitúe á vez o noso desafío.

Todos sabemos como se fixo a integración europea, sen ter en conta a defensa dos nosos intereses estratéxicos. Hoxe tócanos a todos o labor difícil, pero irrenunciable, de ir corrixindo os factores negativos que trouxo consigo a integración e de iles substituíndo por factores de integración, de cohesión e de competitividade.

O escenario mundial móvese con extraordinaria rapidez, e ás veces sentimos unha sensación de vértixe, pero por riba dos acontecementos inmediatos vaise consolidando unha liña permanente e firme: o avance imparable da democracia e o derrubamento dos totalitarismos, especialmente no leste.

O afundimento do comunismo foi, non obstante, acompañado polo rexurdir dos nacionalismos exacerbados. A destrución de Iugoslavia, as loitas internas e a presión brutal sobre o pobo bosnio recórdano-los peores momentos de épocas pasadas e expresan como a intolerancia e a falta de diálogo e de xenerosidade poden destruí-los pobos e enfronta-los irmáns.

Europa nunca se constituirá sobre etnias diferenciadas loitando entre si, senón, polo contrario, a través da integración dos pobos e das culturas e a través da solidariedade da xusticia.

As recentes eleccións americanas viñéronnos recordar que os pobos apostan polo futuro, por moitos sacrificios que esixa, e que só cunha actitude dinámica, aberta e asumindo riscos se pode facer fronte ós grandes retos mundiais.

E desde Galicia, ¿cal é a nosa función e onde nos debemos situar? Nesta análise debemos partir, coma sempre, da realidade, de Galicia como unha das 171 rexións europeas, periférica, con respecto ós grandes eixes económicos e de riqueza, con importantes déficits infraestructurais, cunha economía que estaba sustentada especialmente sobre o sector público, cun sector agrario concorrente coas rexións centrais europeas, cunha menor competitividade nun marco de excedentes de produción, cunha política comunitaria restrictiva e cun sector pesqueiro que debe afrontar-la súa reestructuración e a protección dos recursos como eixe da política comunitaria.

¿Como afrontar estes retos? En primeiro lugar, afirmando a nosa propia identidade. Galicia constitúe a nosa razón de ser e o noso orgullo, o orgullo de seren galegos e a nosa capacidade de afrontar-los grandes retos que condicionan o noso futuro depende sobre todo da nosa vontade, do noso traballo, e do noso esforzo, do noso sacrificio.

Só prosperan os pobos que cren en si mesmos e que son capaces de asumir-los sacrificios que sexan precisos para constituír un futuro para si mesmos e para os seus fillos.

A nosa tenacidade, espírito de traballo e sobriedade deben ser complementadas pola capacidade de innovación, pola innovación das nosas estruturas e pola valentía de asumir un futuro cambiante e esixente.

Este futuro só se poderá afrontar se nos o enraizamos nas nosas orixes, no noso ser cultural, no noso idioma e na historia, e a partir de aí, podemos ser capaces de mirar con valentía o futuro e os riscos que debemos afrontar.

Pero non debemos esquecer que somos ó tempo galegos e españois, que España non só é unha entidade política na que estamos abranguidos, senón que a nación española constitúe a patria común e indivisible de todos. Galicia e España son os nosos referentes e a nosa razón de ser. A nación española e a nosa nacionalidade son inseparables e só poderemos falar de futuro sentíndonos á vez orgullosamente galegos, españois e tamén europeos e universais.

Cando en febreiro de 1990 tiven a honrra de asumir a dirección do Goberno de Galicia tiña presente claramente dúas cousas: unha, ou que Galicia asumía xa o camiño do progreso ou que quedaría atrasada para sempre. E, dúas, que só se podería falar de futuro se eramos capaces de romper-las barreiras físicas e tecnolóxicas que estrangulaban o noso desenvolvemento.

O proceso de integración de España na Comunidade Europea, que se consagra xuridicamente en 1986, enfrontábanos cunha nova realidade que vai modificar profundamente tódolos nosos equilibrios económicos e que nos esixe, sobre todo -agora xa en vigor o mercado único- a adaptación das nosas estruturas productivas a un mercado aberto e profundamente competitivo.

O dilema só ten dúas solucións: a adaptación a este novo escenario e a reestructuración do noso sistema productivo ou a desaparición como ente económico propio e a condena ó subdesenvolvemento. Este reto venos imposto. Quizais non era o mellor momento, pero a realidade está aí e debemos afrontala.

¿Como facer fronte a este desafío? Existía un única posibilidade para comenar: a ruptura do noso illamento. Se non conectabamos Galicia co exterior e non achegabamos enerxía barata e suficiente sería unha va ilusión calquera iniciativa que conducise a Galicia cara á modernidade.

Toda lexislatura estivo marcada por este esforzo: Autovías, gas natural, electrificación rural, Plan de estradas, solo industrial e residencial, rede de telecomunicacións e de telefonía rural concretan as bases desa política e expresan e cuantifican o maior esforzo que fixo nunca unha comunidade autónoma para o reducido marco dunha lexislatura, resituarse, abandonando o malo do pasado e mirando claramente cara o futuro.

Con toda xusticia debo dicir que este esforzo foi solidario. Debo procama-la leal colaboración do Goberno central, que asumiu con valentía a conversión en realidade do acordo asinado por min co ministro Sáenz de Cosculluela o 28 de novembro de 1990. Esta data é o inicio dunha nova andaina para Galicia que, a partir deste momento adquire xa importancia en si mesma.

No verán dese mesmo ano conseguiremos rachar outro dós círculos infernais que nos atenzaban: os incendios forestais. Cun enorme esforzo e cunha nova organización, sen escatimar medios materiais, puidemos demostrar que Galicia tiña capacidade e enerxía para sobrevivir e que ninguén podería detela.

Mencionei estes fitos porque cosntituiron o principio dun camiño, o inicio dunha andaina que proseguimos durante estes tres anos e que continuaremos ata o fin da lexislatura e máis adiante, se o pobo galego nos outorga de novo a súa confianza.

Nos documentos anexos que se lles distribuirán ás súas señorías, figuran, con todo detalle, todas e cada unha das accións realizadas e en curso de execución pola Xunta de Galicia e como dato de referencia a comparación de acción en promedio co realizado en 1989 para poder apreciar, se é o caso, a distinta intensidade da súa execución.

Este balance da lexislatura constitúe unha rendición de contas ó que estamos obrigados e ó que me referiréi a seguir, glosando os aspectos máis significativos nas distintas áreas nas que estruturámo-la actividade do Goberno de Galicia.

• INFRAESTRUCTURAS E MARCO FÍSICO

Plan de estradas.

Nunha análise sectorial e estratéxica das infraestructuras necesarias para o desenvolvemento debe colocarse en primeiro lugar a mellora da rede viaria.

De nada servirían os acordos xa mencionados co Goberno Central se non se articulasen e engastasen na rede troncal os eixes autonómicos que articulan e que canalizan o tráfico.

En 1991 o Consello da Xunta aproba o Plan de estradas para o período 1991 2000 cun investimento total de 273.000 millóns de pesetas, o que representa sobre 1989 un incremento medio en todo o período do 95%, case o 100%.

Hoxe estamos vendo a realidade deste plan e en calquera punto da nosa xeografía pode verse o gran esforzo que estamos facendo para vertebrar Galicia. Os grandes eixes da Coruña-Cee, Cee-Ribeira, Lugo-Costa interior, Ribadavia-Cea, norte-sur, A Gudiña-A Rúa; e as vías de alta capacidade: a autoestrada A Coruña-Laracha, o corredor central Lalín-Monforte, a vía rápida do Salnés, Ferrol-San Sadurniño, acceso ó Barbanza, vía rápida de Val Miñor, Bande-Cangas, o programa transfronteirizo con Portugal, a Mariña luguesa, a Fonsagrada, o Deza, e a restauración do Camiño de Santiago, todos eles en obras, constitúen a expresión dunha realidade gozosa e a mellor garantía do noso futuro.

Rían, rían, xa se rirá o pobo galego de vostedes.

Infraestructura portuaria.

O seu obxectivo é claro: favorece-lo desenvolvemento económico e a calidade de vida na costa galega.

Diques de abrigo, peiraos, lonxas e outros edificios para facilita-la comercialización, obras complementarias e portos deportivos, constitúen a expresión dunha política clara co obxectivo de mellora-la seguridade da flota pesqueira e a súa produtividade e favorece-lo desenvolvemento do turismo náutico.

A Guarda, Palmeira, Sada, o Celeiro, Burela, Portosín, Miño e Camelle viron incrementados os seus portos de abrigo.

A Pobra do Caramiñal, Cedeira, Burela, Laxe, Portocubelo, Fisterra, O Grove, Portosin, Ribadeo, Portomouro, Ribeira e Cabo de Cruz, viron incrementados os seus peiraos ou explanadas.

Malpica, Camelle, o Son, O Xestal, Baiona, Espasante, Cesantes, Arcade, Foz, Cariño, Aguiño, Portosin, Bueu, Canido, Cangas, Ribeira e Palmeira viron melloradas as naves para as redes, explanadas, naves ou departamentos para mariñeiros, instalacións de frío etc.

Ribadeo, Camariñas, Baiona, Barizo, Palmeira, Ribeira, Bueu, Pontecesures, Tragobe Sada, Arou, Meira e Celeiro viron como se construían

pantaláns, camiños de acceso a ramplas, ou se realizaban dragados para mellor servizo ó marisqueo e ós cultivos mariños.

Este esforzo supón o mantemento do volume de investimento do período anterior -tomando cojo referencia o ano 1090- en diques de abrigo e lonxas, e un incremento do 279% en materia de fondeadoiros, ramplas, dragados, etc., cun investimento total na lexislatura de 12.260 millóns de pesetas.

Infraestructuras enerxéticas.

A electrificación rural e o gas natural, constitúen o presuposto de calquera proxecto serio de industrialización.

A transformación do noso agro é imposible se non se dispón da enerxía suficiente e o gas natural pode facer competitivas en Galicia actividades industriais que sen esta fonte de enerxía non o serían.

O investimento de 37.000 millóns de pesetas no programa MEGA de electrificación nesta lexislatura expresa a realidade dunha política e a expresión dun tremendo esforzo que supón no cuatrienio un incremento medio do 468%, case o 500%, sobre o investido en 1989.

Os 8.400 millóns que se investirán na infraestrutura de regasificación, transporte e distribución de gas natural expresan unha nova vía que emprende Galicia de cara ó seu futuro.

Telecomunicacións.

As infraestructuras de telecomunicacións son fundamentais tanto para o desenvolvemento económico coma para a integración social, singularmente neste último caso, as que aseguran a cobertura de radio e televisión galegas, como instrumentos básicos da expansión do noso idioma e da nosa cultura.

Neste aspecto o esforzo foi especialmente importante nesta lexislatura, pasando de 16 reemisores da Radio galega a 25 e de 56 reemisores da Televisión galega a 99, ó que se une a instalación de 300 reemisores rurais que se instalarán neste ano conseguindo unha cobertura practica-

mente total do noso país, cun investimento de 1.022 millóns de pesetas.

Como acción nova destacaríase a "Rede Trunking", rede de radio-telefonía móbil da Xunta de Galicia, que entrará en funcionamento con carácter inmediato nas provincias da Coruña e Pontevedra, e en instalación nas provincias de Lugo e Ourense, cunha cobertura ó final do período de preto de 85% do territorio da nosa Comunidade.

Esta rede permite integrar tódolos servizos móbiles da Administración nunha única rede, podendo conectarse coa rede telefónica. O investimento ascende a 493 millóns nesta lexislatura.

Hai que engadi-lo servizo RDS, de transmisión de datos da radio, a través da Radio galega, para recepción e sintonía automática da Radio galega na Comunidade, envío de mensaxes de tráfico e avisos de protección civil; a posta en pé dun servizo de radio-busca; a mellora das infraestructuras de TVG-Radio en Vigo na Coruña e o novo edificio de servizos múltiples en San Marcos.

Este conxunto de accións supoñen unha posta ó día das infraestructuras dos nosos medios públicos de comunicación.

Telefonía rural.

Quixera determe na colaboración absolutamente fructífera e con pactos globais da Comunidade Autónoma coa Compañía Telefónica Nacional de España.

Telefonía rural, rede de voz e datos, telecomunicacións nos parques empresariais, RDSI, Camiño de Santiago, etc, constitúen os puntos nos que se concreta esta colaboración que sitúa a Galicia á cabeza das comunidades autónomas nun sector tan estratéxico como é o das telecomunicacións.

Na telefonía rural o avance é espectacular. No convenio fíxase a obriga da Compañía Telefónica de instalar 107.000 novas liñas telefónicas entre 1992 e 1994, con investimento global de 44.669 millóns de pesetas dos que a Xunta de Galicia, achega 10.000 millóns.

En virtude dese convenio, calquera galego pode acceder ó servizo telefónico con iguais custos e prezos ca unha gran cidade, e significa a fin do illamento no que vivían moitos dos nosos paisanos, sobre todo os situados nas zonas máis desfavorecidas.

Este plan, como saben, xa está en plena execución. O investimento efectivo ata fin de ano é de 5.121 millóns a cargo da Xunta de Galicia, cunha media anual na lexislatura de 1.280 millóns, o que supón un incremento sobre o investimento do 1989 do 1.185 %.

Solo industrial.

Xa acabou o entroido, señores.

A dinamización económica de Galicia só é posible se conseguimos, ademais de eliminar as barreiras infraestructurais e dispoñer da enerxía barata suficiente, contar con espazos para a colocación de industrias e dotar dos servizos correspondentes a un prezo competitivo.

Ó remate da presente lexislatura, o Instituto Galego da Vivenda e do Solo terá adquirido máis de 8 millóns de metros cadrados de solo empresarial terciario, cun investimento de máis de 13.300 millóns de pesetas.

Teño que subliñar perante esta Cámara que esta acción se inciou no 1990 sen que nos anos anteriores se investise unha soa peseta nin se adquirise un só metro de solo empresarial ou terciario.

Como acción singular destacaríase o Parque Empresarial de Galicia en Ourense, que ten que se converter no motor do desenvolvemento industrial da provincia e os parques ofimáticos da Coruña e de Vigo, de especial importancia para o sector terciario.

Desenvolvemento rural.

Dentro das infraestructuras físicas ten unha especial importancia para o noso sector primario a concentración parcelaria. Esta acción vénse realizando desde o principio da Autonomía, xa que tódolos gobernos son conscientes de que só se pode racionaliza-lo noso campo rompendo o minifundismo.

O que pode destacar como singular acción do noso Goberno é a maior intesidade e a prioridade de que se lle deu á consecución deste obxectivo, tanto no se refire a finalización da concentración nas zonas en que o proceso se levaba lentamente ou estaba atrancado coma na declaración de novas zonas.

Nesta lexislatura concentráranse máis de 120.000 hectáreas, cunha media anual de 30.000, o que supón con respecto ó 1989, en que se concentraron 3.158 hectáreas, un incremento do 955%.

O obxectivo do noso Goberno é continuar a este ritmo, intensificando aínda máis a acción co fin de lograla concentración de 35.000 a 40.000 hectáreas anuais, ata chegar ó obxectivo de acadar 600.000 hectáreas concentradas no ano 2.000.

Formación e capacitación agraria.

As accións directas ou as infraestruturas físicas. deben ir acompañadas dun proceso paralelo de formación do noso potencial humano.

Construíranse dúas novas escolas de capacitación agraria e lográrase a asistencia de máis de 10.000 agricultores por ano ós diversos cursos organizados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, cun incremento medio de investimento na lexislatura sobre o 1989 do 286%.

Medio ambiente.

A sensibilidade e o grao de avance dunha sociedade mídense pola súa preocupación polo medio ambiente. Dentro das accións realizadas na lexislatura, no aspecto concreto e das infraestruturas e actuacións directas sobre o medio, podemos destaca-las seguintes:

Lei de pesca fluvial, normativa básica para unha boa xestión do patrimonio piscícola, Plan de recuperación dos ríos troiteiros, que actuará principalmente sobre as doce concas fluviais máis interesantes desde o punto de vista da súa vocación troiteira, Plan de recuperación do salmón atlántico; proxecto ACNAT para a conservación do oso pardo; Declaración de parques naturais protexidos de Corrubedo e lagoas de Ca-

rregal e Vixián, así como a inclusión do mesmo nas zonas húmedas do convenio internacional RAMSAR; Plan de ordenación de recursos naturais dos Ancares, Baixa Limia, serras de Queixa-Invernadoiro, Rías de Ortigueira e Ladrado, complexo húmido do Grove-A Lanzada-Punta Carreirón, fraga do Eume, encoro de Cecebre e ampliación do parque natural das illas Cíes á de Ons.

En caza, a ampliación das granxas cinexéticas de Dodro, Cotorrendondo e O Veral, a construción xa iniciada dunha nova en Castro de Rei e o Plan da reintroducción da caza maior que está en pleno trámite, en plena realización, (cervos, rebezos, muflóns e tamén cabra montesa).

Na potenciación da educación ambiental, hai que destaca-la marcha do Centro de Interpretación Mariño-Litoral de Corrubedo, o Centro de Interpretación fluvial de Chelo (A Coruña), o Centro do Parque Natural das illas Cíes, o Centro de Interpretación da Natureza en Siradellas, (Pontevedra), a Aula da Natureza dos Ancares e a Aula da Natureza de San Mamde (Ourense).

Na protección do medio ambiente merece mención á parte a protección e loita contra os incendios forestais. Esta foi a primeira grande acción abordada polo Goberno galego nos meses inmediatos á toma de posesión.

O esforzo foi intenso e sen acougo, pero os resultados pagaron a pena. De 205.392 hectáreas queimadas no 1989, das que 93.116 foron superficie arborizada, pasouse en 1992 a 12.326 hectáreas das que só 2.768 foron superficie arborizada.

En termos porcentuais, en 1992, reducíronse as hectáreas totais queimadas sobre 1989 nun 1.566%.

Estes resultados foron froito da conxunción de varios factores:

-Creación dunha organización operativa.

-Incremento da dotación de defensa contra o lume.

-Crecente resposta solidaria da sociedade galega diante do problema dos incendios forestais.

-Maior coordinación no esforzo conxunto de tódolos organismos implicados na loita contra o lume en Galicia.

Riqueza forestal de Galicia.

Gracias ó éxito da loita contra os incendios, hoxe pode pensarse nunha política forestal que se está a converter nunha realidade cunha cuádruple dirección:

Establecemento dun novo modelo de monte.

Incremento da produción forestal.

Capitalización do monte.

Mellora dos servizos de xestión e protección do monte.

Entre as accións destacan a produción de planta de boa calidade e a mellora xenética; reforestación de zonas rasas e queimadas; a creación de infraestruturas; a defensa contra as pragas e a extensión e divulgación forestal.

O medio ambiente industrial.

Non se pode falar de medio ambiente industrial se non se afronta con seriedade a eliminación de residuos industriais xerados polo tecido industrial galego.

O Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia, xa adxudicado e de construción inmediata no Concello de Somozas, constitúe a acción responsable que o Goberno de Galicia acomete para resolver este problema. O centro, cun investimento de 2.300 millóns de pesetas, dos que 500 están presupostados neste ano, ten as máximas garantías, que se concretan na declaración favorable ó impacto ambiental, aprobada pola Comisión Galega de Medio Ambiente recentemente publicada no DOG.

Este centro ten por obxectivo tratar e eliminar-lo 85% dos residuos industriais xerados polas industrias de Galicia, o restante 15%, trátase, de acordo co marco previsto, no Plan de residuos tóxicos e perigosos do MOPU.

Citarei tamén, pola súa transcendencia, a eliminación controlada de aceites usados. En 1.992, conseguimos eliminar 9.200 toneladas que antes eran vertidas ó chan, ás rías, ó mar ou queimadas incontroladamente.

Residuos sólidos.

O Consello da Xunta, o 16 de xaneiro do 1992, aprobou o Proxecto de xestión de residuos sólidos urbanos. Para a posta en marcha deste consello creouse en abril do mesmo ano a Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA), a cal, logo da realización xa efectuada dun concurso de solucións tecnolóxicas, baixo a supervisión dun comité científico e técnico, que co apoio da COTOP está constituído por catedráticos especialistas da Universidade de Compostela, procederá con carácter inmediato á licitación pública das instalacións do Proxecto de xestión de residuos sólidos urbanos; é dicir, das plantas de tratamento e reciclado e mais da planta de eliminación de residuos e de produción da enerxía eléctrica. As bases do prego serán obxecto de dictame especial pola Comisión Galega de Medio Ambiente, así como a solución tecnolóxica concreta que se seleccione no concurso público que se espera que poida ser adxudicado antes do verán.

En canto ó medio ambiente mariño, podemos citar igualmente como accións infraestruturais o Proxecto de recuperación do Cabo Silleiro, cofinanciado polo programa NORSPA da Comunidade Económica Europea.

Outras infraestruturas.

As infraestruturas hidráulicas concretados no abastecemento de auga ás poboacións, saneamento e tratamento de augas residuais, mellora de presas para o abastecemento, saneamento das vías, canalización e defensa de enchentas, tiveron tamén un impulso especialmente importante na lexislatura.

Abonde con destacar que, fronte ós 9.261 millóns de pesetas que se gastaron en obras hidráulicas no bienio do 1988-1989, o investimento no cuádrenio 1990-1993 é de 36.000 millóns de pesetas, cun incremento medio anual do 94% sobre o 1989.

Dentro deste capítulo destacaríase a acción de saneamento das rías, nas que se investiron 1.100 millóns de pesetas no bienio 1988-1989, fronte ós 8.875, que se investirán no cuatrienio 1990-1993. Malia o enorme esforzo realizado, queda moito por facer, certamente, en especial a posta en pé dun plan de saneamento para toda Galicia e maila integración do Plan de Galicia-costa no Plan hidrolóxico nacional, co obxectivo prioritario de conseguilo aproveitamento integral do recurso na súa respectiva conca.

Infraestructura en transportes.

Nesta área o proceso investidor centrouse no remate das estacións de autobuses de Ponteareas, Vilalba e Viveiro e no inicio das de Lalín e Noia, xunto ás accións de menor importancia cuantitativa, como a aplicación de marquesiñas cun investimento de 1.137 millóns de pesetas, ou a supresión de pasos de nivel por importe de 695 millóns de pesetas.

Debo destacar que nesta área o investimento medio na lexislatura é de 785 millóns de pesetas e que supoñen, neste caso, unha diminución, por unha vez, do 11%; feito que é obrigado mencionar.

Infraestructura sanitaria.

A asunción de competencias sobre a sanidade permitiunos planificar as infraestructuras sanitarias de acordo coas nosas propias prioridades, dentro dun marco financeiro rigoroso, pero co obxectivo de correxírmolos déficits que os indicadores sanitarios nos revelan, co fin de equilibra-la asistencia sanitaria en tódalas áreas demográficas da nosa Comunidade.

As obras xa iniciadas no hospital comarcal de Verín, e o inmediato comezo do novo hospital clínico de Santiago, dos hospitais do Barbanza e do Salnés, e o término do proxecto do hospital da Costa da Morte, constitúen a expresión dunha vontade decidida a corrixi-lo déficit das instalacións sanitarias.

Debo destaca-lo hospital clínico de Santiago, cun investimento superior ás 10.000 millóns de pesetas, dotado con 793 camas, 20 quirófanos, 25 salas de diagnóstico por imaxe, 3 salas de parto, 29 locais a atención de urxencias, etc.

En obras de reforma, reparación e dotación de maquinaria e material para hospitais construídos investíranse 9.000 millóns de pesetas nesta lexislatura.

Cómpreme destacar igualmente o remate e posta en funcionamento do Centro de Especialidades do Ventorrillo (A Coruña) e máis da do arquitecto Marcide (Ferrol), do Instituto Galego de Oftalmoloxía e do Centro de Hemodoación de Santiago.

En atención primaria, construíronse 161 novos centros de saúde, que, cos 23 que se terminarán neste ano, completarán un total de 184 na lexislatura.

Por último, debo sinala-la ampliación e mellora do equipamento informático, tanto nos servizos centrais coma nos hospitais da rede sanitaria.

O investimento total en infraestructura sanitaria desde o primeiro de xaneiro do 1991 ata fin deste ano ascende a 16.793 millóns de pesetas, o que dá unha idea do enorme esforzo que estamos a realizar.

Infraestructura educativa.

A implantación da LOXSE implica a necesidade de que a creación de centros educativos que permitan combina-la ampliación do ensino obrigatorio ata os 16 anos, coa potenciación da Formación Profesional e a súa adaptación ás necesidades do mercado de traballo.

Este fenómeno contraponse, por outra parte, coa diminución -preocupante baixo outros aspectos- da poboación escolar na EXB, que descendeu en case 50.000 rapaces durante a presente lexislatura, o que deu lugar a unha nova concepción de centros cunha menor masificación e con talleres, laboratorios, espazos educativos precisos para o desenvolvemento integral do individuo.

Isto implicou a diminución do ritmo das construcións escolares en EXB, compensado por un fortísimo incremento en ensino medio e Formación Profesional.

No ensino universitario os investimentos na lexislatura, dentro do plan de financiamento das Universidades galegas, ascenden a 7.796 millóns de pesetas. Debo citar igualmente o centro de supercomputación, de inmediata posta en funcionamento, resultado dun convenio co Consello Superior de Investigacións Científicas, que lles permitirá ás universidades galegas contar cun ordenador vectorial de inapreciable valor para a investigación científica.

Como apoio á xestión, foi posto en funcionamento o SESGA (Servicio de Apoio ó Sistema Universitario de Galicia), para a xestión académica das tres universidades e para a prescrición e selección de alumnos baixo o principio de distrito único.

• CREACION DE RIQUEZA DE EMPREGO

Política económica.

A reconversión do sector naval e as consecuencias que produciu no sector industrial de Galicia, fixeron patente a todos a debilidade do noso sistema industrial. A incorporación de España ó Mercado Común e as restricións que supuxo para o desenvolvemento económico do sector agroindustrial, fixéronnos ver a necesidade dun cambio de estratexia, e a esixencia dunha nova política económica que tiña que ter por eixes necesariamente: a competitividade, a integración do noso sistema económico no exterior e o aproveitamento das nosas vantaxes diferenciais.

Fronte á tentación do viciismo e de laio ou o reproche ós demais, pretendendo atricherarse mirando cara a atrás, a política económica do noso Goberno foi moi clara.

En primeiro lugar, xa falei da ruptura de dotación da enerxía a precios competitivos.

Inmediatamente despois e non antes -xa que isto sería ilusorio- houbo que iniciar o camiño de conexión co exterior na dobre vía de atención de investimentos cara a Galicia e de exportación de produtos galegos.

Isto esixe tamén a elección dun determinado modelo de desenvolvemento. Galicia aposta po-

la pequena e mediana empresa, con series reducidas e produtos diferenciados por calidade e marca, pero coa dimensión suficiente para chegar a determinados segmentos dos mercados europeos internacionais.

Diferenciación, calidade e competitividade, aproveitando o noso potencial endógeno, deben, pois, constituí-los eixes do noso desenvolvemento.

De aí o Plan de Solo industrial, con máis de 90 parques empresariais; o Plan de desenvolvemento comarcal, para detectar as iniciativas viables de desenvolvemento local e a creación dun ente específico, o IGAPE, que terá como misión substancial:

- Promover, fomentar e potenciar aquelas actividades económicas que favorezan o desenvolvemento equilibrado e integrado da Comunidade Autónoma.

- Promove-la creación de empresas, especialmente pequenas e medianas, naqueles sectores da actividade económica que teñan maior impacto e vantaxes comparativas para o desenvolvemento da economía galega.

- Favorece-la modernización e innovación tecnolóxica e organizativa das empresas e, en particular, das pequenas e medianas.

- Fomenta-lo desenvolvemento da relación científica e tecnolóxica entre os centros universitarios, técnicos de iniciación e as empresas.

- E, por último, promover actividades creadoras de emprego que utilicen máis racionalmente os recursos propios de Galicia.

A actuación do IGAPE, creado en xullo do 1992, e que iniciou as súas actividades en xaneiro deste ano, desenvólvese a través dos seguintes programas:

- Programa financeiro.

- Programa de acción exterior.

- Programa de competitividade.

- Programa de formación.

Na súa primeira actuación, o IGAPE flexibilizou a aplicación do programa de apoio financeiro ás PEMES e redifiníronse os seus obxectivos e mecanismos de actuación, de acordo coa filosofía que inspira a creación deste ente, vital para o desenvolvemento de Galicia e que ten unha dotación inicial de 6.650 millóns de pesetas.

Outra liña de acción vai dirixida a diminuí-los desequilibrios intraterritoriais en infraestruturas básicas de carácter local e a facilitarlles ós pequenos municipios a utilización dos créditos do FEDER, que esixen cofinanciamento das corporacións locais, que non sempre son capaces.

Concrétase no Fondo de Cooperación Local, que sufriu unha profunda reestructuración en 1991 e que acentuou o seu carácter redistribuidor en favor das provincias do interior, con mecanismos obxectivos de asignación de recursos e unha grande flexibilidade e axilidade na súa execución.

A dotación do Fondo mantívose uniforme en toda a lexislatura con 3200 millóns de pesetas anuais.

Cómpre mencionar igualmente o Fondo de Compensación Interterritorial, que, como consecuencia das negociacións levadas a cabo pola Consellería de Economía, viu elevado o seu importe en 1993 en 5000 millóns de pesetas con respecto á dotación de 1992, e os programas operativos FEDER, que contribuíron ó financiamento de accións infraestruturais a cargo das distintas consellerías.

Industrialización

A estratexia de industrialización de Galicia responde ós parámetros que sinaléi anteriormente ó referirme á política económica.

Somos conscientes de que a renovación do tecido industrial debe facerse de forma paulatina, polo que os esforzos se canalizaron tanto ó mantemento dos sectores tradicionais de actividade, en tanto isto sexa posible, como á xeración do novo tecido industrial que responda ós retos do futuro.

Partindo das infraestruturas tanto enerxéticas coma de comunicación da posta en pé de

forma progresiva dos parques empresarias, e de forma singular do Parque Empresarial de Galicia xa comentado e mais dos grandes parques ofimáticos da Coruña e Lugo, debo dicir que os esforzos se canalizaron cara ó fomento da investigación e da Formación Profesional, así como de cara á dinamización da área de Ferrol a través dun plan especial.

Debe destacarse igualmente o apoio ó sector naval a través do programa dirixido a subvencionar-la construción e reparación de todo tipo de buques construídos en estaleiros galegos, ou o convenio con PYMAR na mesma dirección.

O fomento da artesanía foi unha liña de acción singular que se apoiou especialmente na Lei 1/1992, de artesanía de Galicia, e no conxunto de accións que se desenvolverán con carácter inmediato para converte-la artesanía galega nunha peza importante do desenvolvemento económico.

Fomento de emprego

A transferencia da formación ocupacional do INEM a Galicia, producida con efectos do 1 de xaneiro de 1993, vén situar en mans do Goberno de Galicia un instrumento fundamental para o noso desenvolvemento.

A competitividade das empresas e o incremento da produtividade depende, en gran medida, dunha forza laboral eficiente e ben formada.

O crédito global previsto para accións de formación -7.700 millóns-, comparado cos fondos destinados en 1989 a esta finalidade -200 millóns- expresa a nova capacidade da Comunidade Autónoma para, a través deste programa, contribuír decisivamente ó desenvolvemento económico de Galicia.

O labor inmediato que realizar é a integración da formación regrada e da formación ocupacional nun sistema harmónico que atenda as novas necesidades que demandan as empresas e que combine a formación tecnolóxica e a flexibilidade -levan meses traballando nesto as consellerías de Educación e de Traballo-.

Han de considerarse igualmente as axudas á creación de postos de traballo, como medida específica de fomento de emprego, que seguiu a liña de anos anteriores, pero cun incremento moi importante na súa contía que ascende en 1993 a 1028 millóns de pesetas.

A estabilidade social constitúe un dos elementos básicos para garantir asemade a estabilidade das propias empresas e, en definitiva, a súa supervivencia.

Cómpre destacar, respecto disto, á parte da constante política de concertación con resultados positivos, o acordo logrado no marco do Consello Galego de Relacións Laborais sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo, que debe ser completado con outro de igual natureza, para solucionar os conflitos individuais.

Producción agroalimentaria e gandeira.

Todos somos conscientes de que o futuro do sector primario en Galicia pasa por un sector lácteo moderno cunha estrutura empresarial e capaz de competir en rendemento, precio e calidade coas explotacións francesas, alemanas ou holandesas.

Isto esixe unha profunda transformación das nosas explotacións, utilizando ó máximo os instrumentos comunitarios.

En función desta política, incrementáronse eses volumes cuantitativos de axuda para a modernización integral de explotacións e púxose unha énfase especial na utilización de medios en común en catro liñas de acción:

- Uso en común de factores de produción.
- Axudas de contratación de técnicos para a xestión de explotacións.
- Subvencións á adquisición de material xenético seleccionado.
- Mellora da calidade do leite (testaxes, control da maquinaria de muxidura, capacitación de persoal etc.)

Así mesmo, desde 1990 desenvolveuse un programa para que as explotacións leiteiras galegas reciasen as súas propias xovencas coas vantaxes conseguintes.

No sector da industrialización o obxectivo é claro: unhas industrias lácteas modernas e competitivas que transformen todo o leite producido en Galicia e que teñan unha presenza importante nos mercados nacionais.

Nesta liña, as subvencións a proxectos de creación, modernización e reestructuración de industrias lácteas ascendería a 5.217 millóns de pesetas, cun incremento medio anual sobre 1989 do 300%.

Queda por cerra-la formación dun grupo lácteo galego que agrupe especialmente o sector cooperativo, ó que a Xunta de Galicia lle está prestando o máximo interese. Declaro de novo a vontade do meu Goberno de apoiar, con toda enerxía, a súa constitución, sempre que o sector sexa consciente de que o seu futuro pasa pola integración seria e responsable pola posta en común dos esforzos e iniciativas e de que as pequenas unidades non poderán resistir a competencia dos grandes grupos nacionais e multinacionais.

Teño que facer unha mención especial á campaña de saneamento gandeiro, presuposto dunha política leiteira. Foi este un obxectivo claro de tódolos gobernos de Galicia. Nesta lexislatura deuse o último impulso que permitiu pasar do 83,3% de explotacións saneadas en 1989 a case o 95%, superándose os obxectivos marcados entre o MAPA e a Comunidade Autónoma. O investimento neste programa foi de 10.322 millóns na lexislatura.

Pode dicirse que hoxe Galicia presenta inmejorables condicións no aspecto sanitario, estando conseguida a erradicación da peste porcina clásica e mais da africana; a ausencia de febre aftosa e a non aparición de ningún animal positivo á perineumonía e a práctica erradicación da brucelose.

Debo destacar igualmente, na liña da mellora da calidade, o Plan integral de mellora xenética e o control individual do rendemento leiteiro que afectará inicialmente a 50.000 vacas, sendo

a súa extensión un obxectivo estratéxico claro para a transformación do sector vacún.

No sector agroindustrial (excluído o sector lácteo) subvencionáronse proxectos de creación, modernización e ampliación de industrias agrarias por 6.105 millóns de pesetas, especialmente na área de industrias cárnicas e vinícolas.

Esta acción contéplase como apoio á comercialización cun investimento no cuadrienio de 1.032 millóns de pesetas, o que supuxo un incremento anual medio sobre 1989 de case o 100%.

Esta comercialización debe repousar sobre unha calidade recoñecida e estable.

As accións estratéxicas concretáronse en:

-Protección da calidade a través dos consellos reguladores. Funcionan nestes momentos consellos reguladores de denominación de orixe para tres produtos; un órgano rector de produto galego de calidade (5 produtos) e un consello regulador de denominacións específicas (1 produto).

Están en proceso de posta en funcionamento para cinco novos produtos os correspondentes consellos reguladores.

-Promoción da calidade a través da existencia a feiras nacionais e internacionais, campañas específicas, semanas e quincenas provinciais en grandes superficies, campañas publicitarias baseándose na imaxe de personaxes famosos promocionando os nosos produtos, etc.

-Control e mellora da calidade apoiando os consellos reguladores a través de programas de investigación, estudos sectoriais, de mercado, etc.

Pesca, marisqueo e acuicultura

Quizais é neste sector onde mellor se pode apreciar-lo labor dunha lexislatura.

Os grandes obxectivos foron:

-Incrementa-la produtividade pesqueira promovendo o progreso técnico, o desenvolvemento

to racional da poboación pesqueira e a optimización dos factores de produción.

-Asegurar un nivel de vida adecuado ás comunidades pesqueiras.

-Estabiliza-los mercados.

-Asegura-la subministración de materias primas.

-Asegurar precios razoables ó consumidor.

Pero as principais accións que se puxeron en marcha para acadar estes obxectivos foron:

-Enche-lo baleiro lexislativo.

-A recuperación e preservación dos recursos.

-A renovación e modernización da flota e mais das industrias de transformación.

-A profesionalización do marisqueo e a súa evolución ó semicultivo.

-A erradicación do furtivismo.

-O control de calidade das augas.

-A posta ó día dos centros de formación e investigación e a creación dos novos centros.

Quixera determe, con breves pinceladas, en cada un destes aspectos.

O labor lexislativo foi profundo e esixente. A Lei de pesca de Galicia, en tramitación parlamentaria neste momento, constitúe o cumio dunha serie de disposicións legais plenamente vigentes e efectivamente aplicadas: Decreto regulador da actividade pesqueira das artes e aparellos permitidos; decretos de comercialización de produtos pesqueiros; Decreto polo que se establece un novo sistema de explotación marisqueira; Decreto de renovación de estruturas pesqueiras; de creación do rexistro de buques; de creación do rexistro de empresas haliolimentarias; de produto galego de calidade en pesca, marisqueo e acuicultura; Lei de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros e a Lei reguladora de confrarías de pescadores, esta última en trámite parlamentario.

O apoio á renovación e modernización da flota e á creación, modernización, ampliación e innovación tecnolóxica das industrias de transformación dos produtos da pesca e acuicultura supuxo subvencións por importe de 6.280 millóns de pesetas no último trienio, que supuxeron investimentos superiores ós 24.000 millóns de pesetas.

Prestóuselle un apoio especial á promoción dos produtos da pesca, marisqueo e cuicultura. Púxose en marcha un programa integral de información e informatización das lonxas e iniciouse un programa para o deseño de buques prototipo para a flota galega con 18 modelos.

A conversión do marisqueo nunha actividade económica baixo o principio de explotación racional dos recursos naturais foi un labor, -atrévome a dicir- titánico e tenaz.

A regulación en detalle do carné de mariscador e o establecemento do primeiro censo de mariscadores elabórase xa en 1990. O proceso concluírá neste ano co permiso de explotación e a determinación do número de mariscadores admisible en cada zona, o que permitirá falar xa do marisqueo como unha auténtica actividade profesional.

Quixera mencionar outras actuacións, como a regulación da extracción do percebe; a reordenación dos viveiros flotantes; os programas de acondicionamento de bancos marisqueiros; as sementeiras; o cultivo experimental de pectínidos; a limpeza e aproveitamento dos lodos procedentes das bateas ou o programa de prospección, análise e cartografado de macroalgas e ourizos.

Na recuperación e xeración de recursos cómpre mencionar especialmente os "paros biolóxicos" comenzados en 1990, primeira experiencia en España dunha acción decidida nesta liña e a rexeneración de bancos marisqueiros como os de: ría do Burgo, lombos do Ulla, saco de Fefiñáns, esteiro de Vilanova, bao do Grove, praia de Tragove, ensenada de San Simón, A Brenza, esteiro do río Anllóns, O Testal e río Abelleira.

Na mesma liña puxéronse tódolos esforzos na potenciación do Servizo de Inspección e Vixilancia Pesqueira, que viu multiplicados os

seus medios, o que se traduciu nunha inspección, por primeira vez, seria, rigorosa e eficiente que mereceu o eloxio expreso da Comunidade Económica Europea.

O control da calidade do medio mariño foi especialmente reforzado nesta lexislatura con tres redes de control:

- Detección e seguimento do fitoplancto tóxico.

- Calidade das augas.

- Control de biotoxinas en moluscos.

Esta acción diríxese a través do Centro de Control da Calidade do Medio Mariño de Vila-xoán, coa colaboración dos departamentos de Microbioloxía e Patoloxía das universidades galegas.

Por último, debo referirme á formación pesqueira e investigación. Teño que destaca-la remodelación do Instituto Marítimo-Pesqueiro do Atlántico da Escola Náutico-Pesqueira de Ferrol e a creación de novos centros como: a Escola Náutico-Pesqueira de Ribeira; o Instituto de Formación de Acuicultura da Illa de Arousa; a Aula de Seguridade e Supervivencia de Ferrol; o Centro de Investigación Marítima de Corón, (reestructuración); o Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo (reestructuración); o Centro de Experimentación e Acuicultura de Couso (reestructuración); o Centro de Calidade do Medio Mariño de Vialxoán e o Centro de Interpretación do Ecosistema de Galicia de Corrubedo.

Queda, certamente, moito por facer e estañe a dar xa os pasos nesa dirección: Plan de ordenación dos recursos pesqueiros e marisqueiros de Galicia; Plan de viabilidade da flota conxeladora e proposta de renovación da flota do Gran Sol, onde a Consellería lle ofrece a súa cooperación ó Goberno central para lograr facer posible a consolidación e mellora da nosa flota, ás que se suman o Plan de formación pesqueira e o Plan integral de salvamento e loita contra a contaminación, de especial actualidade nestes momentos e que se atopan en período de elaboración.

Comercio e promoción

As cámaras de comercio, como corporacións de dereito público, desempeñan un papel estratégico na promoción exterior dos nosos produtos. A Xunta de Galicia continuou a liña de apoio a estas institucións, en canto á dotación de infraestructuras e iniciou desde 1991 unha nova liña, a través de convenios, para apoiar o sector explotador.

O reto máis importante que debe afrontar o sector industrial galego é a súa apertura ó mercado exterior e, se ben os resultados son aínda absolutamente modestos, as cámaras demostraron a súa utilidade, conseguíndose artellar visións concretas. Chile, Alemaña, Rusia, México, foron protagonistas de misións comerciais galegas organizadas polas cámaras.

Outra acción singular no campo comercial foi o apoio a mercados minoristas e zonas peóns como instrumentos para a organización e potenciación do pequeno comercio.

As accións máis destacadas e ás que se dirixiron substancialmente os recursos económicos foron os recintos feirais e maila promoción comarcal. O recinto feiral de Cotogrande, en Vigo; o consorcio pro-feiras e exposicións cidade de Ferrol; as fundacións feirais de Silleda, Lugo, Ourense e a Estrada constitúen a concreción dun esforzo que supón un investimento pola Xunta de 3.488 millóns na lexislatura, cun incremento anual sobre 1989 do 3.459%.

A promoción comercial realizada directamente pola Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia merece igualmente ser destacada: a campaña "Galicia-Calidade" as sectoriais de xoiería, pedras ornamentais, téxtil-moda, produtos conserveiros e acuicultura, viños con denominación de orixe e pel fina, constitúen exemplos dunha acción na que se invisten 2.158 millóns, cun incremento medio anual sobre 1989 de 1.766%.

Turismo

As liñas da política turística que desde o principio da lexislatura se fixou o Goberno de Galicia céntrase nun só termo: turismo de calidade.

A evolución do sector vai claramente nesta liña. Así, nos tres últimos anos, pasouse dunha distribución ó 50% entre os grupos de hoteis, hostais, pensións e casas de hóspedes, a outra na que os hoteis creceron un 34%, mentres que o segundo diminuíu nun 0,53%, destacando tamén as obras de modernización nos establecementos máis prestixiosos.

A diversificación de ofertas é outro dos eixes básicos. Turismo verde, turismo rural, congresos e convencións, turismo náutico e balnearios, constitúen liñas que se están a potenciar por teren un clara proxección de futuro.

Algunhas liñas destas mencionadas son de especial complexidade pola necesidade de crear mentalidade empresarial e unha cultura específica na oferta, singularmente no turismo rural. Hoxe xa se pode falar dunha base seria: 16 proxectos en pazos, 65 casas de aldea e 8 casas de labranza constitúen o inicio dun sector claramente de futuro. A orde do 26 de febreiro de 1992, que regula esta modalidade de aloxamento, constitúe o instrumento básico que permitirá garanti-la calidade da oferta, acción á que debe engadirse a imaxe corporativa recentemente deseñada.

Con cargo o programa FEDER, de recuperación cultural, subvencionouse non só a restauración do patrimonio en rutas de interese turístico-cultural, senón tamén o sector de balnearios. As accións concretas en Baños de Brea -Vila de Cruces), Lugo, Baños de Molgas, Caldelas de Tui e Mondariz permiten dispoñer dunha base sólida sobre o que é fundamenta-la expansión do sector.

O turismo de golf constitúe unha das liñas de máis futuro. Sen embargo, a acción empresarial vese enfrontada ás veces a rexeitamentos absolutamente incomprensibles que poden faacer perigosa a súa consolidación, case sempre politizados. Fronte a Cataluña, onde os campos de golf se reciben como unha expresión dunha actividade económica claramente dinamizadora, algúns queren resucitar aquela fatídica campaña contra a autoestrada que tanto dano lle fixo a Galicia, utilizando agora os campos de golf como pretexto. (Si, ben se sabe quen foi).

Dedicóuselle unha atención especial ó turismo náutico, apoiando os clubs para equipamento náutico así como a dotación de instalacións flotantes de amarre.

O investimento da potenciación do sector turístico foi de 7304 millóns de pesetas na lexislatura, cunha media de incremento anual sobre 1989 do 137%, o que permitiu, entre outras moitas accións, a axuda á creación de 38 hoteis entre 1990 e o 1992, e o apoio á reforma doutros 85, a creación de 17 campings e a reforma de 9.

Unha atención especial, si señor, dedicóuselle ó Camiño de Santiago. O parador de Portomarín como acción propia -mentres se suprimía o que había polo Goberno socialista en Madrid en anos pasados- e o apoio dos novos hoteis en Sarria ou a hoxpedaría do mosteiro de Samos, Sobrado e Oseira son algunhas das accións realizadas.

A promoción turística constituíu o eixe fundamental da actuación en materia de turismo.

Novos folletos, os vídeos de Galicia: "Vén e volverás", que obtivo o primeiro premio na bolsa de Turismo de Lisboa; o novo vídeo presentado en Fitur 93, "Galicia o máis natural", publicacións, contactos con medios, xornalistas e escritores estranxeiros, etc., o noticiario turístico, o teléfono turístico, os novos guías de turismo recentemente acreditados, son outras tantas accións, ás que hai que engadirla participación nas feiras de turismo máis importantes de Europa, visitas a Galicia de "tour operadores" e axentes de viaxe estranxeiros, o congreso de axencias de viaxe de España, a convención Multicolor-Iberia, "workshops" e "showcares" no estranxeiro e, sobre todo, a recente creación da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia (Tour-Galicia), que asumirá a partir de agora o liderato da promoción turística e na que está representado o sector privado, todo isto implica un conxunto de accións que pouco a pouco comezan a dar-las seus froitos -fomos tres anos seguidos primeiro premio do pavillón autonómico- e que deben converter en poucos anos o turismo nun dos sectores estratéxicos unido a outros, para o noso desenvolvemento.

Xacobeo 93

Como xa saben as súas señorías, o Plan xacobeo 93, aprobado por esta Cámara, constitúe a expresión dun conxunto de accións que, baseándose na relevancia histórica e cultural do Camiño de Santiago e na celebración, despois de once anos, dun novo Ano santo no 1993, se dirixen tanto á recuperación física do Camiño e á atención ós peregrinos, como á atención á poboación local da área do Camiño e, en definitiva, á promoción deste Camiño como instrumento da promoción económica, social e turística de Galicia.

Consello Xacobeo, Real Padroado da Cidade de Santiago e, a nivel autonómico, a Xunta de Galicia, especialmente a través da Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno, promoven, estimulan ou protagonizan as distintas accións.

Como accións concretas nesta lexislatura realizadas pola Xunta de Galicia destacan:

- A rehabilitación do Camiño francés nas provincias de Lugo e A Coruña; a rede de albergues no Cebreiro, Hospital da Condesa, Cavor, Barbadelo, Ventas de Narón, Ligonde, Mato-Casasnovas, Melide, Santa Irene, Palas de Rei, Arzúa-Ribadiso, O Pino, Portomarín e Gonzar, no Camiño francés; Mondoñedo no Camiño do Norte e Tui, Pontedra, Padrón e Ruta de Francos no Camiño portugués.

- A ordenación do Monte do Gozo, concibido coma unha gran área de acollida, cunha superficie global de 600.000 metros cadrados, unha capacidade total de aloxamento de 5.000 persoas e un auditorio de 30.000 localidades.

- A subvención ós mosteiros de Samos, Sarria, Sobrado e Oseira para habilitación de habitacións para albergue; os convenios co Arcebispo de Santiago e mais coa Universidade e en colaboración co Concello e a Administración central a través do Consorcio da Cidade de Santiago, e a construción do Pazo de Congresos de Galicia e do pavillón multiusos do Sar.

Cómpre destacar igualmente que o programa de dinamización socioeconómica do Camiño, cos plans de animación e sensibilización da poboación; o Plan de artesanía; a rehabilitación de vivendas para turismo rural; a creación de elementos e produtos turísticos; os centros de ani-

mación e desenvolvemento e o programa de dinamización cultural e acontecementos deportivos, expresan e sintetizan un conxunto de actividades que permitirán situar Santiago ou Galicia no centro de actuación nacional e internacional durante 1993.

Desenvolvemento local e comarcalización

O obxectivo que se persegue é claro: a articulación de plans de desenvolvemento de ámbito comarcal que integran a acción das administracións públicas que teñan competencias na área de que se trate, para logralo desenvolvemento económico e a ordenación do territorio e do medio ambiente.

Por acordo do Consello da Xunta do 9/1/91 iníciáanse os traballos nas comarcas de Ordes, Terra Cha, Valdeorras e O Deza, ampliadas por acordo do 16/6/1992 a oito novas comarcas: Bergantiños, Ortegal, A Fonsagrada, Terra de Lemos, O Carballiño, Celanova, Pasadante e Taboas-Terra de Montes.

No próximo mes serán aprobados polo Consello da Xunta os plans definitivos daquelas catro primeiras comarcas e antes de fin deste ano rematarase a redacción das oito restantes, iniciándose igualmente en 1993 o estudo destas oito novas comarcas.

O plan prevese cunha duración de catro anos con revisión anual, e a medida que a experiencia adquirida permita aceleralos traballos, intensificarase o ritmo de actuacións con vistas a rematala totalidade dos plans comarcais en 1996-1997.

A experiencia de Galicia está sendo seguida con atención en Europa a través da Comisión Permanente dos Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa, asumindo a nosa Comunidade, baixo os auspicios do Consello, a realización dunha enquisa a nivel europeo sobre experiencias similares, co fin de fixar unha estratexia de desenvolvemento local que teña aplicación xeral.

Quero proclama-la firme vontade da Xunta de Galicia de levar a adiante o Plan de desenvolvemento comarcal coma vía idónea do desenvolvemento de Galicia, sobre unha base territo-

rial, e baixo os principios de coordinación, diálogo e consenso.

Calidade de vida.

Política lingüística.

O recoñecemento do feito diferencial do idioma galego foi plasmado no acordo coa Administración central que foi ratificado en xuño do 1992. Este acordo permitiralle a Galicia contar cun financiamento de case 10.000 millóns de pesetas no primeiro trienio, para normalizalo uso do galego e cunha anualidade consolidada a partir de 1995 de 2.000 millóns de pesetas.

A política de normalización lingüística coas liñas básicas que parten da lei aprobada en 1983 e que segue na súa esencia, contido e filosofía plenamente vixente, pero aplicándose poderá, a partir de agora, desenvolverse plenamente sen as limitacións que implicaba a restricción de recursos financeiros.

As liñas básicas de actuación xa estaban marcadas e en desenvolvemento. Procede agora, gracias ós medios conseguidos por este Goberno, a súa intensificación.

O programa Edal; a atención ós nosos emigrantes; a creación de lectorados xa feita en Oxford, Birmingham, Nova York; as cátedras de galego na Universidade da Habana ou en Deusto; o Centro de Estudos de Lingua e Literatura Galega de Oxford, etc., etc., son iniciativas xa desenvolvidas e que se potenciarán a partir de agora, ás que se debe engadila posibilidade de estudar galego como unha materia máis nos centros docentes españois no estranxeiro e os acordos a punto de concluír para incluí-lo galego na oferta educativa nas universidades de Buenos Aires, de Belgrado, de París e de San Petersburgo.

A acción interior foi intensa: potenciación dos equipos de centros educativos; apoio á Real Academia Galega; posta en marcha do Centro de Investigacións Lingüísticas de Galicia; utilización de medios informáticos para facilitalo uso e a aprendizaxe da lingua galega e singularmente as campañas de normalización lingüística na Administración autonómica, a Administración local e a Administración de xusticia.

Cara á sociedade civil a acción dirixiuse a potencia-lo uso do galego no campo da hostelería, o consumo, os transportes e os medios de comunicación. Este é un campo no que os recursos adiconais que proporcionou o convenio coa Administración central, xa ,emcopmadp. permitirán realizar unha acción moito máis intensa.

A recente creación do Instituto Ramón Piñeiro, como centro de investigación da lingua e a literatura galegas, permitirá afondar na defensa e enriquecemento do noso idioma.

Ensino e calidade de vida.

O desenvolvemento da LOXSE constituíu o eixe de traballo desenvolvido pola Consellería de Educación, en canto ós niveis non universitarios.

Baseándose nos traballos realizados polo Gabinete para o estudo da reforma educativa, regulouse o curriculum de educación infantil; os deseños curriculares base de educación primaria e infantil e as exemplificacións didácticas destas ensinanzas e de educación secundaria.

Implantouse o primeiro ciclo de educación primaria, a implantación gradual do segundo ciclo de educación infantil e anticipouse a educación secundaria obrigatoria en 41 centros da Comunidade Autónoma. Isto permitiu adiantarse en dous anos ó calendario previsto para a implantación da LOXSE.

Como accións singulares máis destacadas merecen citarse, en educación infantil, a creación de 62 unidades dedicadas especialmente á atención de nenos de 3 anos e a utilización, co mesmo fin, de 147 unidades existentes anteriormente. No curso 1992-1993 puxéronse en funcionamento 100 novas unidades de educación infantil.

Dedicouse unha atención especial á integración de alumnos minusválidos. 94 centros de EXB e 9 centros de ensino medio foron dotados de medios para facilita-la efectiva integración educativa destes alumnos nos centros ordinarios máis próximos ós seus domicilios.

Establecéronse liñas de colaboración coa Confederación Galega de Minusválidos (Progra-

ma Delfos) e coa ONCE para a atención dos deficientes visuais.

Como programas especiais débense citar: o de educación para o consumo, posto en marcha no curso 1991-1992 en colaboración coa Consellería de Industria e Comercio, e o de Educación para a Saúde (Programa de saúde buco-dental e de coñecemento para a prevención da Sida) existentes anteriormente, pero xeneralizados a partir do curso 1992-1993.

Débese citar igualmente a atención prestada á educación ambiental, con respecto á cal se formaron 500 profesores, enviouse material didáctico ós centros e desenvolveuse o proxecto de deseño curricular base da disciplina de Ciencias medioambientais e da saúde que se imparte como optativa en 3º e 4º curso da educación secundaria obrigatoria.

En educación de adultos hai que cita-la Lei 9/1992, do 24 de xullo, o desenvolvemento da cal será impulsado polo Consello Galego de Educación e Promoción de Adultos.

En canto ó persoal docente hai que citar especialmente o acordo logrado en 1992 sobre novas retribucións, que permitirá unha mellora, ó peche do proceso no 1995, de máis de 15.000 millóns de pesetas. A isto débese engadi-la elevación dos complementos específicos para os órganos unipersoais de goberno postos de traballo docentes singulares.

Ensino universitario

A complexidade do sistema universitario de Galicia -3 universidades e 7 campus- require un concenso especial para evita-la disgregación e a duplicación de esforzos e para lograr, con pleno respecto á autonomía universitaria, un auténtico sistema no que se encaixen as novas titulacións e a creación de novas facultades, e no que a Universidade poida cumpri-lo seu labor fundamental de docencia e de fomento da investigación.

As características básicas do noso sistema universitario son: distrito único totalidade de oferta de estudos, complementariedade dos distintos campus e corrección de desequilibrios de partida para garantir un nivel de calidade razoable.

Os obxectivos básicos de actuación concréntanse en:

- Coordina-lo sistema respectando a autonomía das universidades nos termos que establece a lei.

- Coordina-los recursos de investigación de Galicia deseñando un sistema de fomento do I + D, que sexa o motor do desenvolvemento productivo de Galicia.

Este Goberno tivo a honra e o compromiso de poñer en marcha o Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia, aprobado na lexislatura anterior, que, á parte dos problemas de interpretación que analizará a Comisión parlamentaria de seguimento do plan, supuxo un incremento substancial dos créditos presupostarios destinados ó financiamento dos sistema universitario, que ascenderon -exluída a construción de novos dentro- a 53.122 millóns de pesetas, o que representa un incremento medio anual sobre 1989 do 86%.

Correspóndelle agora ó Consello Universitario de Galicia, a proposta do novo mapa de titulacións que se deberá axustar ás necesidades de Galicia e que precisa das súas universidades como instrumentos estratéxicos fundamentais para o seu desenvolvemento tanto económico coma cultural.

Téñome que referir á necesidade de potencia-la I+D. Estamos traballando nesta liña e esperamos-la pronta aprobación por esta Cámara da Lei de investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, que constituirá o elemento fundamental para o seu impulso.

Mellora sanitaria

A transferencia do Insalud marca o inicio dunha nova etapa na sanidade galega.

O gasto sanitario en Galicia, inferior á media nacional -un 20% menos en 1990-, foi incrementado no primeiro ano de xestión pola Xunta de Galicia, reducíndose o diferencial ó 9,36%, gracias ó maior incremento do SERGAS (18,94%) con respecto á media estatal do 9,22%.

O esforzo inicial mantívose nos anos seguintes, pasando os presupostos do SERGAS de 144.955 millóns en 1991 a 186.337 millóns en 1993, cun incremento neste período do 28,5%.

O proceso iniciado coas transferencias foi continuado coa integración na rede sanitaria de Galicia dos hospitais das deputacións provinciais: convenio coa Deputación de Lugo para a utilización do Hospital Provincial San Xosé, en 1992, e transferencia, en xaneiro de 1993, dos hospitais dependentes das deputacións provinciais da Coruña e Ourense. Isto permitiu a integración na rede do SERGAS de 1.100 novas camas. Pero débese engadir que non é soamente as que estaban, é que, neste momento, hospitais como o provincial da Coruña, que estaba a un nivel de ocupación dun 25%, está xa case a un 75%.

O obxectivo para 1993 é o traspaso do Hospital Municipal de Vigo e a adscrición funcional ó SERGAS dos hospitais dependentes da Deputación Provincial de Pontevedra, que, como digo, van por bo camiño.

Na estratexia de mellora do nivel de saúde da nosa poboación, elaboráronse, co horizonte 1993-1997, as "Bases para a elaboración do Plan de saúde de Galicia", do que se derivou o Plan de Saúde para Galicia, pendente da aprobación definitiva, do que se dará conta oportunamente ante esta Cámara e que identifica 17 problemas de saúde galega con atención prioritaria.

Como accións inmediatas acometidas, hai que destaca-la redución de listas de espera en máis de 8.000 pacientes e a intensificación deste esforzo en 1993 co obxectivo de reducir as listas de espera cirúrxicas nun 40%, de que o 70% dos pacientes que entren na lista de espera sexan intervenidos antes de 3 meses e de que, en ningún caso, ningún tarde máis de 6 meses en ser operado.

Hai que destacar igualmente a creación das novas áreas de saúde en Valdeorras e no Salnés, a extensión da asistencia sanitaria ás comunidades galegas en Buenos Aires e Montevideo, a implantación da tarxeta sanitaria, que se iniciou no 1992 e das que se emitirán 100.000 en 1993 e a reorganización e potenciación da inspección sanitaria.

A potenciación do programa de loita contra as drogodependencias foi un obxectivo claro que encontra a súa tradución en que o tanto por cento do incremento medio presupuestario na lexislatura sobre 1989 é do 79,2%. A acción reforzase coa creación da Oficina do Comisionado, recentemente creada do Plan galego de antedependencias, de conformidade co dictame da comisión non permanente desa Cámara.

Dedicamos unha atención especial á promoción da saúde, que podemos concretar nalgúns datos: "screening" de enfermidades metabólicas feito a un 97% dos recién nados; 78.323 recoñecementos escolares no curso 1991-1992; as campañas de vacinación antigripal, o programa de detección precoz do cancro de mama, a realización de 92 programas de saúde ambiental e de saúde alimentaria, etc.

Tamén hai que mencionala Oficina de Coordinación de Transplantes que permitiu incrementar os transplantes renais nun 82% sobre 1989, a iniciación do programa de transplantes cardíacos (15 en 1991 e 21 en 1992) e a iniciación en 1993 dos transplantes de médula ósea.

A acción administrativa complementouse coa creación dos consellos asesores técnicos e o Plan galego de emerxencias médicas, que supuxo un incremento en 1993 do 1.737% sobre o ano 1990 dos créditos para este servizo.

Servicios sociais.

Os servizos sociais constitúen a auténtica expresión da solidariedade da sociedade cos máis desfavorecidos.

En canto ás accións realizadas na lexislatura, debo indicalas seguintes:

Pensións e prestacións asistenciais. Ademais da función xa tradicional de xestionar as pensións establecidas nas leis estatais, hai que citar a Lei galega 9/1991, de medidas básicas para a inserción social, pola que se estableceu en Galicia o chamado salario social ou RISGA.

O nivel de solidariedade incrementouse fortemente nesta lexislatura. Así, os beneficiarios de pensións estatais pasaron de 32.143 en 1989 a 66.800 en 1992, -incremento do 100%-, e as

pensións pagadas de 9.322 millóns de pesetas a 23.823.

No primeiro ano de implantación, as pensións do RISGA foron 1.328, por 213 millóns de pesetas, calculándose en 1993 o número de beneficiarios en 3.058 cun gasto de 1.010 millóns.

Unha segunda liña de atención consitúea o convenio coa totalidade dos concellos de Galicia para a instalación de oficinas de orientación, información, axuda a domicilio, etc.

En 77 centros de servizos sociais realizáronse investimentos, cun gasto total de 5.403 millóns de pesetas, mantendo o mesmo nivel ca en anos anteriores e cun maior esforzo en gastos de mantemento que se elevaron nun 52%, como media na lexislatura sobre o gasto de 1989.

A atención á terceira idade, concretada en prazas en centros residenciais, chegará en 1993 a 2.275 prazas, cun gasto en mantemento de 2.504 millóns, mentres que en 1989 só se chegaba a 1.226 prazas cun gasto de 1.171 millóns.

Os programas de atención de menores víronse igualmente incrementados, atendéndose en 1992 a 10.895, cunha previsión para 1993 de 11.950 nenos e cun gasto de 1.851 millóns de pesetas, o que supón un incremento sobre 1989 do 78 e 59% respectivamente.

Redactouse e entrou en vigor o Plan integral de protección de menores con vixencia 1993-1996 e cun investimento global previsto de 11.243 millóns de pesetas.

Teño que mencionar igualmente as axudas a centros de iniciativa social e outras accións que supuxeron en 1992 un gasto de 2.617 millóns de pesetas cun incremento sobre 1989 do 93%.

O Instituto para a Promoción da Igualdade do Home e da Muller, creado pola Lei 3/1991, realizou en 1992 unha importante acción cun presuposto de 126 millóns, que pasou en 1993 a 326 millóns de pesetas, o que implica xa unha capacidade plena de acción no cumprimento dos seus obxectivos.

Por último debo destacar a Lei de servizos sociais, aprobada moi recentemente por esta Cá-

mara, que vai representar unha profunda reestructuración e potenciación dos servizos sociais, cunha forte redistribución de competencias a prol das corporacións locais, de acordo cos principios da Administración única, a potenciación do voluntariado social e, en definitiva, a ordenación racional e a coordinación de todo o sistema de prestación de servizos sociais na nosa Comunidade.

Política de vivenda e solo.

O Plan cuadrienal de vivenda e solo 1990-1993 supuxo un impulso fundamental desta política. O investimento na lexislatura ascenderá a 35.485 millóns de pesetas, cun investimento medio de 8.971 millóns, que supoñen un incremento sobre 1989 do 119%.

En vivendas de protección oficial continuouse o esforzo de anos anteriores, cun incremento do 18,78% sobre 1989, debendo destacarse o esforzo realizado en rehabilitación de vivendas no medio rural, con 29.766 proxectos subvencionados, o que supón un 84,5% de incremento medio sobre 1989.

A acción para o futuro incardínase no Plan de solo residencial, pensado especialmente para as sete grandes cidades de Galicia e que debe permitirla iniciación, no quadrienio 1994-1997, de 45.000 novas vivendas en Galicia.

O patrimonio cultural de Galicia.

A acción básica que debe fundamentar calquera estratexia de protección concrétese na realización do inventario do noso patrimonio histórico. Por esa razón, incrementáronse considerablemente os créditos para esta acción, pasando de 61,5 millóns de pesetas no 1989 a 209 no 1993. Os obxectivos inmediatos son a presentación perante esta Cámara do Proxecto de lei de patrimonio histórico galego e a creación dunha base de datos do patrimonio á que poida acceder calquera interes.

A intervención no patrimonio histórico en obras de conservación, restauración e rehabilitación, intensificouse sigularmente en 1993, pasando de 907 millóns en 1989 a 1.500 en 1993, sen conta-los fondos adicionais do 1% cultural.

Na promoción e difusión do patrimonio histórico, que anteriormente tiña un carácter testemuñal, hai que cita-la exposición "Galicia no tempo", que supuxo un esforzo financeiro importante (500 millóns de pesetas), pero que se viu absolutamente compensado ó permitir coñecer unha pequena parte do rico patrimonio cultural que se conserva, e que será seguida neste ano con dúas grandes mostras: "Santiago en América" e "Os camiños de Santiago", con motivo do Xacobeo 93.

Na área de promoción cultural e artes plásticas hai que destaca-lo apoio en equipamentos e infraestrutura a diversos concellos de Galicia, o que se permitiu construír máis de 30 casas da cultura.

A posta en marcha do Centro Galego de Artes da Imaxe o Congreso internacional da cultura galega sobre Alvaro Cunqueiro, as Xornadas Santiago-camiños de Europa, o Encontro de dous mundos, as semanas de Galicia, etc, son outras tantas mostras da acción de promoción, difusión e animación cultural.

En teatro, música e danza hai que destaca-la posta en marcha do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, que integra o Centro Dramático Galego, a Xove Orquestra de Galicia e o Ballet Galego Rei de Viana.

Na área de bibliotecas conseguiu-se que todos os núcleos superiores a 2.000 habitantes, agás seis localizados na Coruña e Pontevedra, dispoñan de biblioteca pública, potenciándose o sistema de bibliotecas móbiles e outras accións como o Catálogo de fondos bibliográficos dos séculos XVII e XIX ou a campaña de promoción da lectura que experimentou un incremento medio na lexislatura sobre 1989 do 157%.

A Galicia exterior.

As liñas básicas de acción, dirixidas a reforza-los lazos cos nosos emigrantes, tanto no plano cultural coma no de integración e de solidariedade, pasaron por unha profunda reestructuración administrativa baseada na desconcentración e na participación activa das nosas comunidades no exterior na xestión dos diversos programas que, á súa vez, se racionalizaron e adaptaron ás

necesidades que hoxe en día presentan os nosos emigrantes.

Os grandes programas nos que se estruturou a acción da Xunta de Galicia, foron os de: Acción asistencial e social, acción formativa, acción cultural, acción xuvenil e asistencia estrutural, funcional e equipamento de centros.

Entre as accións significativas, debo destacar as 8.650 axudas concedidas a anciáns e discapacitados en casos de recoñecida necesidade (en 1989 concedéronse 15 axudas), o apoio ós centros asistenciais prestados polas comunidades galegas ós seus asociados e os programas de estadas en Galicia para reencontros familiares con 3.000 participantes na lexislatura, pasando de 107 en 1989 a unha media no cuatrienio de 755.

Hai que destaca-los programas de axudas para estudos universitarios en Galicia, cursos de formación profesional e ocupacional ou os cursos de lingua, literatura, historia ou cultura galegas, nos que participaron 3.759 alumnos ou os de campamentos e cursos de animación xuvenil, que beneficiaron a 3.700 mozos -repito- fillos de galegos no exterior.

Xuventude.

A política de mocidade centrouse nun esforzo, desde a perspectiva interna, de coordinación, a través da creación da Comisión Interdepartamental para a Xuventude, e, desde unha perspectiva externa, dirixida a incrementa-la participación dos mozos e a prestación de servizos.

Prestouse unha atención especial á mellora e reparación das instalacións, cun incremento medio na lexislatura sobre 1989 do 478%. Tamén en construcións xuvenís, cun incremento do 265%, en axudas a concellos para actividades xuvenís e en xeral cun maior esforzo en tódalas liñas de actuación sobre os valores anteriores.

A creación de cinco oficinas TIVE, o "carné xove", a residencia xuvenil de San Lázaro -a punto de ser inaugurada-, os campamentos de Sarria, Palas de Rei e Melide e a ampliación do Eixo Garay en Lugo e do Altamar en Vigo, son algunhas das accións realizadas, así como a mellora das condicións de habitabilidade de alber-

gues, residencias e bases de acampada e todo o conxunto de actividades dirixidas a fomentar as campañas de verán, de xuventude ou de turismo de mozos.

Deportes.

O Plan de infraestruturas deportivas foi o eixe de actuación da Xunta de Galicia, xa que hai que partir de que non se pode falar seriamente da práctica do deporte se non hai instalacións adecuadas para iso.

Os grandes obxectivos en materia de infraestructura deportiva foron os seguintes:

-Que tódolos concellos que contén con máis de 5.000 habitantes dispoñan dun polideportivo cuberto. Ó final da lexislatura estará conseguido este obxectivo.

-Que tódolos municipios de máis de 20.000 habitantes contén cunha piscina cuberta. Conseguido, agás cun concello.

-Que tódolos concellos de máis de 25.000 habitantes contén cunha pista de atletismo. Conseguido, agás cun concello.

-Ampliación de instalacións deportivas nas sete cidades máis importantes de Galicia.

Ademais, téñense que citar obras singulares de especial importancia: pazo dos deportes de Lugo, ampliación do INEF de Galicia; velódromo do Porriño e o centro de tecnificación deportiva Monterrei.

Como obras en construción: o estadio multiusos de Santiago de Compostela, o complexo deportivo de Ferrol e o parque deportivo de Acea da Ma.

Cómpre subliñar, igualmente, a concesión de 443 subvencións a concellos para obras deportivas elementais.

O esforzo financeiro foi notable. En infraestructuras deportivas propias o incremento medio anual sobre o 1989 foi do 117% e en subvencións para instalacións deportivas, o incremento é do 128%.

O fomento da actividade deportiva tivo un especial impulso, tanto o dirixido ás federacións coma o dirixido ós máis de 4.000 clubs federados de Galicia. En termos financeiros, o incremento medio anual foi do 77% para federacións deportivas e do 420% para clubs.

Hai que mencionar tamén as axudas a clubs de alto nivel, a dirixida a centros docentes para fomento da actividade deportiva en idade escolar (incremento do 176%), as axudas a concellos para campañas de promoción, torneos etc.

O deporte de alto nivel e o ensino deportivo encadráronse tanto na Escola Galega do Deporte e no Centro de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, coma no INEF de Galicia, do que saíu en 1992 a primeira promoción de licenciados.

O investimento realizado de 18.593 millóns de pesetas foi sobre bases obxetivas, e incluíu as achegas das catro deputacións galegas, en virtude dun convenio asinado en 1992 e non con técnicas dixitais como outros prefiren.

Protección civil.

A situación de partida ó comezo da lexislatura era realmente penosa. Dúas persoas constituían tódolos efectivos, e os medios físicos non eran senón dous pequenos despachos.

Nun esforzo constante e tenaz púxose en pé unha organización básica de protección civil que, aínda que insuficiente, permite unha mínima resposta ante unha situación de emerxencia.

Na súa máis pura concepción técnica, a protección civil é un servizo público especificamente concibido para a protección física das persoas e bens, en situación de risco colectivo ou calamidade, na que a vida das persoas pode perigar ou sucumbir masivamente.

Hoxe en día cubríronse as fases de previsión coa análise e estudo de riscos sector por sector, a de prevención coa adopción de medidas para evitar ou diminuí-las situacións de risco e as de planificación. Cubríronse igualmente as de intervención e as de coordinación, todas elas nos seus aspectos básicos, e cun cumprimento do 100% na área de planificación.

Ten que destacarse o servizo SOS Galicia, que mereceu a estima e o respecto da gran maioría da poboación de Galicia e que contribuíu a salvar moitas vidas humanas. Os recursos investidos na lexislatura ascenden a 1.723 millóns de pesetas.

Salvamento marítimo.

Se o labor desenvolvido polos helicópteros do SOS en Santiago de Compostela e Monforte se ten que considerar como exemplar, aínda máis cabería dicir dos helicópteros e do remolcador dotados especificamente pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, para o salvamento marítimo. Este servizo non só está integrado dentro do SOS Galicia como unidade específica, senón que tamén se coordina perfectamente, cos medios da Mariña Mercante Española dentro do Plan nacional de salvamento. Igualmente, dentro do ámbito da Consellería de Pesca, coordínanse, así mesmo, cos medios do Servizo de Inspección Pesqueira. Existe así unha rede integrada que garante a posta en común de tódolos medios e a súa flexibilidade para acceder alí onde unha emerxencia o demande.

Teñen que citarse, ademais, en materia de seguridade marítima, outros convenios coa Administración central para situar un remolcador de altura na zona do dispositivo de separación do tráfico marítimo de Fisterra; a promulgación da normativa sobre seguridade a bordo de embarcacións de pequeno porte e a habilitación do Servizo de Inspección Pesqueira para realizar inspeccións en materia de seguridade a bordo, así como o convenio de colaboración coa Cruz Vermella.

As campañas de mentalización reveláronse como un instrumento moi útil para concienciar aos nosos traballadores do mar, especialmente a campaña denominada "Rumbo á seguridade" acompañada con subvencións para a adquisición de medios de seguridade nas embarcacións.

Hai que citar especialmente, ante a realidade da perda de vidas humanas, o seguro de accidentes contratado pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, que ten como beneficiarios a tódolos mariñeiros galegos que faenen en calquera zona do mundo e baixo calquera pavillón, ós mariscadores, ós traballadores de bateas ou

ós membros da Cruz Vermella que se accidenten en labores de salvamento marítimo. Hoxe está fixada a indemnización en tres millóns de pesetas, con dereito de recibir unha bolsa anual de 200.000 pts os fillos de ata 22 anos. Todo isto fíxose por primeira vez na nosa Comunidade.

Teño que citar, por último, os esforzos realizados en formación de seguridade, que abranquen desde o seu carácter de disciplina independente e obrigatoria, ata a celebración e cursos de todo tipo na aula de seguridade e supervivencia de Ferrol.

O investimento total en materia de seguridade marítima, durante a lexislatura, ascende a 2.612 millóns de pesetas.

O accidente do petroleiro "Mar Exeo" puxo de manifesto a necesidade de reforzar os mecanismos de seguridade marítima, especialmente no acceso ós grandes portos.

Se ben a colaboración ente tódalas administracións e a busca dunha solución negociada permitiu facer fronte con rapidez e firmeza ás importantes e graves consecuencias que este accidente produciu nos sectores da pesca, marisqueo e acuicultura, Galicia non pode aceptar que sectores vitais da súa economía non gozen aínda da protección necesaria xa que non está garantido que accidentes da mesma natureza non se poidan repetir.

Sen dúbida, a comisión de investigación aprobada recentemente por esta Cámara contribuírá a esclarecer as causas que produciron o accidente e permitirá propoñer aquelas medidas que sexan precisas para a súa incorporación ó Plan de seguridade marítima, que está elaborando o MOPT, e que debe restaurar a confianza na seguridade dos nosos portos.

Seguridade no traballo

O Decreto 394/1990 e a súa orde de desenvolvemento do 13 de agosto de 1990, supuxeron un importante reforzamento das medidas dirixidas a evitar accidentes de traballo.

De acordo con estas normas, desenvolvéronse plans operativos de traballo para comprobalo cumprimento da normativa en materia de seguri-

dade e hixiene no traballo nos sectores de alto risco (construcción, pesca, lousas e canteiras, construcción naval, etc.), así como nas actividades que puidesen xerar contaminación industrial.

Conseguiuse para-la curva do crecemento de accidentes laborais, acadándose en 1992 un descenso do 6% sobre o ano anterior.

AS INSTITUCIÓNS

Desenvolvemento institucional

Na presente lexislatura conseguíuse un obxectivo fundamental para a consolidación da autonomía: a constitución do Consello de Contas e do Valedor do Pobo. Ambas institucións funcionan xa con plena normalidade, exercen con plenitude a misión que lles asigna o Estatuto de autonomía e as súas leis constitutivas e xa están moi decentemente instaladas.

A proxección internacional de Galicia

Nos anexos que están á disposición das súas señorías -estarán a finais desta intervención- teñen unha ampla referencia sobre os múltiples contactos e encontros que mantiven durante esta lexislatura co obxecto de reforzar os lazos coa Galicia exterior (Arxentina, Uruguai, Brasil, República Dominicana, Porto Rico, Panamá, Cuba -en América- -dos cales varios xefes de estado viñeron ou están a punto de vir-; Suíza, Francia, Bélxica e Alemaña -en Europa-) ou cos galegos que viven noutras comunidades autónomas, para promover a economía de Galicia (Brasil, México, Berlín, París, Bélxica, Lisboa ou a propia Casa de Galicia en Madrid), a celebración de encontros de carácter cultural e educativo (cátedra de Lingua galega en Oxford ou os actos en honor de Valle Inclán na galería Mall de Londres), os convenios de colaboración con outras comunidades autónomas ou con outras rexións europeas (Asturias, Castela-A Mancha, Pays de la Loire, Piemonte, Bretaña, Essex ou a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal) e a participación de Galicia nos organismos internacionais (viaxes a Munich, Rochefort, Rennes, Bruxelas, Burdeos, etc.).

Todo iso permitiu unha presenza crecente de Galicia no mundo e o estreitamento de lazos, non só cos países hispanoamericanos, senón tamén coas principais rexións europeas, e sobre todo cos galegos alí residentes que especialmente o agradecen.

Colaboración coa Administración local

As liñas específicas de actuación foron as tradicionais, se ben cunha maior intensidade, singularmente no que se refire á normalización lingüística e ás subvencións para casas consistoriais.

Como acción nova deben sinalarse as subvencións xa mencionadas nas comarcas piloto para a posta en marcha do novo sistema de contabilidade que comprende a realización do inventario e un apoio xenérico ás catro deputacións para a informatización de tódolos municipios de Galicia.

Colaboración coa Administración de xusticia

Ademais das liñas xa iniciadas na lexislatura anterior, de informatización de órganos xudiciais e de subvencións para pequenas infraestructuras, cómpre destaca-las novas liñas de colaboración coa Administración de xusticia: subvencións a institucións xurídico-administrativas, normalización lingüística, apoio á creación e funcionamento do Instituto de medicina legal e apoio á recopilación e publicación da xurisprudencia do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia.

Con estas accións conseguíuse a case total informatización dos órganos xudiciais e avanzouse espectacularmente na normalización lingüística, avance que se consolidará neste último ano ó se incrementaren substancialmente os créditos a través de convenios coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, con cargo ás súas novas posibilidades.

Hai que destacar igualmente a acción en materia penitenciaria.

Seguen pendentes infraestructuras de gran importancia para Galicia como a adecuación do Tribunal Superior de Xustiza e a nova Audiencia Provincial da Coruña, entre outras, que lle

corresponde realizar ó Ministerio de Xustici; pero, a falta de investimento neste terreo en Galicia dificulta a reclamación de transferencias, sendo xa achegados por nós terreos para a realización dalgunha destas obras.

A policía de Galicia e a seguridade

O convenio co Ministerio do Interior, polo que se lle adscribe a Galicia unha unidade de Policía Nacional, permitiu unha política de seguridade propia da Comunidade Autónoma.

Se ben os efectivos iniciais son moi reducidos, a próxima incorporación de novos axentes permitirá abrangue-las áreas estratéxicas que lle interesan especialmente a Galicia, ademais das básicas de protección da sede das institucións autonómicas e da protección de autoridades. Xa outras comunidades como Valencia seguiron o modelo galego.

Durante 1993 ampliáranse e reforzáranse os seguintes dispositivos policiais:

- Equipos operativos de intervención policial en apoio do Servicio de Inspección e Vixilancia Pesqueira.

- Grupos operativos de investigación e intervención policial contra incendios forestais.

- Equipos operativos de investigación e resposta policial do medio ambiente.

- Policía de xogo.

Así mesmo, prestaráselles apoio a outras accións: transporte policial de emerxencia prioritaria (apoio a traslado de órganos humanos entre hospitais) e a protección de menores.

En materia de seguridade, teñen que citarse igualmente as leis 3/1992 e a 4/1992, de coordinación das policía locais e de creación da Academia Galega de Seguridade, respectivamente, que van permitir, na súa posta en marcha, unha mellor cualificación profesional e unha maior eficacia no servizo que prestan as policía locais de Galicia, bombeiros e voluntarios de protección civil.

Reforma administrativa

Os dous grandes obxectivos nesta área están constituídos pola racionalización e simplificación de procedementos administrativos e a súa informatización integral e pola regularización da función pública autonómica.

O primeiro aspecto está xa na fase de implantación efectiva en tódalas dependencias administrativas do novo sistema de xestión, e implicou a instalación de 45 ordenadores departamentais, 97 redes locais cun total de 790 ordenadores persoais e 400 impresoras; o desenvolvemento de 1.300 programas informáticos; a impartición de cursos a máis de 1.200 persoas e a posta en pé dunha rede de datos que cubra tódalas dependencias da Xunta de Galicia.

En canto á regulación da función pública, celebráronse oposicións a tódolos corpos xerais, con 3.092 prazas convocadas e 3.084 aprobadas: Os novos funcionarios xa tomaron posesión, así como os trasladados como consecuencia do primeiro concurso xeral que celebrou a Comunidade Autónoma, no que obtiveron novo destino máis de 2.000 funcionarios.

Cerráronse así os aspectos básicos da regularización da función pública; queda unicamente a celebración de oposicións a corpos especiais, xa convocada, que quedará ultimada antes da fin da lexislatura.

• EGAP

A Escola Galega de Administración Pública merece unha atención especial xa que se converteu, en pouco tempo, nun instrumento imprescindible e eficaz para o perfeccionamento do persoal ó servizo a Comunidade Autónoma e da Administración local.

Desde a súa creación, asistiron ás 344 actividades organizadas 17.880 funcionarios, impartíronse 11.290 horas lectivas e colaboraron coa EGAP 998 profesores.

Estableceu convenios cos centros de formación máis prestixiosos nacionais e estranxeiros, é membro da rede europea de centros de formación e foille asignada a celebración do IV Seminario Internacional dos centros de formación local e rexional de toda Europa.

Labor lexislativo

O labor lexislativo realizado nesta lexislatura foi especialmente intenso.

A Lei 4/1991, de reforma da Función Pública que posibilitou a celebración do concurso xeral e a celebración das primeiras oposicións da Xunta de Galicia, complementada pola Lei de escalas e a Lei 8/1982 de obrigatoriedade de coñecemento do galego; En materia económica e financeira, as leis de presupostos e a Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia; as leis de modificación das normas que regulaban o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais e as fundacións de interese galego; a Lei de igualdade do home e da muller; a Lei de medidas básicas para a reinserción social; a Lei de educación e promoción de adultos; as leis de infraccións en materia de pesca e de disciplina turística; a lei de pesca fluvial; as leis de tributación sobre o xogo, e a de taxas, precios e exaccións; a Lei de coordinación de policía locais e a de creación da Academia Galega de Seguridade; a Lei de reorganización do SERGAS e a Lei de creación da área do Salnés; as leis de artesanía de Galicia, a de creación do IGAPE e a Lei de modificación da Lei electoral galega, todas elas constitúen a expresión do labor dunha lexislatura.

• O FUTURO

Despois desta revisión ó labor dunha lexislatura, é imprescindible que reflexionemos sobre cales van ser as liñas de futuro, logo da análise sobre a situación actual.

¿Onde estamos e que fixemos?

Hoxe España está sumida nunha grave crise económica, cun paro crecente, e, sobre todo, está desorientada.

O fracaso dunha política económica baseada nunha concepción puramente monetarista e na especulación e o negocio fácil é hoxe evidente para todos.

A falta de ideas, de liderado e de credibilidade que caracterizan hoxe a política económica nacional, terá que ser emendada, e estou seguro

de que o pobo español saberá toma-la decisión máis conveniente.

A crise xeral repercutiu necesariamente en Galicia nun momento delicado, xa que aínda non se desenvolveron as potencialidades resultado das accións que emprendemos, e os sectores tradicionais revélanse cada vez máis débiles.

Quédannos aínda dous anos duros, difíciles, ata o final de 1995, nos que teremos que esforzarnos, e eses esforzos terán que dividirse entre apontoa-lo pasado e facer emerxer firmemente o futuro. A pesar de todo, seguimos sendo profundamente optimistas.

Témo-lo rumbo claro e unha man seria e firme no temón. Sabemos a onde queremos ir e puxemos en pé as accións necesarias para acadalos obxectivos, sen falsas ilusións, sen demagogia e si con ideas claras, mirando cara a adiante e sobre todo con confianza no noso pobo, na súa capacidade de iniciativa e de innovación, na súa sobriedade e firmeza.

Se a primeira lexislatura se caracterizou por centra-los esforzos na ruptura do illamento e pola dotación xeral de infraestruturas, sen esquecer todas e cada unha das áreas de xestión, como demostrei -penso- polo miúdo, a próxima lexislatura, se o pobo quere, será, necesariamente, a do desenvolvemento económico de Galicia, queiran ou non os que non teñen alternativa. É evidente que un Goberno central, sensible ós nosos formulamentos, faranos máis fácil e rápido o proceso de transformación, pero, en todo caso, Galicia, con máis ou menos esforzos, saberá conquista-lo seu futuro.

A innovación tecnolóxica, a apertura ó exterior, a diversificación, a calidade, e a competitividade dos nosos produtos depende de nós e da nosa responsabilidade.

Cremos no futuro de Galicia e avanzaremos firmemente cara a el. Nese futuro terá que encaixarse necesariamente a consolidación do Estado das autonomías.

A proposta de Administración única que ti ven o honor de presentar perante esta Cámara en anteriores debates e que foi deseñada en tódolos seus perfís nun pleno especial está calando na

sociedade española, que a ve na súa auténtica dimensión: unha proposta para racionaliza-lo funcionamento das administracións públicas, eliminando as duplicidades administrativas e facendo máis eficaz o conxunto delas.

A proposta de Administración única á que lle hai que engadi-las relativas -que xa irán vindo por aquí- a necesaria reforma do Senado para convertelo nunha auténtica cámara territorial, a conferencia do presidente do Goberno cos presidentes das comunidades autónomas, o Consello Económico e Social verdadeiro, tal como o deseñou a Constitución e a articulación da participación das rexións na Comunidade Europea, constitúen xa as achegas que desde Galicia se fan para lograr un Estado das autonomías máis eficaz, máis forte e que responda mellor ás necesidades e aspiracións de tódolos españois. E diso seguiremonos ocupando.

Moitas grazas, señor presidente; moitas grazas, señorías.

(Aplausos)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Suspéndese a sesión deica as cinco do serán.

Suspéndese a sesión.

Reiníciase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Reiníciase a sesión.

Rolda de posicionamento de grupos parlamentarios.

Ten en primeiro lugar a palabra o señor Sánchez Castiñeiras, por Coalición Galega.

O señor SANCHEZ CASTIÑEIRAS: Señor presidente, señoras e señores deputados, sen dúbida, o debate sobre o estado da Autonomía, é o debate sobre a situación política, económica, laboral e social de Galicia. Iniciado polo presidente Laxe, é un dos feitos máis importantes da vida parlamentaria, por iso entendemos que debe-

ría ser un debate sosegado, tranquilo e reflexivo, onde tódolos grupos parlamentarios ofrezan as súas iniciativas para, entre todos, corrixi-los aspectos non favorables da situación económica e social nun momento determinado, e tamén para afondar e progresar naqueles aspectos positivos para o noso desenvolvemento.

Este é, ó meu xuício, o espírito deste debate instituído na pasada lexislatura é proba disto e que se considera na ordenación do mesmo as propostas de resolución dos distintos grupos parlamentarios, previo o diálogo, o acordo, o consenso e a concertación.

Nembargantes, parece ser que o actual Goberno non o entende así, senón que prefire un debate que non trascenda, que remate o máis axiña posible, como se evidencia na ordenación que do mesmo se fixo. A intervención do señor presidente pola mañá, pola tarde, tres horas máis tarde, as intervencións dos grupos parlamentarios, sen tempo practicamente para estudar polo miúdo o contido do mesmo. Todo moi rápido porque quizais non interese que se produza esa reflexión seria e rigorosa sobre unha situación determinada na que neste intre se atopa Galicia.

Ademais conséguese outro efecto, tapar nos medios de comunicación públicos a cruda realidade da situación política, económica e social da nosa nación galega. Así, basta que o señor Fraga se refira á Administración única, como fixo no debate do pasado ano, ou ben que faga como fixo esta mañá, un debate longo, con moitas cifras ou entregue uns libros moi voluminosos, para que non se mencione que un de cada tres empresarios en España corresponde a Galicia, ou para que non se diga que o paro aumentou en Galicia o 46,4% durante o mandato Fraga.

E esa, señor Fraga, é a gravísima crise que está a pasar no noso país. Hoxe, para os galegos, as prioridades están no inmediato, no de tódolos días, no emprego dos mozos, no paro das mulleres, na perda do poder adquisitivo, no desmantelamento industrial, no pechamento de empresas, nos homes e mulleres que quedan na rúa, nos conflitos da nosa Universidade, nas listas de espera dos hospitais, no probable pechamento de clínicas concertadas porque o SERGAS débelle moitos miles de millóns de pesetas, os desequilibrios interterritoriais, no por que Lugo e Ouren-

se seguen sendo as provincias mais pobres de España, no por que os galegos van camiño de se-los máis pobres da Comunidade Europea, no por que aínda non temos autovías. En definitiva, por que Galicia vai para abaixo, por que Galicia non sae do seu atranco, por que seguimos sendo un país marxinal e marxinado.

Esta mañá, sen embargo, vostede non recoñeceu estas cuestións, para vostede está ben, todo estaba ben feito, e se había algunha cousa mal era culpa do Goberno central, da crise internacional, pero a Xunta de Galicia non ten responsabilidade de nada.

Non sei se a súa intervención desta mañá estaría baixo os efectos do antroido ou quizais pensando que hoxe é o "enterro da sardiña", porque vostede, señor Fraga, apareceu cun disfraz, un disfraz de fada, onde todo son marabillas, pero a realidade é moi outra. Matar vacas, liquidar unidades de produción agrarias, despezar pesqueiros, tumba-lo sector da construción naval, pechar empresas, eses son os resultados visibles.

Eu quero nesta intervención ser obxectivo, intentarei facer unha valoración, desde a nosa óptica, de como coidamos que é a realidade, e tamén ofrece-lo noso esforzo, o noso traballo e a nosa colaboración para corrixi-lo, entre todos, aqueles aspectos que entorpecen o benestar de tódolos cidadáns da nosa nación.

Coido que é o momento de facer balance, é o momento de valora-las cousas que se fixeron mal, as cousas que se fixeron ben e as que non se fixeron. Estamos a piques de remata-la lexislatura, van alá tres anos e creo que é o momento de facer exame de conciencia, é o momento de comprobar se se cumpriron as súas promesas, xa non digo as do programa electoral, senón as promesas feitas ante esta Cámara.

O modelo que vostede ofreceu naquel intre foi un modelo que se baseaba na liberdade, na concertación, na igualdade de oportunidades, no mérito, na iniciativa, na competencia, na solidariedade, no pluralismo, no equilibrio de poderes, na moderación dos posicionamentos, na transacción máis ca na confrontación, na austeridade, na desconcentración e descentralización e no desenvolvemento económico. ¿Está Galicia entre

as primeiras rexións europeas a través dun novo milagre, como vostede dixo? Intentarei analizar estes puntos.

Liberdade.

Hoxe, ó remate case de catro anos de goberno Fraga, ¿o galego é mais libre? Non vou negar que na súa concepción ampla non exista liberdade en Galicia, pero hai facetas, que dalgún xeito, inflúen na liberdade plena do individuo. Sen dúbida unha información manipulada restrinxe a liberdade do cidadán. E unha pregunta que fago, ¿os medios de comunicación públicos galegos, son obxectivos na súa información ou actúan sesgadamente favorecendo o Goberno? É evidente que tódolos grupos políticos, polo menos con representación parlamentaria, non teñen a mesma oportunidade de expoñer as súas ideas nos medios de comunicación públicos galegos. Este feito foi denunciado nesta Cámara en diversas ocasións e esta é a realidade desde que vostede está á fronte do Goberno de Galicia. Antes, sen embargo, todos tiñan acceso, por exemplo, á Televisión Galega, hoxe esa liberdade está restrinxida.

¿Hoxe un galego é igual ca outro no que se refire ó servizo público, ou inflúe a súa cor política? Cando se fai política de amiguismo, que é o que fai este Goberno, estase atentando contra a liberdade doutros.

Concertación. Un dos principios fundamentais que vostede ofreceu foi a concertación, o diálogo, o acordo. Podemos poñer dous exemplos: o Parlamento galego e a concertación. ¿Cántas veces por parte dos grupos da oposición se ofreceu consenso, diálogo, entendemento en cuestións fundamentais para o noso país? En moitas ocasións, pero o Grupo Parlamentario Popular non aceptou estas ofertas de entendemento, soamente nunha ocasión, no asunto das autovías. O PP propuxo, e aceptou parte da oposición, facer unha fronte común para reclamar as autovías para o ano 1993, e así o aprobou esta Cámara. Sen embargo, na primeira oportunidade vostede rachou este consenso e cedeu ante Madrid o retraso das mesmas para o ano 1995, que agora xa é o ano 1997. Así Galicia, unha vez máis, queda relegada do resto do Estado. Estamos no ano 1993, ano no que tiñan que rematar para afrontar o reto europeo, e seguimos espe-

rando. Foi incapaz de xestionar en Madrid o acordo acadado nesta Cámara. O final, señor Fraga, aceptou os prazos que sinalou o Goberno central, sen loita e sen explicacións a aqueles que aceptámo-la suxerencia do Grupo Parlamentario Popular.

¿Acaso reiteradamente non se rexeita calquera iniciativa da oposición simplemente co feito de aplica-lo rodo? Pero non soamente non existe diálogo cos grupos da Cámara, senón que racha consensos existentes, e non soamente de leis feitas no Goberno anterior senón, incluso, de leis consensuadas no Goberno Albor, como é no caso da Lei electoral de Galicia, na que dunha forma intransixente impuxo as súas regras do xogo, a pesar de dicir no discurso de investidura que en ningún caso practicaría unha política arrogante nin intransixente.

Incluso rachou compromisos adquiridos cos grupos parlamentarios, como foron a modificación do Regulamento da Cámara e a modificación da Lei da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, para que puidesen acceder ó seu Consello de Administración e á Mesa do Parlamento representantes dos grupos nacionalistas. Así son as súas promesas de concertación, non eran serias.

Abril de 1992, os sindicatos son os que din: "A ausencia de vontade negociadora evidenciouse cando o presidente da Xunta, en pleno proceso de conversas, afirmou publicamente que cos sindicatos se dialogaba pero non se negociaba nada". Esa é a concertación, esta é a súa concertación. Non me extraña, señor presidente, que na peregrinaxe da Xunta o pasado mes de xaneiro, lle pedise ó Apóstolo o don da comprensión, a tolerancia e a concertación, pero cos antecedentes que acabamos de mencionar, este milagre corresponde a instancias superiores.

Igualdade de oportunidades, solidariedade e desequilibrios interterritoriais. ¿Cre vostede que hoxe os galegos teñen todos igualdade de oportunidades? A igualdade de oportunidades vén dada pola situación dos cidadáns no que se refire á capacidade para acceder á cultura e ó traballo. Voulle recoñecer que no eido da cultura algo se fixo, houbo esforzo por parte da Xunta en dar a coñecer as nosas raíces. Quizais non moito, pero algo se fixo. Pero, no traballo, ¿vostede cre

que os cidadáns das provincias de Lugo e Ourense teñen iguais oportunidades cós das outras provincias, cando, por un principio redistributivo, deberían recibir mais investimentos estas provincias, nalgúns eidos, que outras? A realidade é que ámbalas dúas provincias están quedando no vagón de cola do desenvolvemento, ano tras ano, soamente se destina un 17% e un 15% de investimentos a Lugo e Ourense, e aí están os datos. A súa política investidora está a producir un meirande distanciamento entre as provincias atlánticas e as do interior, facéndose cada vez mais patente o alto grao de insolidariedade nas actuacións do Goberno.

Pluralismo e equilibrio de poderes. Despois de lle impoñer a esta Cámara a súa lei electoral non se pode dicir que o pluralismo sexa un dos obxectivos acadados. Coa Lei electoral trata de elimina-las minorías, trata de deixar sen representación parlamentaria unha porcentaxe significativa da poboación, e como pensa que a pesar de tódalas trabas non vai conseguilo, trata de reformalo Regulamento do Parlamento mediante unha proposición de lei e do seu grupo, para afoga-las minorías, para quitárllle-la voz no lugar onde, libremente, todos teñen dereito a expoñer as súas ideas. Este é xustamente o equilibrio de poderes.

Señores deputados, quen manda realmente no Parlamento é o señor Fraga. Non se pode permitir que unha norma básica para o xogo democrático sexa imposta polo Executivo, rachando o consenso do vixente regulamento. Co significativo silencio do presidente da Cámara trata de nominar e someter esta institución, actitude atentatoria contra a liberdade que levará ó descrédito do Parlamento galego.

Transacción máis ca confrontación. Como se leva demostrado, o actual Goberno galego non se caracteriza pola man tendida, senón que, pola contra, busca o enfrontamento, enfrontamento que se suscita por non ter unha política seria, baseada nunha planificación racional, senón que moitas veces son actitudes provocadoras e arrogantes. ¿Era necesaria esa actitude belixerante da Xunta de Galicia cunha comarca coma a da Fonsagrada? ¿Era necesario o desmantelamento de algo polo que loitaron os fonsagradinos durante anos? Unha comarca marxinada, esquecida polo Goberno galego e que segue sen ter atendi-

das as súas demandas. ¿Cre, señor Fraga, que se pode solucionar o problema creando unha comarca piloto que non é nada nin engade nada? Velaí a súa actitude, que levou ó enfrontamento do veciño contra o veciño, e sen esquece-lo problema de Allariz, de Baiona, de Cangas, que fixeron ergue-los pobos de natureza pacífica.

Outro exemplo, témolo no enfrontamento de Lugo e Pontevedra pola titulación de Montes, por non ter unha planificación ben feita, por dar esperanzas a uns e a outros, por actitudes contemporalizadoras xorde o enfrontamento entre dúas cidades irmás.

Esta circunstancia prodúcese pola improvisación, norma habitual da Xunta. Se desde o principio todo apuntaba que Lugo era onde se ía implantar, por esa actitude timorata da Xunta, de non saber que facer, de non tomar decisións, por non ter unha distribución das titulacións racional e seria, xorde o insulto, o enfrontamento, e o que é peor, por esa actitude timorata da Xunta, o que tiña que estar funcionando, cando menos, hai dous anos, está aínda no inicio. En definitiva, que os rapaces que hoxe teñen 19 e 20 anos xa perderon dous anos da súa oportunidade de estudar esta titulación. Estas son as súas promesas electorais.

Desconcentración e descentralización. Todo o proceso de estruturación e vertebración territorial de Galicia está no paro, é dicir, está parado. E hai tres anos longos vostede prometeu que unha das prioridades do seu Goberno sería a organización territorial de Galicia, o recoñecemento da comarca e da parroquia e, ademais, engadía que eran elementos básicos para facer posible o desenvolvemento económico.

Se non hai ordenación territorial, non hai desenvolvemento económico. ¿Entón por que non está feita a comarcalización? ¿Por problemas técnicos? ¿Por problemas políticos? Non existe ningún problema técnico, as comarcas están feitas, hai numerosos estudos sobre esta organización, estudos, por suposto, que non están feitos pola Xunta actual. As parroquias existen, aínda que non teñen recoñecemento xurídico, o único problema é, curiosamente, que non lles deixan, o que non lles deixa un home do seu Partido.

Todo o que se refire á vertebración territorial de Galicia está parado porque vostede non se atreve a facelo, e é por que incumpre clarisimamente unha das súas promesas máis firmemente reiteradas hai tres anos, e esta mañá anunciou que a comarcalización, ó mellor, estaría para o ano 1997. ¿Cre vostede que isto é traballar por Galicia?

Pero aínda hai máis, xa non se pode falar dentro do Grupo Parlamentario Popular de comarca, como se demostrou no recente debate da Lei de servizos sociais, onde a palabra comarca era substituída por un eufemismo como "entidade supramunicipal". Así non pode haber desconcentración e descentralización, hoxe o Goberno da Xunta é o mais centralista que houbo endexamais en Galicia, e aquilo que dicía de que a Autonomía non é a creación de novos centralismos, xa está esquecido. Hoxe, para calquera cousa que haxa que facer nunha provincia, cousas irrelevantes, hai que pasar primeiro por Santiago, así é como vostede fai o achegamento da Administración ó administrado.

A informatización, outro dos aspectos de modernización da Administración, non funciona. Iso si, os ordenadores son moi decorativos nas mesas dos funcionarios, pero están coa orde de que non se poden tocar. O funcionario está desanimado, non ten incentivo porque ve que a Administración está máis politizada ca nunca. O Decreto de desconcentración e descentralización publicouse no DOG, pero endexamais se puxo en aplicación.

Remato, señor presidente. Agora si queren máis competencias, por iso reclaman a Administración única, e aínda que a nosa concepción da Administración única non coincide coa do señor Fraga, apoiámola para que empecen a traballar nese eido. Pero, ¿por qué non no fan?, vostede ten competencias para face-la Administración única nos concellos e nas cidades. ¿Como se poden fiar de vostede no Estado, por exemplo, cando aquí ten competencias para facer unha cousa e non a fai?

Austeridade. Velaí unha das características singulares que lle quería imprimir ó seu Goberno, austeridade no gasto corrente, no gasto non productivo. Esa é a mostra de como se empregan os cartos públicos, a dilapidación e o gasto

suntuario é unha constante nestes tres anos de Goberno.

Dicía vostede ó comezo do ano 1990, no debate da investidura, que non había que perder máis tempo en poñerlle os arcos ó cabalo, ¡cabalguemos valentemente! Pois eu pódolle dicir que nestes tres anos non pasou de arrear-lo cabalo, pero non para cabalgar, senón para adornalo moito máis, adornos que lle costaron moitos cartos ó pobo galego.

Empezou por querer suprimir consellerías e aumentounas, continuou por gastar 2.000 millóns de pesetas na compra dun palacete en Madrid. Dicía o señor conselleriro da Presidencia que era necesario o palacete para recibirlos xaponeses. Os xaponeses non os vimos por ningún lado, non vimos ningún Yen. Seguiu coa adquisición dun palacete en Bruxelas, empregou 200 millóns de pesetas no barco que di que está na volta ó mundo, e, para colmo, chegou o Xacobeo, co contrato de Xulio Iglesias, que levou 300 millóns de pesetas, á parte dos 400 que vai gastar en publicidade. 9.400 millóns en gastos inmateriais e todo propaganda, todo propaganda.

Como se demostrou no debate presupostario, de cada 3 pesetas do presuposto, 2 van a gastos correntes. Señor Fraga, vostede entre o truco e a eficacia elixiu o truco. Esta é a política de austeridade que vostede quería impulsar, como se ve é unha política dilapidadora e gastadora.

E, entre tanto, ¿como están os indicadores económicos? O crecemento económico descende dunha forma significativa respecto o ano 1989, os investimentos estranxeiros descenden, non xera confianza a presenza do señor Fraga á fronte da Xunta. Descende a apertura de novos centros de traballo nun 2,3%, Galicia sitúase no terceiro lugar do Estado en horas perdidas de traballo, as suspensións de pagamentos pasaron de 16 en 1990 a 44 en 1992, a participación no PIB español descende do 5,79 o 5,74, e, por outra parte, a Comunidade Autónoma está en débeda en máis de centos de miles de millóns de pesetas.

O desemprego: No ano 1989 -xa remato, estou rematando, señor presidente- había en Galicia 135.000 parados, ó remate do ano 1992 hai 198.000, cun incremento dun 46,4%. Podo dicir

que o desemprego está medando no Estado e en Europa, pero mentres en España crece un 20%, aquí crece un 46,4%, é dicir, de cada tres empregos perdidos en España un corresponde a Galicia. E, sen embargo, vostede prometeu crear 68.000 postos de traballo, 28.000 no sector industrial e 40.000 no sector servicios para o ano 1994, e nós, no ano 1993, estamos en 198.000 parados.

Estamos pagando -remato, señor presidente do Parlamento- a súa política de alegría, a súa política de non facer xestión. Vostede tamén diu que estamos nun mundo de cambios, cheo de posibilidades e tamén de riscos para quen ten un rumbo equivocado, e vostede, unha vez máis, señor Fraga, para desgracia nosa, equivocouse.

Por último quero reseña-lo dobre comportamento, a dobre cara, a dobre moral que representa o Grupo Popular. E abraiante que en Madrid se defenda a neutralidade dos medios de comunicación públicos e aquí os medios de comunicación públicos están o servizo do goberno.

E abraiante que se pida en Madrid transparencia e aquí aínda non saibamos de que partida saíron os 2.000 millóns de pesetas para comprarlo palacete.

E abraiante que en Madrid se presenten iniciativas para loitar contra o transfuguismo e aquí se rexeitan.

E abraiante que en Madrid se pida reducir los gastos electorais e aquí aumenten.

E abraiante que en Madrid se pida a Administración única e aquí non se aplique.

E abraiante que en Madrid se pida un Goberno de coalición PP-PSOE e aquí non exista diálogo.

E abraiante que en Madrid pedisen a supresión da propaganda electoral e substituíla por debates televisados e aquí se negue.

E abraiante que o Parlamento galego pedise o emprego da nosa lingua no Senado e en Madrid opóñense.

E abraiante, señor Fraga, ese dobre comportamento. Agora pídese un código de ética política, agora está de moda falar de ética, pois, nós, desde logo, rexeitámo-la ética que se apoia en promesas enganosas e en incumprimentos. A ética, señor Fraga, non se anuncia nin se manipula, demóstrase, exercítase, respéctase e basta.

Máis nada.

(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, García Leira)

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas grazas, señor Castiñeiras.

Ten a palabra o señor Nogueira Román por Esquerda Galega.

O señor NOGUEIRA ROMÁN: Señor Presidente, señorías, recentemente once premios Nobel da Paz pediron publicamente, e así apareceu tamén na prensa española, a liberdade para a lider da oposición birmana encarcerada polo rexime militar, a liberdade para Aung San Sun Kyi Nobel da paz, unha firme e intelixente muller non violenta que loita pola democracia no seu país.

Os Nobel da Paz, cando piden esta liberdade recollen unha cita dun escrito de San Sun que di "aqueles que desexen construír unha nación deben liberar primeiro o eu espírito da apatía e do medo". Sun Kyi fai folgas de fame xustamente para defender esta idea, os dereitos humanos e o desenvolvemento democrático no seu país e no mundo enteiro.

En Galicia, señoras e señores deputados, tamén son obstáculos graves a apatía e o medo, son obstáculos graves a resignación política e o conservadurismo, pero en Galicia tamén existen forzas que teñen a valentía de facer do noso país a nación dos dereitos humanos, o traballo a igualdade do home e da muller, a democracia solidaria, a protección da natureza, a obxeción de conciencia e o pacifismo, a autodeterminación -recoñecida pola ONU como o primeiro dos dereitos humanos-, e a solidariedade co terceiro mundo.

Estiven traballando ilusionadamente estes meses por un proxecto renovador e galeguista, unindo idealismo e pragmatismo, e facendo isto, percorrendo de novo Galicia no meu coche, señor Fraga, guiando eu, na rúa comprobei, coma sempre, que as cousas son ben distintas de como vostede as pintou esta mañá. Vostede fixo unha lectura voraz e sen alma, de fríos informes administrativos. Faltoulle -carece vostede- sensibilidade e calor, para ver cales son os problemas da xente. Os problemas da nosa xente estiveron ausentes do seu discurso; un discurso atropelado non é forma, señor Fraga, de render contas ó final da lexislatura.

As cousas vense moi distintas porque son moi distintas. O paro non é crecente en España comparativamente con Galicia, señor Fraga, o paro é crecente en Galicia, incrementou no último ano en 53.680 persoas, o 35% só no último ano atinxindo as 198.000 persoas, o 1% en 1980 era o paro en Galicia, o 18% hoxe, despois de 12 anos de dominio conservador no noso país.

Un de cada cinco galegos e galegas está en paro e un de cada dous se falamos da xuventude.

A renda galega descendeu relativamente, en relación coa CEE, desde 1980 a 1990.

Na sanidade vostede mesmo recoñeceu esta mañá que temos un 10% de retraso no financiamento por habitante, 20.000 millóns de pesetas, tanto como todo o Plan de estradas da Xunta cada ano 20.000 millóns de pesetas menos na sanidade.

Nas estradas carecemos das vías de comunicación que necesitamos para ser un país europeo. Por certo, señor Fraga, aconséllolle que tal como fai unha cadea, o Canal +, que lle diga polas vías correspondentes á TVG que faga unha fe de erros esta noite, porque atribúe, entre outras moitas barbaridades, a esta lexislatura un investimento en estradas de 237.000 millóns de pesetas, é dicir, o que o señor Cuíña di que vai investir nos próximos 10 anos. Se aplica a fe de erratas, toda a propaganda que fixo na TVG despois do seu discurso ten que ser eliminada, e eu incluso esixiría que se fixese esta noite, como se fai moitas veces, por un canal da televisión privada.

As cousas son moi distintas, pola crise industrial estamos cansados de ver empresas que pechan, Alvarez e Massó recentemente. Só o 1,82% do presuposto galego se dedica a industria cando sabemos que no próximo futuro non haberá máis política industrial real, cá que fagamos desde a nosa Autonomía.

Na Educación, nas escolas de FP están sen electrodos, e hai un continuo recorte dos gastos educativos e dos comedores escolares.

Que dicir da familia, señorías, é pura hipocrisía ideolóxica cando se di que se protexe a familia. A familia española e a galega son as máis desamparadas de Europa. Cada fillo dunha familia francesa recibe 20 ou 30 mil pesetas suplementarias, e as mulleres que queren traballar poden facelo, porque son protexidas, ó contrario do que pasa aquí.

As vías de comunicación. Nós queremos que haxa vías de comunicación en Galicia, sendo como somos unha gran cidade de 3 millóns de habitantes, como Barcelona ou Munich, como Amsterdam ou París ou Londres. Non queremos ter autovías, pero non tren; aeroportos e non portos, esiximos te-las vías de comunicación dunha gran cidade europea de 3 millóns de habitantes, nin mais nin menos, pero esta non é a actitude, en absoluto, do señor Fraga no seu discurso.

A Administración única. Estamos volvendo ó centralismo, aplícase a Administración única tal como está interpretada polo Partido Popular en Madrid. A defensa de Galicia, señor Fraga, practícase facendo que nas Cortes se traten as leis deste Parlamento, concretamente a Lei de portos de interese xeral e as leis de sanidade que foron aprobadas a iniciativa do PSG-EG. En fin, señor Fraga, vostede tivo a ocorrencia de facer unha visión do que está pasando no mundo, e eu dígolle que se nos separamos un pouco da ideoloxía do Estado-nación recoñeceremos que o nacionalismo exacerbado hoxe é o dos estados nación, e no conflito que tanto nos doe a todos nós -e este deputado trouxo aquí o problema de Eslovenia e Croacia no seu día- o nacionalismo exacerbado e agresivo é o do Estado-nación serbio, protexido nos seus comezos por tódolos estados-nación europeos cegamente, e agora están recoñecendo o seu erro. Non hai máis naciona-

liños exacerbados cós dos estados-nación, que son os que teñen as armas e os exércitos.

Señorías, despois de 12 anos estragados de dominio conservador, "iam, indicatus est", todo estase a xulgar, todo se trata en Galicia con anos de retraso, e custa moito recoñecer as cousas con anos de retraso.

O outro día o presidente do Goberno galego estivo en Lisboa, falou co presidente do Goberno portugués, dixo que había que mellora-lo ferrocarril entre Galicia e Portugal, moi ben dito, pero está dito isto nesta Cámara xa hai dez anos, e podemos perder dez anos en cada cousa que Galicia necesita. Xa coñecíamo-lo que daban de si os Gobernos do Partido Popular, agora tamén sabémo-lo que dan de si os gobernos do seu fundador, que fixo que o mal fíxoo ben, pero o ben fíxoo mal. Doce anos que se caracterizaron polo retroceso económico e a involución política.

Hoxe aquí, en Galicia, non hai un exercicio tranquilo da democracia: funcionarios que teñen que oculta-las súas ideas, periodistas da Televisión Galega reprimidos, como Sonia Castelo. A lei electoral, para nega-la presenza no Parlamento, inxenua e torpemente, a grupos nacionalistas galegos. As subvencións, miles de millóns de pesetas, utilízanse para premiar e tamén para castigar. Hai empresarios que non poden expresa-lo que pensan por este motivo. A corrupción galega, a corrupción económica en Galicia, señorías, a corrupción política, chámase aquí utilización partidista dos fondos públicos en cantidades inxentes.

Esta é a nosa Italia. Todo isto ocorre desde que está aquí vostede, señor Fraga, antes non pasaba, existe unha involución no autogoberno. Esta mañá, mesmo, vimos -como dixo o señor Fraga- que a policía autonómica, a xendarmería galega, foi tomada como modelo en Valencia. En lugar de buscar nós o modelo onde teñen unha auténtica policía autonómica propia, incluso con transferencias económicas desde o Goberno central, creamos aquí unha policía de Corcuera e ofrecémoslla como modelo ás autonomías do 143. Isto é unha involución política con toda evidencia, e como proba de que non digo todo isto por ser da oposición, da leal oposición, teño que recoñecer que algo fixo ben, pero só fixo ben a cuestión dos incendios forestais.

Acabáronse os mitos, o mito do traballo, do Fraga traballador. O señor Fraga pasa catro meses fóra, porque, parece ser, que non ten nada que facer no seu despacho. Ou o da fortaleza: o señor Fraga ten medo, tenlle medo ó señor Cacharro. Tenlle aínda máis medo ó "Mar Exeo", pois non se atreveu a i-lo día que debía estar alí, cando ocorreu o accidente na Coruña. Preferiu, a pesar de terlle medo, visita-lo señor Cacharro.

Pero, señorías, o futuro está aberto, se lén vostedes os libros que están escribindo neste momento sobre a historia, o de fontana, sobre "La historia después de la historia", o de Carr "¿Que es la historia?", ou de Ricoeur, "Historia y verdad", verán que así como o pasado é aberto e está interpretándose continuamente desde do presente, hai unha forma moi negativa, neste momento de cambio, de interpreta-lo pasado, incluso a historia de Galicia, que é desde o punto de vista do Estado nación. Se len, verán que o pasado é aberto e o futuro máis aberto aínda. As cousas da Autonomía ata hoxe puideron ser distintas, e as do futuro confío en que sexan moi distintas, claro está, analizando o que pasa de forma obxectiva e subxectiva.

Un historiador que eu admiro moito, Carlo Cipolla, deu na súa vida mostras de comprender, de analizar ben o que pasa na historia, analizando cousas subxectivas e obxectivas. Por exemplo, el di nun libro que me parece xenial, que a historia humana se pode entender a partir de dous momentos fundamentais, que son a revolución neolítica, a creación da agricultura, e a revolución industrial, ou sexa o mundo contemporáneo, todo o demais son cuestións secundarias.

A revolución neolítica explicaría as grandes civilizacións asiáticas, sobre todo o Medio Oriente, a revolución industrial explica o mundo tal e como é hoxe.

É un punto de vista apropiado porque hai moita xente en Galicia que cre que aínda non se produciu en Galicia a revolución industrial, que aínda estamos no neolítico e que non vivimos nunha sociedade complexa e como realmente é. A sociedade galega é complexa, como sociedade europea que é.

Pero tamén fai análises subxectivas, e nun libro cheo de humor e ironía, escrito recentemente

te, chamado “Allegro ma non troppo”, utiliza o criterio subxectivo sin chegar ó subxectivismo de crer que o nariz de Cleopatra cambiou o curso da historia. E Cipolla divide nel o mundo, as persoas, en malvados, estúpidos, intelixentes e incautos, e dí ó final do seu libro: “nun país en decadencia, entre os individuos que están no poder prodúcese unha alarmante proliferación de malvados cunha elevada porcentaxe de estupidez, mentres que entre os que non están no poder dáse igualmente unha elevada porcentaxe de incautos”. E remata: “tal situación conduce un país á ruína”.

Divertido, pero non tanto, señorías, “allegro ma non troppo”, porque, efectivamente, esa situación serve moi ben, na linguaxe de Cipolla, irónico humorista, para explica-lo que está pasando neste momento en Galicia. Temos que cambiar de Goberno e temos que procurar que os incautos sexan os menos posibles, porque o carácter dos que están no poder, efectivamente, non podemos cambialo.

Por certo que noutro pareado moi famoso tamén, Pondal, o creador do himno que foi aprobado oficialmente neste Parlamento chamado chámalle a iso “imbéciles e escuros”.

Señorías, hai que supera-la apatía e o medo, a apatía e o medo fronte á historia, fronte ó poder político e fronte ó “establishment”. Nós queremos, desde o noso punto de vista do galeguismo solidario, renova-la esquerda de tal forma que non se produzan mimetismos coa dereita reaccionaria e, menos aínda, coa corrupción. Que se evite o sectarismo e non se derive cara ó populismo, en defensa unicamente dos agraviados. Queremos un galeguismo aberto e universalista, no que se combinen idealismo e pragmatismo, a modernización do noso país, a democracia e a reforma sabendo -como sabemos hoxe xa- que non hai unha ideoloxía global que determine todo, estamos nun mundo demasiado complexo e os partidos políticos vanse definir xa, e definitivamente, polos programas e os valores que defendan, valores solidarios.

Termino xa, señor presidente, dicindo que esa alternativa que Galicia necesita, necesita, a súa vez, do galeguismo e dunha postura democrática solidaria. Isto que digo, señorías, non é un problema meu, non é un problema do PSG-

Esquerda Galega, é unha necesidade da nosa sociedade. Tampouco é un problema só de Galicia, miren o que pasa en Europa e o que están dicindo os líderes da esquerda europea, e algo que nós compartimos e que dixemos xa hai moitos meses, por non dicir anos.

Señorías, o Partido Popular en Madrid ten algo que xoga ó seu favor, é a necesidade de alternancia. Un sistema democrático, e eu non quero prexulgar quen vai gañá-las próximas eleccións no Estado, efectivamente necesita alternancia. Esa realidade xoga en Madrid a favor do PP, e aquí, en Galicia, o noso favor despois de 12 anos.

Máis nada e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas gracias, señor Nogueira.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado polo Grupo Parlamentario do BNG.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías, hai doce anos que Galicia ten constitucionalmente Autonomía. Hai doce anos que está en vigor o réxime de Autonomía que lle foi outorgado a Galicia polas Cortes españolas, conforme á Constitución tamén española.

Non foi que, ó remate do franquismo, o pobo galego, en libre exercicio da súa soberanía política, se dotase a si mesmo dunha fórmula determinada de autogoberno mediante un acto de autodeterminación e un proceso constituínte xenuíno. Non. Foi que un Goberno español e un xefe de Estado instituídos dentro do marco político do franquismo acordaron proceder á reforma dese antigo réxime antidemocrático, convocaron eleccións a Cortes, e esas Cortes elaboraron unha Constitución na que o Estado español optaba por organizarse territorialmente en comunidades autónomas. Unha delas foi Galicia, “cualificada graciosamente de “nacionalidade histórica”, señor Fraga, non de rexión, e, polo mesmo, concedéuselle unha autonomía consistente na cesión das competencias lexislativas e de goberno en determinadas materias, e maila institución dun Parlamento e dun Goberno ou Xunta de Galicia

para termaren desas competencias outorgadas polas Cortes e o Goberno españois.

Hai doce anos disto, dixeron. Durante dez deses doce anos o poder autonómico foi detido e exercido maioritariamente no Parlamento e, exclusivamente, na Xunta, por vostedes, señores do PP e señor Fraga. Tiñan outros nomes como partidos nesta Cámara: AP, UCD, PDP, PL, e tiñan outros apelidos o home que presidía, directamente ou formalmente, a Xunta de Galicia, o señor Fernández Albor, que en gloria estee, mais, de feito, foron vostedes, o actual PP, os que deteron o poder na Autonomía galega durante eses doce anos co "intermezzo interrrotto" en termos do concerto para orquesta de Bartok, dos dous anos que durou o Goberno tripartito presidido polo PSOE na persoa de don Fernando González Laxe. Polo tanto, durante dez anos -insisto-, vostedes levan disfrutando do poder e da gloria autonómicos, o mesmo poder, aínda que sen gloria, que xa detiñan de feito neste país co réxime precedente. Deánlle gracias por isto á reforma do irreformable. Mais, do mesmo xeito, en contrapartida a ese disfrute, recae sobre vostedes a responsabilidade do balance de contas deses dez anos de poder autonómico.

Está de moda facer agora balances de contas de decenios. En Francia, con motivo das próximas eleccións, dez anos do Partido Socialista Francés. No Estado español, dez anos de socialismo felipista ou de felipismo socialista. Pois aquí tamén é hora de facer balance de contas dun poder autonómico detido por vostedes. Vostedes usaron o seu modo e conveniencia o instrumento do Goberno autonómico que a Constitución española lle outorgou a Galicia. O balance de resultados, polo tanto, é o balance dos resultados do uso que vostedes fixeron do poder na Autonomía galega, ¿e cal é ese balance? ¿cales son as contas de resultados?

Vexamos no plan económico primeiro, por aquilo que tanto lles gusta a vostedes, os que se fían dos escolásticos, de "Primum vivere, deinde philosophari". Tódolos indicadores sinalan que nesta década do seu Goberno a economía galega foi para atrás. En termos de renda e produto nacional galego, Galicia perdeu posicións dentro do conxunto do Estado e da Comunidade Europea. Xa non era boa a posición inicial, o noso nivel de renda e produto, sempre se di, estivo

por baixo da media do Estado, pero, hoxe, ese noso nivel atópase case un 5% máis baixo aínda que hai un decenio. Ou sexa, gracias á Autonomía gobernada por vostedes o benestar dos galegos medible en nivel de renda aínda é comparativamente, peor do que era o comezo desa xeira autonómica. Razón temos algúns en asociar Autonomía con autoanemia.

Mais eses indicadores globais son simples promedios e poderían agachar cambios estruturais importantes e positivos que estivesen agora a piques de redundar en rápida elevación do noso nivel de renda no inmediato futuro. Pois tampouco. Os cambios estruturais operados neste decenio son para peor, e revelan unha crise na base económica de Galicia tan grave como endexamais a padecera este país en todo este século que está a rematar.

O grao de envellecemento demográfico operado nesta década é alarmante, aínda que era previsible e, desde logo, fora prognosticado con moita antelación por tódolos que desde hai trinta anos estudiamo-la poboación galega con rigor científico. Temos unha poboación moito máis vella que hai un decenio, e as fontes nutricias da súa posible renovación e rexuvenecemento estiñaron deica o punto de que xa temos hoxe en día un crecemento vexetativo negativo, ou sexa, un decrecemento: nacen cada ano menos galegos dos que morren. E non é porque as parellas novas non queiran cargarse de fillos, cousa natural e lóxica na cultura actual, señor Fraga, e máxime nun contexto de crise e de paro, é porque está repercutindo agora a vaga de fondo provocada pola enxurrada emigratoria dos máis novos nas décadas precedentes, sen que o advenemento da Autonomía trouxese a recuperación e o retorno masivo dos emigrados, porque non se crearon en Galicia as condicións económicas necesarias para que ese retorno tivese lugar.

Señor Fraga, a vostede que tanto lle gusta visita-los emigrados para botarlles prédicas de cura preconiliar, non fixo nada para satisfacela arela e a esperanza primordiais que os mantén vivos: voltaren a vivir e traballar na súa Terra, en Galicia.

¿Cómo ían voltar? En dez anos o paro multiplicouse como os choupiños nas invernías, ata acadar cifras astronómicas. Hoxe sobardan o

30% da poboación asalariada, é dicir, máis de 30 de cada 100 traballadores asalariados están no paro en Galicia.

En dez anos, o número total de traballadores ocupados no sector industrial descendeu, no canto de aumentar. Hoxe en Galicia hai menos traballadores ocupados na industria que hai dez anos. E vostedes son dos que sempre profesaron a mitificación da industrialización como fórmula única e máxica para o desenvolvemento económico de Galicia. Industrializar, industrializar ou perecer, industrializar con calquera industria, limpias ou porcas, intensivas en traballo ou intensivas en capital, pouco importa, “oxalá o mar de de Perbes estivese máis contaminado porque sería sinal de que había máis industrias”, son palabras textuais súas señor Fraga, que constan publicamente por escrito. Caeulle a soberbia porque, pouco despois, aconteceu o desastre do “Mar Exeo”.

Pois nada, nin con esas, nin industrialización nin nada polo estilo senon todo o contrario: desindustrialización, desertilización do tecido industrial galego e paro obreiro a esgalla. O seu fracaso en 10 anos é clamoroso e, para culmen, a súa única grande realización industrial non vai ser industrias, aínda que xeren lixo, senón lixo, aínda que non se creen industrias. Lixo nas Somozas, en Ferrolterra, claro é, porque non falo do lixo do “Mar Exeo” que non patroneaba vostede ese buque, señor Fraga, seino ben.

Se da poboación traballadora asalariada pasamos á que as estatísticas chaman autónomos, o balance non é mellor, aínda que cabería supoñer que para estes, os autónomos, cabalmente a Autonomía debiera cadralles á medida e facelos progresar. Pois non, tampouco.

Levan repetindo vostedes, ata o aburrimiento xeral, que sobra xente no agro galego, sen decatarse, nunca de que un país non industrializado e, polo mesmo, socialmente especializado en actividades agrarias e pesqueiras, debiera empezar por tira-lo mellor proveito posible desa situación de partida, maiormente cando o seu sector agrario é tan polivalente coma o galego, ben lonxe de consistir nunha agricultura de monocultivo extensivo, cerealeiro, coma é, ou era, deica hai pouco, poño por caso a agricultura castelá.

Dinamarca, que hoxe nos poñen como modelo de economía agraria atlántica, potente e moderna, arrincou hai máis dun século dunha situación de partida análoga á galega, só que Dinamarca, claro está, era politicamente dona dos seus destinos e nós non. Mais Dinamarca, que don Cruz Gallástegui, o que foi toda a súa vida director da Misión Biolóxica de Pontevedra púñame a min coma exemplo modélico, xa cando eu era aínda un adolescente, operou a reforma agraria cooperativista acaída para converte-la súa economía labrega no motor e base de lanzamento e desenvolvemento de todo o seu potencial económico, incluído o desenvolvemento industrial e de servizos financiado co excedente económico xerado por un previo e logo simultáneo desenvolvemento agrario e agroindustrial. Pero, nin vostedes no poder autonómico nin os seus predecesores ó longo de moitas décadas no poder do Estado, entenderon nunca isto, ou non lles interesou facer esa política asisada e indispensable.

E natural, unha reforma das estruturas socioeconómicas agrarias dese estilo, como o modelo danés ou como calquera outro valedeiro, acabaría en pouco tempo co caciquismo, coas redes clientelistas e coa veda do poder reaccionario que, aínda hoxe, segue a constituí-lo esqueleto e o sistema de rego sanguíneo no que se sostén e chucha mantenza o corpo paquidérmico do actual Partido Popular, onde reside o poder que os pon a vostedes neste Parlamento ou na Xunta a condición de non moverlles un só marco nos lindes das leiras feudais dos respectivos baróns e homes de armas, bastardos incluídos, nin tocar un pelo dos seus intereses e dominios sobre vidas e facendas, servos e vasalos. Por iso, aínda hoxe o señor Cacharro manda máis ca vostede, señor Fraga, aínda que non figure tanto.

Na súa “década prodixiosa” señores do PP, a poboación activa labrega, os autónomos cotizan cuota empresarial agraria, aínda que logo non teñan dereito á liberdade de empresa para produciren o leite que lles pete nin sequera á súa conta e risco -que é xenial este invento-. A Constitución declara a liberdade de empresa, pero os labregos non teñen como empresarios liberdade de empresa para produci-lo leite que queiran á súa conta e risco. Esa é a liberdade de empresa, aplicada os de abaixo, naturalmente, que vostede preconiza con Maastricht.

Pois eses autónomos, esa poboación labrega reduciuse e perdeu peso relativo no conxunto da poboación traballadora galega, máis foi polo envellecemento demográfico de Galicia en conxunto, e especialmente desa poboación labrega en particular. Non foi porque se deenvolvese o sector agrario, porque xerábase excedente para un correlativo desenvolvemento industrial e que se trafegasen continxentes importantes de forza de traballo labrega á nova industria, a un sector industrial en proceso de expansión. Non tal. Xa dixen antes que hoxe hai menos traballadores industriais ocupados en Galicia que hai 10 anos. Iso, tamén nisto, é o seu balance, vostedes, “os galegos coma ti”, non foron realmente a alternativa, só apostaron a perpetuárense no poder que xa tiñan antes da Autonomía e da democracia.

Os outros “autónomos” -entre aspas-, ós do mar e da beiramar, tampouco lles foi mellor con vostedes. O marisqueo e a pesca artesán da costa non progresaron neste decenio. Sometidos á meiga chuchona dunha rede de intermediarios que leva a parte do león que debera corresponderlles ós mariñeiros e mariscadores, expoliados por un arcaico sistema de subhasta, á baixa dos seus produtos, que bota por terra os prezos en orixe, sen alternativa de traballo noutro sector. Vense presionados a mariscar e pescar canto máis poidan, a incorrer na sobrepesca e no esgotamento de recursos, nun rodopío infernal que cada vez os pon en peor situación, fai proliferar o furtivismo e provoca estoupidos de conflitos aberrantes entre eles, cando o conflito e a loita tiña que ser de todos eles xuntos contra os que lles chuchan o valor dos seus produtos e contra vostedes, que sosteñen políticamente esa trama, incluídas nela moitas confrarías que son covas de caciques, igualiños ós que, terra adentro, explotan e aferrollan ós labregos. E vostede, señor Fraga, é o gran patrón, o patrón maior dese encerello.

Pero, hai máis, mudemos de perspectiva e vexámo-la realidade por outro dos seus costados. Esta análise é a que tiña que facer vostede, señor Fraga, nun discurso político, co seu punto de vista, dicindo todo o contrario se quere, pero esa análise, non un relatorio de xerente dunha empresa de limpeza, ou algo así.

Hai mais, mudemos esa perspectiva -digo- e vexámo-la realidade por outro dos seus costados.

Segundo os principios da economía de mercado que vostedes todos profesan coa mesma fe que na beatitude de Escrivá de Balaguer, todo o país que queira dispoñer dunha economía saneada, florecente e competitiva ten que dispoñer de especializacións productivas nas que levan ventaxe cara ós mercados internos e exteriores, e que lle permitan vertebral-lo seu tecido productivo -agrario, industrial e pesqueiro- e financiar, cos seus excedentes en valor, a compra dos bens económicos que ese mesmo país non produce abondo e que ten que importar. E un principio elemental da economía de mercado, da súa teoría económica, non da miña. Son estes sectores, nuns casos, e contemplados cara adentro, os sectores productivos de meirande dimensión social. Noutros casos, contemplados cara fóra, son os sectores exportadores, que con frecuencia son as dúas cousas conxuntamente.

Pois ben, Galicia tamén “tiña” os seus sectores clave, as súas especializacións productivas cardinais ó comezo da Autonomía. Lembremos algúns deles: o sector gandeiro de vacún, cun núcleo ademais de agroindustria autóctona transformadora dos produtos cárnicos e lácteos; a conserva de peixe; a pesca industrial de altura e grande altura cun conxunto de industrias conexas con ela, fornecedoras ou derivadas; a construción naval e o sector madeireiro. Non poñamos máis, porque coido que abonda con esta mostra.

¿Que aconteceu? Pois que nesta década de Goberno autonómico do PP todos eses sectores entraron en crise, caeron en barrena. Nalgún caso, como na conserva, sector exportador arquetípico, mesmo dentro do marco da teoría económica rexional, un export-base sector sector clásico, a crise empezara máis atrás, pero nesta década agravouse e volveuse mortal.

Nalgún outro caso, coma no da madeira, as eivas estruturais xa existían previamente, pero nesta década non se eliminaron, nin paliaron, senón que dexeneraron en caos.

Noutro, como a construción naval, o detonante foi unha conxuntura contractiva no ciclo a escala mundial, pero a resposta política nesta década foi unha cirurxía amputadora da capacidade productiva instalada. Para curarlle a pul-

monía extirpáronlle os pulmóns, “as alegrías” que din os paisanos, a alegría fóiselle.

En fin, noutro par de casos, pesca industrial e sector gandeiro, cos seus anexos citados, o factor determinante primordial foi a integración no Mercado Común Europeo e a política da Comunidade Económica Europea, pero o poder autonómico mostrouse pusilámine e operou coma un axente de Bruxelas e Madrid, no canto de actuar e combater en defensa dos intereses galegos.

En tódolos casos referidos, eses sectores claves foron decapitados ou afogados ou esganados ou deslealmente agredidos en nome da competencia allea -competitividade, seica- cando as explotacións gandeiras holandesas levan 50 veces as subvencións dunha explotación media gandeira galega, e vostede ten que sabelo, senón non está capacitado para gobernar. ¡Competitividade! Asemade, en ningún dos casos referidos se puxeron en obra alternativas supletorias proxectos substitutivos, promoción de especializacións productivas de recambio. Non existen, non están nos seus relatorios nin nos seus proxectos nin na súa rendición de contas. ¿Onde están? O delirio foi cando vostedes, señores da Xunta, chegaron a subscribi-lo diagnóstico falaz inventado polo adversario, afirmando que algúns deses sectores estaban “sobredimensionados”, como dixo o señor López Veiga para o sector pesqueiro, para a flota pesqueira, ou como dixo o señor Fraga para o sector gandeiro, que sobaban o 80% das explotacións.

¡Barbaridade manifesta! ¿Desde cando un sector exportador dunha economía cunha especialización productiva encaixada na división internacional do traballo e proxectada no ámbito do mercado mundial se pode cualificar de sobredimensionado e, por riba, que o cualifique así o Goberno, que ten coma misión defende-la cuota de mercados e sectores do seu país na economía mundial?

¿Oíron dicir, algunha vez, que estea sobredimensionada a Coca-cola ou a Citroën ou a ITT ou a Pechiney ou o complexo da soja americano, que determina os custos dos pensos do noso gando estabulado? E por aí podiamos empezar a falar de por que é ou non é competitiva a gandería galega.

¿Oíron vostedes falar así, algunha vez, a calquera dos gobernos dos países onde radican as respectivas empresas, complexos ou sectores exportadores a escala mundial?

¿Oíronlle ó novo presidente Clinton, verbo do sector norteamericano produtor de oleaxinosos no contencioso de producións e mercados cos países da CEE?

Semellan vostedes esquiroles, quintacolumnistas, axentes dos centros do poder económico e político que agreden, cañonean ou sabotean os intereses dos cidadáns galegos, que os elixiron a vostedes, e páganlles por riba mesmamente para defendelos a eles e non para traballar para o inglés. Ese é, señor Fraga, o uso que vostede fai do seu poder autonómico e das súas fantásticas relacións internacionais que o obrigan a viaxar tanto e a pasar máis tempo fóra que dentro de Galicia, por iso non se decata, seguramente, do que aquí dentro ocorre e di cousas coma a perorata desta mañá.

Vexamos. Vostede -vou darlle casos-, no canto de apoiar a LARSA meteulle o pufo da Unión Leiteira Normanda, porque era un pufo. ¿A quen serve vostede, ós labregos galegos ou ós especuladores normandos? ¿ós gandeiros da “súa” Terra Cha ou ós señores da Besnier? Os feitos cantan e din que vostede serve ós normandos e á Besnier e a EXMINESA canadense no canto dos mineiros de Rubiais en Pedrafita, e a Hassan de Marrocos, vía Mercado Común, no canto dos mariñeiros da flota galega no banco Saharianop, e a José María Cuevas no canto dos cidadáns do Eume e a Ferrolterra, e ó grupo Torras e ó capital Kuwaití no canto dos milleiros de paisanos que teñen nas tenzas de monte as únicas reservas de valores, de aforro revalorizable para o seu máis que incerto futuro como gandeiros, ó grupo CELBI no canto das comunidades de veciños do Irixo aínda que agora CELBI lisca de aí porque non lle interesa o choio non porque vostede defendese, preservase e desenvolvese esa riqueza potencial forestal para os seus paisanos e súbditos. Dá noxo.

Hai unha Lei de comercio interior de Galicia que é frouxa. pero vostede nin sequera a aplica para defende-los milleiros de pequenos empresarios e traballadores do comercio, porque vostede está para abrírlle-las portas a todas cantas

grandes cadeas comerciais queiran establecer grandes superficies a esgalla nas cidades e nas grandes vilas de Galicia, con liberdade de horarios, traballadores temporais de quita e pon, xornadas abusivas, que se disputan os clientes os traballadores entre eles porque cobran por cifras de venda feita por cadaquén, mentres cunde o caos e a ruína nun sector social que o votou maioritariamente a vostede para que o defendese.

Ben mirado, nesta “década prodixiosa” do PP na Autonomía, que comezou co albor de don Xerardo e remata co solpor de Fraga, non hai sector económico nin sector social que non se encontre en peor situación agora que hai dez anos, agás o consabido formigueiro da especulación. O cabo, ¿para quen gobernaron vostedes todos estes anos?, a resposta é obvia, gobernaron para vostedes mesmos, para sobreviviren e reproducírense como clase política no poder, e para máis nada.

Con todo, o máis grave non é o que vostedes fixeron ou deixaron de facer, para quen gobernaron, a quen serviron realmente, o máis grave é a conclusión que se desprende inexorablemente do balance dun decenio do Goberno PP e tres anos de poder do señor Fraga. E esa conclusión ten forma de dilema que se pode enunciar deste xeito: “Ou é perversa e perniciosa a Autonomía para Galicia, ou é perverso e pernicioso o uso que vostedes fixeron do poder autonómico.

“Algo cheira a podre en Elsinor”, di Cunqueiro no Don Hamlet. Algo cheira a podre na Galicia autonómica. Ou fallan os reximes das institucións autonómicas como tales ou fallan os ocupantes desas institucións, usuarios do poder que lles confiren. Ou non vale a Autonomía para resolve-los problemas de Galicia, pois, ó cabo dun decenio autonómico o país está comparativamente peor que ó comezo, ou non vale vostede, señor Fraga, e o seu Partido Popular, para exercer-lo poder autónomo a prol do progreso e o benestar do pobo galego.

E non me veñan, con que durante esta década gobernou o PSOE en Madrid e non gobernaron vostedes, señor Fraga, nin os seus, non me veñan con esa leria que é habitual. Non me veñan con esa leria, primeiro, porque na maioría das materias e problemas ós que me referín, o Parla-

mento e a Xunta de Galicia teñen competencias exclusivas conforme ó Estatuto de Galicia e á Constitución española, polo tanto, non me veñan con lerias. Outra cousa é que vostedes non as exerzan na práctica ou que, se cadra resulte que o que está escrito no Estatuto e na Constitución non está para que se cumpra, senón para adornar, como, por exemplo, o carácter laico e aconfesional do Estado, que debíña impedir que a Xunta, institucionalmente, acudise como tal Xunta a gaña-lo Xubileo, sen prexuício de que o señor Fraga e os conselleiros, no seu caso, o fíxesen como gustasen, como individuos católicos practicantes, pero non a Xunta como institución habendo unha Constitución que di que o Estado é laico e aconfesional. Deixa de ser laico, ou vostedes non forman parte, se cadra, do Estado, se cadra son un agocho que hai por ahí debaixo nun tobo.

Non me veñan coa historia do Goberno do PSOE en Madrid, segundo e, sobre todo, porque se lle atribúen ó Goberno do Estado o retroceso e empeoramento da situación e dos problemas de Galicia durante este decenio de autonomía, daquela, moito ollo, porque automaticamente iso significará que se a política do Goberno central non favorece senón que prexudica a Galicia e ós intereses galegos, a Autonomía resulta inservible para impedir ese prexuício.

Dese xeito, vostedes nin resoven o dilema, nin poden saír do mortal círculo máxico que o dilema tracexa arredor de vostedes, como o “círculo de xiz caucasiano” da coñecida obra de Bertolt Brecht, que era comunista, moi malo, e aínda menos lles pode valer para tornáronse contra min, porque eu, evidentemente, non represento aquí ó PSOE, senón ó Bloque Nacionalista Galego. Así que se a culpa é do poder central e do PSOE, e vostede, señor Fraga, presidente do Goberno autónomo galego, non foi quen de impedir que eses culpables fagan recuar para peor a situación de Galicia en dez anos de Autonomía, daquela estamos no primeiro termo do dilema: o réxime autonómico é inservible para defende-los intereses, o benestar e o progreso dos cidadáns galegos. Porque se só serve cando o vento do Goberno central sopra de popa a favor de nós, daquela, se o Goberno de Madrid xa lle resolve a Galicia os seus problemas, ¿para que fai falta a Autonomía?

E logo, en todo caso, vostede segue a chamarlle rexión a esta nacionalidade histórica, -fíxoo esta mañá-, co que degrada a Galicia mesmo por baixo do rango que lle atribúe a propia Constitución española. Ou sexa, que respecta vostede menos a identidade da nosa nación do que a respectou a propia Constitución.

Vostede segue a defender explicitamente o Estado español e as razóns de Estado, dese Estado, por riba de todo, co que fai patente que de non frustrarse a súa carreira política de eterno aspirante á Presidencia do Goberno español, que é o que lle interesaba, vostede trataría desde Madrid a Galicia do mesmo xeito que leva tratado o Goberno do Estado actual, e case tódolos seus predecesores, neste século enteiro.

Vostede segue a considerar óptimo, necesario e beneficioso para Galicia o Tratado de Maastricht e o proxecto concreto de Europa que nel se plasma, cando ese tratado e ese proxecto condenan á ruína ó 80% das nosas explotacións gandeiras, ocasionou xa a volatilización da agroindustria láctea autóctona existente, e agora din que van vostedes constituír un grupo lácteo galego. ¿A que xogan? ¿A quen queren enganar esta vez?

Ese proxecto de Europa que tenta converternos nosos montes nun eucaliptal e o 80% da nosa masa forestal en especies antiecolóxicas fornecedoras de materia prima barata, plasmado o pé da letra, porque así o mandan de Bruxelas, no pseudo Plan forestal do señor conselleiro de Agricultura, que pasou por este Parlamento sen pasa-lo plan porque o plan elaborado por comando do señor Romay era tan impresentable que o meteron nunha gabeta e inventáronse unhas propostas de resolución do Grupo Popular.

Esa Europa que mutilou o noso sector naval, que tratou a industria conserveira galega como se fose estranxeira da Comunidade europea, mentres trataba a conserva marroquí ou israelí como se fosen galegas, ou membros da Comunidade. Que expulsa a nosa flota pesqueira dos caladoiros comunitarios malia os nosos dereitos históricos e tampouco conta con ela cando asina tratados pesqueiros con terceiros países, e así seguido.

¿Coida vostede, señor Fraga, que os galegos somos masoquistas ou pretende laváño-lo cerebro para que o sexamos? Tal vez tenciona que ños inmolemos, unha vez máis, en aras do ben de España ou da Europa dos banqueiros. ¿Que outra cousa lle fixeron a Galicia, que sacrificala, unha vez e outra, desde hai centos de anos en aras do ben común alleo e das razóns do Estado español?

Vostede non sabe de que fala. Defende Maastricht, mentres critica a política monetarista de Solchaga, que non é outra cousa que a política de axuste, precisamente, ás condicións impostas polo Tratado de Maastricht. Fíxoo esta mañá. Tamaña ignorancia incapacítalo a vostede para presidi-lo Goberno dun país, como é Galicia, que atravesou a peor crise da súa historia contemporánea.

Mais vexamos, para rematar, de postre, algunhas cuestións temáticas nas que nin sequera pode ter vostede a excusa dunha intrusión competencial do Goberno central ou de Bruxelas.

Cultura, por exemplo. Brevemente resúmese a súa política cultural en soster por amiguismo e convivencia ideolóxica o custoso capricho do señor Rei de Viana, que non sabemos para que serve porque non funciona por aí adiante. Mentres, as agrupacións populares de música e danza están deixadas da man de Deus e da súa, que é o que importa, e non hai nin un xermolo dunha escola de ballet clásico ou contemporáneo.

En utilizar o centro de arte dramático, "ad pompam et ostentationem" ostentacionen, mentres segue sen haber unha Escola de arte dramático para formación de actores e directores e os grupos e compañías teatrais seguen condenados ó ostracismo ou á mendicidade da Xunta.

En manter enquistada a Xove Orquestra de Galicia, no canto de desenvolvela como xermolo dunha orquestra sinfónica, xa se me adiantou don Franciso Vázquez, pero, á fin e ó cabo, iso non ten nada que ver para que vostedes fagan unha política de cultura musical como é debido.

En manter na penuria absoluta os conservatorios de Música. O Estado español, segue sendo o único Estado de toda Europa no que aínda non existe o bacharelato musical. A vostedes nin se

lles pasou pola cabeza que, ó mellor, había que reclamálo ou que poñelo a andar en Galicia, xa que teñen competencias exclusivas en Educación. Mesmo en Portugal existe, xa que lles gusta sempre, o de Portugal, mesmo en Portugal existe.

En manter como cero a esquerda a constelación de bandas populares, que foron e son as únicas escolas populares de música nas vilas e no medio rural deste país.

En que a Dirección Xeral do Libro segue unha liña de política editorial inquisitorial e outro tanto a Dirección Xeral de Política Lingüística.

En monta-lo estaribel dun Instituto "Ramón Piñeiro" para investigación da lingua, cando existe xa un Instituto Universitario da Lingua Galega e unha Real Academia Galega que, ademais, agora, seica se apelida da Lingua.

En que a política de patrimonio histórico e artístico se revela en atentados monstrosos contra o Camiño de Santiago, como o Consello da Cultura e o seu presidente, señor Filgueira Valverde, que non é sospeitoso de ser do Bloque, denunciaron publicamente.

Mais peor de todo é a súa política institucional, que reduce a democracia a unha vergonzosa parodia de tal cousa. Manipula este Parlamento como se fosen as Cortes franquistas coa súa maioría absoluta. Practica a censura, no seu máis vello estilo, nos medios de comunicación públicos autonómicos e as chantaxes económicas sobre os medios de comunicación privados. Nunca nestes doce anos estivera tan enrarecido e falto de osíxeno o aire dos dereitos e liberdades democráticas na práctica institucional como baixo o seu concreto mandato, señor Fraga. E, en todo isto, non interfere o Goberno central do estado.

Remato, señorías. É coñecida a posición do BNG respecto do problema político de Galicia. É sabido que o BNG considera que só institucións políticas soberanas propias poden constituí-los instrumentos de poder político acaído para que o pobo galego resolva os seus problemas sen estar hipotecado por razóns de Estado que non son as nosas e que xogan, a maior parte das veces, na nosa contra.

É sabido que, pola mesma, o BNG nunca asumiu que o réxime autonómico fose a fórmula axeitada para o autogoberno de Galicia, e o balance destes dez anos dáunos paladina e concluintemente a razón; mais tamén é certo que a Autonomía podería servir para bastante máis do que serviu nas mans de vostede, señor Fraga, do seu predecesor o doutor Albor e do actual PP e os seus devanceiros.

Neste aspecto, o problema consiste en que vostede e os seus nunca creron no autogoberno de Galicia, menos aínda loitaron nunca porque Galicia o acadase e sempre combateron contra nós, os nacionalistas, os únicos que entregámo-las nosas enerxías e a nosa vida á loita por autogoberno do pobo galego. Mais cando o vento da historia trouxo mal que ben, esta forma depreciada e espúrea de autogoberno que é a Autonomía, vostedes subíronse ó tren en marcha para usurparen nunha forma de poder que vostedes tentaron impedir que se constituíse, e mais para inutilizado, baleiralo de contido efectivo, guíalo na dirección contraria da que se lle imprimiría ó servizo deste pobo e, en definitiva, para servirse dese poder en beneficio propio, para a simple permanencia de vostedes no poder.

O resultado, remato, está á vista. Dez anos de Goberno reaccionario na Autonomía galega. Tres anos de exercicio directo dese poder por vostede, señor Fraga, dan como balance un retroceso da situación económica, social, cultural e mesmo política de Galicia e do pobo galego.

Dixemos hai tres anos que vostede sería unha catástrofe política para o noso país. Foi peor, aínda, foi unha peste. E non unha peste de ficción como a que alegóricamente fabulou Albert Camus e situou na cidade alxeriana de Orán durante o tempo do nacemento, senón unha peste política real e efectiva que leva camiño de converter-lo corpo social galego nun cadáver.

Levamos tres anos de peste, ó pobo galego lle corresponde desfacerse politicamente de vostede se, realmente, quere zafarse do andacio, revivir e prosperar. Se quere recobrar, efectivamente, os dereitos e as liberdades que vostede tornou irrisorias. E farao, de seguro, ben axiña, neste mesmo ano xubilar e, daquela, será efectivamente ano xubilar non no sentido relixioso senón no sentido cívico.

Se cadra, despídome, vostedes terán que aplicarlle iso que hoxe dicía que era o Centro de Coordinación de Transplantes para que democraticamente o trasplanten onde corresponda e nos deixe en paz.

(Ocupa a Presidencia o seu titular).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

Ten a palabra o señor Sánchez Presedo, polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor SANCHEZ PRESEDO: Señor presidente, señorías, vou comeza-la intervención do Grupo Parlamentario socialista. Eu quixera nas miñas primeiras palabras, facer unha referencia ó discurso que esta mañá pronunciou aquí o señor presidente da Xunta de Galicia. A verdade é que non agardaba grandes novidades, e así o dixen. Tiña as menores expectativas sobre o que podía dicir aquí o presidente da Xunta de Galicia e, aínda sendo cativas as expectativas, víronse defraudadas. Creo que está ben, e me parece positivo, que vostede hoxe non soltase aquí ningunha lebre, así o que ocorría era que por primeira vez nun debate sobre o estado da Autonomía, iamos a falar da situación de Galicia.

Eu tiña curiosidade de se vostede, en lugar de soltar lebres, falaría da situación de Galicia, ¿Cál foi o seu discurso? A verdade é que o que hoxe puiden apreciar foi un discurso anodino e desganado, señor Fraga Iribarne. Creo que foi un discurso con pouca iniciativa, con pouco impulso, pero, sobre todo, a min pareceume que foi un discurso intrascendente, e o peor que se pode dicir do discurso dun presidente nun Parlamento é que é intrascendente. Non lle ofrece ningunha novidade a este país. Non realiza ningunha reflexión que poida introducir elementos novos na valoración dos nosos cidadáns, non marca obxectivos, non traza rumbos. Eu creo que foi o discurso do oficinista que simplemente chega aquí e fai un relatorio de acontecementos, pero son os acontecementos que estivemos debatendo aquí cando debatémo-los presupostos. Todo iso, as matemáticas, coñeciámolas, pero o que falta é saber que sentido ten todo o que se está realizando neste país.

O que os galegos querían saber é, que sentido ten, que representa aquí, señor Fraga Iribarne. E eu creo que vostede hoxe, en lugar de falar do país, falou simplemente da súa Administración. O único que fixo foi mirarse o embigo, pero non mira-la sociedade galega, e identificarse cos seus problemas e establece-las prioridades políticas que desde o seu punto de vista se deben seguir para abordar eses problemas e lanzar unha mensaxe cara ó futuro.

Eu creo que un debate sobre o estado da Autonomía ten dúas partes, a primeira é un balance que, desde o meu punto de vista, debe ser un balance político, non debe se-lo relatorio dun rancio burócrata que chega aquí expoñer algo que parece que nin sequera vai con el. Hai que falar sentindo os problemas do país, identificándose con eles e establecendo prioridades e, ó mesmo tempo, ten que ser un debate de perspectivas para Galicia. Galicia -e para iso deben servir estes debates- debe comprende-lo que ocorre no noso país, o que pasa e o que non pasa. Galicia debe ter unha idea clara de cales son os elementos da conxuntura pola que estamos atravesando actualmente, pero tamén debe ter unha visión de cales son as grandes tendencias que van máis alá da conxuntura.

A política eu creo que non pode ser simplemente un vaivén, hai que actuar e tomar decisións no día a día, pero hai tamén que te-la mirada posta nas grandes tendencias. Eu non creo na política populista, non creo na política que consiste en andar pendente da veleta, ademais, xa digo, o populista máis famoso que eu coñezo foi Pilatos, que o que fixo foi lava-las mans, e eu creo que na política hai que definirse e saber con que se está comprometido, hai que establecer obxectivos e hai que poñer-los medios necesarios para conseguilo.

Para facer balance despois de tantas cifras, despois de tantos números, despois de tantas cuestións internas, hai simplemente que ver este gran río que é Galicia, e dicir se nese caudal europeo, se nese caudal español hai cada vez máis auga galega. Eu creo que o caudal de Galicia, se está achicando e vostede non pode vir aquí facer un discurso triunfalista cando, realmente, o que nós lle ofrecemos a España e a Europa cada vez é unha achega inferior.

Se isto en lugar dun Parlamento fose unha grande empresa, se isto fora unha xunta de accionistas e vostede viñese hoxe aquí falar da situación da empresa, creo que o balance sería o seguinte: vostede tería que dicir que houbo unha caída preocupante do ritmo da actividade durante estes catro anos. Esa caída tamén ocorreu en España e en Europa, pero o problema específico que ten Galicia é que aquí a caída é superior e que, polo tanto, os nosos competidores están gañando posicións. É dicir, existe unha crise, pero aquí é máis grave e máis profunda ca noutros países.

En segundo lugar, os ingresos da empresa, os ingresos que reciben tódolos galegos, cada vez dependen máis das axudas e subsidios e menos das actividades productivas. Ou sexa, cada vez dependen menos da nosa autonomía real como país, da nosa fortaleza como país para producir e dependen máis da solidariedade que recibímolos galegos.

Polo tanto, entre o binomio autonomía-solidariedade nós en Galicia apostamos por máis autonomía, pero temos un retroceso da nosa autonomía porque os galegos dependemos cada vez menos do que producimos e máis das rendas que nos envían por solidariedade.

Vostede tería que dicir que nesta gran empresa hai un descenso do persoal productivo moi importante e moi doloroso. Hai un incremento real da conflictividade e, ó mesmo tempo, se o que vai mal é o aparato productivo, o que aumenta é o cadro de persoal burocrático, que é o que vostede fai neste país. Cando unha empresa ten un problema de produción o que facemos rapidamente é aumenta-lo cadro de persoal burocrático, é dicir, menos emprego pero máis burocracia, e iso vostede tiña que vir aquí e explicalo.

Vostede debería recoñecer que non existe unha estratexia para as distintas divisións productivas, simplemente un relatorio de actuacións, pero non se coñece o guion que se vai seguir. Logo falarei eu, desde o meu punto de vista cal é o guión que debería seguir este país nos próximos anos.

Polo tanto, non existe unha estratexia, os servizos, malia o aumento importante dos recursos

durante estes catro anos, son insatisfactorios para os usuarios, amais da ineficacia real da xestión. Nos próximos catro anos, ademais, a empresa vai ter maiores cargas financeiras cás anteriores, ata o punto de que as cargas financeiras van colmar toda a nosa capacidade paa endebedarnos, de crédito, e, ó mesmo tempo, van detraer recursos do noso propio aforro. Así pois, Galicia está máis hipotecada que hai catro anos e habería que dicilo tamén, porque isto dise nas empresas, que a cúpula directiva é moi veterana e de difícil reciclaxe, eu creo que ese é o balance global de Galicia.

Realmente, a min paréceme bastante estraño que vostedes non presenten o balance desa grande empresa, ese gran compromiso que se denomina Galicia. O único que realmente queren é que aquí, en lugar de mira-lo balance, nos conformemos cun publireportaxe; é dicir que os accionistas non estudien os resultados reais, senón que simplemente vexan a publicidade.

Vostedes todo o fían a unha campaña de marketing, e mire, señor Fraga Iribarne, detrás do marketing, ten que haber un produto e o problema de Galicia é que vostedes aquí carecen dun produto. Cando se valora o que vostedes prometían hai máis de tres anos e o que agora ofrecen, isto é un gran fracaso desde o punto de vista do país, pero é que, ademais, pode ser unha gran mentira desde o punto de vista das súas posicións, porque o que vostedes dixeron non é o que agora ofrecen e, polo tanto, ou entón non estaban adquirindo un compromiso coa sociedade galega ou é que non foron capaces de cumprir cos compromisos que contraeron con ela.

Nunha empresa sería o resultado está moi claro, debe de haber un cambio de estratexia, un cambio de orientación, un cambio de dirección e un cambio do máximo responsable, iso faríase en calquera empresa razoable.

¿E para que un cambio?, eu creo que, fundamentalmente, un cambio para tres grandes orientacións:

Primeiro, para incorporar Galicia ás novas tendencias que existen no mundo. Situar Galicia definitivamente nas novas tendencias que existen no mundo, non podemos andar toda a vida a remolque. Tamén para supera-la crise que esta-

mos padecendo actualmente, pero superala con ventaxe, non simplemente porque pase a crise, e para gañalo futuro, señor Fraga Iribarne, porque neste país eu creo que é necesario tamén falar de futuro. A min paréceme moi importante que alguén expoña un obxectivo que, desde o meu punto de vista, é o obxectivo fundamental de tódolos galegos. Galicia ten que deixar de estar na retagarda, Galicia pode comezar a xogar adiante, pero iso non chegará soamente con propaganda, señor Fraga Iribarne, para iso é necesario ter unha política.

Hai que incorporar a Galicia ós ventos da historia, porque creo que os ventos da historia son todo ó contrario do que vostede representa, señor Fraga Iribarne. É a liquidación do ultraliberalismo, é a liquidación do conservadurismo, é a liquidación dos réximes que non estaban comprometidos coa liberdade e a democracia. Os ventos da historia son os ventos da liberdade, pero dunha liberdade que non é oportunismo, que non se cambia por eficacia como vostede dicía falando do franquismo hai uns días, é unha liberdade incondicional. Hoxe a democracia e os ventos de futuro son para os que cren de verdade na liberdade, pero non nunha liberdade con condicións, senón na auténtica liberdade.

Hoxe o motor dos cambios que existen no mundo non vai se-la forza, non vai se-lo diñeiro, vai se-lo coñecemento -polo tanto a libre iniciativa das persoas-, vai se-la liberdade, e vostede a este país non lle pode ofrecer iso fundamental que este país necesita porque aínda onte tiñámolo exemplo claro de que nun carnaval teñen que saír a dici-lo que non se pode dicir moitas veces se non é en carnaval, e é que, señor Fraga Iribarne, aquí vostede sigue inspirando temor e nós queremos para Galicia un presidente que inspire confianza, confianza a tódolos galegos, ós seus partidarios e tamén ós seus adversarios políticos, e vostede, señor Fraga Iribarne, segue inspirando temor. Os novos valores non son os valores que vostede representa, son os valores dunha sociedade que ve que é interdependente, que é interdependente na economía, que é interdependente no medio ambiente, que é interdependente na seguridade, unha sociedade que, polo tanto, é consciente de que existe un destino común, e ese destino común hai que organizalo a nova escala como proxecto europeo. Hai que organizalo tamén desde a cooperación plural e non desde o

uniformismo, como a Administración única, desde a pluralidade que é distinto que duplicidade, señor Fraga Iribarne. Hai que organizalo desde o público, porque se existe interdependencia se necesita un espacio público digno, e hai aquí algúns que o único que trataron de defender foi un discurso de mercado, o becerro de ouro do mercado, e iso é o que fracasou.

Novamente volven estas miradas postas nas persoas, nos vínculos sociais, na solidariedade, non pode se-lo fundamental a libre empresa senón que a liberdade de empresa ten que ser un instrumento para persoas libres, e toda a súa filosofía é a filosofía que fracasou. Todo ese monetarismo é o monetarismo de Reagan e de Thatcher, iso é o que fixo que neste país existisen coles de monetarismo e especulación; os seus amigos, que están pasados, son os que defenden estas posicións.

Eu creo que á dereita deste país hai que falarlle claro. Voulle dicir algo moi sinxelo, creo que Galicia non necesita superviventes do pasado e que a dereita de Galicia vai ter que pedir moitos anos perdón por tratar de perpetuarlo pasado en Galicia. Vostedes teñen agora o plato de lentes de catro anos de goberno, pero o único que fixeron foi demostrar que non tiñan para este país un proxecto de futuro, un proxecto inspirado nas novas tendencias da liberdade, dos vínculos sociais, das persoas. Eu creo que vostedes se van arrepentir, non se necesitan superviventes do pasado, o pasado ten que ir ós museos, incluso con tódalas indulxencias porque estamos nun ano santo, pero non pode estar nos gobernos, nos gobernos teñen que estar os pioneiros do futuro, as persoas que estean dispostas a abrir vías dentro de Galicia.

Vostedes falaban de Europa, pero o de sempre, de Europa como retórica, Europa simplemente como discurso, non Europa como compromiso. A vostede había que velo aquí nesta tribuna se saíse presidente da ARE, había que velo. Seguramente que non faltaba unha referencia á ARE no seu discurso, pero vostede non fala da ARE porque alí lle puxeron o espello, señor Fraga Iribarne, vostede en Europa non ten o respaldo nin dos seus propios correlixionarios, e ese é o problema. Cando vostede fala de Europa non llo cren nin os seus propios correlixionarios, foi o que vimos en Galicia. Cando se fala de Eu-

ropa non hai que falar en termos abstractos, todos sabemos que se os problemas teñen unha nova escala é necesario ter unha nova escala para organizármolos e que Europa é a garantía de que sexámo-lo que somos. E unha garantía de identidade, pero, ó mesmo tempo, o camiño europeo é a garantía de que serémo-lo que podemos ser. Como dicía Píndaro, “chega a se-lo que es”.

Europa é garantía de identidade, pero tamén é a garantía de futuro, desa equiparación, dese camiño que debemos recorrer. Eu creo que hai que ter unha idea moi clara, é necesario axustarnos a Europa, o custo do axuste sempre será infinitamente inferior có custo do non axuste, e vostede aquí non debía falar só de Europa, hoxe o proxecto europeo real avanzou un paso, o proxecto europeo ten un nome, e é converxencia. Vostede tiña que chegar a esta tribuna e dicirlle a Galicia que vostede aposta polo proxecto de converxencia de España e de Galicia, iso é o que tiña vostede que vir dicir aquí, e que, realmente, o seu obxectivo era chegar á converxencia con este país.

O problema é que Galicia está nunha senda real de diverxencia, señor Fraga Iribarne, e eu son dos que pensa, como socialista ou como socialdemócrata, que a unión europea, como todas as unións, nos fará máis fortes e, non nos enganemos, todo o que sexa non avanzar cara á unión vainos debilitar máis. Vai custar esforzo, pero canto antes cheguemos, antes disfrutaremos das súas ventaxes. Europa non pode ser xa un pretexto, un discurso, uns xogos florais, ten que ser algo máis na vida deste país.

En Galicia existe unha crise, non sei se vostede se decatou, esta palabra a mencionou. Existe unha crise que nos afecta a todos, a tódolos galegos, a tódolos españois, a tódolos europeos, ós países máis industrializados, a todos nos afecta. Eu non digo que vaíamos chegar a unha sociedade na que non existan problemas, problemas existirán sempre, o que vai determinar é a capacidade de afrontalos. O que ocorre é que esa crise que existe a nivel global, bate con máis forza en Galicia, señor Fraga, bate con maior dureza nas galegas e nos galegos do que bate, por exemplo, no resto dos españois. Xa quixera eu que os resultados da crise en Galicia fosen os resultados do conxunto de España, pero

non son só isto, aquí a crise se afronta peor que no resto de España.

Ante isto hai tres reaccións, sempre hai tres reaccións nun caso desta natureza: a reacción do pesimista, a reacción do optimista e a reacción do realista. O pesimista simplemente se queixa do vento, o optimista espera que cambie e o realista axusta as velas. Eu creo que vostede non axustou as velas e se limitou simplemente a queixarse do vento. Estou convencido de que o vento vai cambiar, pero vostede, ¿que axustes anunciou para Galicia? Vostede tiña que lle falar á sociedade galega de que esta crise se pode afrontar, que non nos podemos arrugar despois de catro anos cunha crise desta natureza,

Isto é o que tiña que dicir un presidente, señor Fraga Iribarne, pero vostede non veu aquí falar dos problemas do país, e de que deberíamos ir aproveitando este tempo para, a continuación, ser beneficiarios da reactivación, chegar á reactivación en boas condicións, nas mellores condicións, ese debería ser un obxectivo que vostede lle plantexase aquí a tódolos galegos.

E como vostede non fala destas cousas, eu creo que o único proxecto real para este país, é un proxecto de socialdemocracia, un proxecto socialdemócrata coas dúas patas dun proxecto socialdemócrata, modernización, cohesión e benestar social, ese é o único proxecto. Vostede chegou aquí, e non falou de emprego porque, ó mellor, as persoas galegas que o perderon non lle doen, e vostede para elas e para a sociedade, que está preocupada polo avance do desemprego, non tivo aquí ningunha referencia.

Pero mire, se vostede ten realmente algún apartado da súa actividade no que é líder, é na destrución de emprego, vostede é líder en destrución de emprego. Desde 1989, nin un só ano se creou emprego en Galicia, tódolos anos foi descendendo o emprego no noso país. En catro anos 80.610, pero, claro, como vostedes falan de España e para vostedes España vai tan mal no seu conxunto,... Se en Galicia fósemos como no conxunto de España, en lugar de perder 80.610 postos de traballo, perderíamos 18.000. é dicir, a quinta parte. E se aquí as cousas van case cinco veces peor en materia de emprego será por algo diferencial, señor Fraga Iribarne. E ese algo di-

ferencial é porque non existe unha resposta correcta para o país.

Eu creo que aquí había que aborda-lo tema e facer algunha reflexión en materia de emprego, porque hai un obxectivo que este país ten que propoñerse, poderemos conseguilo ou non, pero o que non podemos é renunciar a propoñelo e pasar de ser líderes en destrución de emprego a se-la comunidade pioneira en creación de emprego. Pódese facer iso, pero vostede tampouco o expón porque vostede vai seguir gozando cos libros, cos papeis e coa publicidade, pero o problema é que este país necesita de obxectivos políticos. Hai que situa-lo emprego como un obxectivo de todos, vai ser unha tarefa complicada porque en Galicia existe a tendencia entre os interlocutores sociais de reivindicar, de reclamar, de esixir, e eu creo que en Galicia se vai necesitar un presidente que veña a este país e diga que hai que achegar, que hai que ofrecer, que hai que contribuír a un esforzo común, e que non podemos facer como pescadiña que morde a cola, reivindicando uns ós outros, que algunha vez en lugar de dici-lo que reclamamos teremos que dici-lo que ofrecemos e o que damos. E iso era vostede quen tiña que propoñerllo a este país.

A creación de emprego vai ser difícil, o crecemento só, probablemente, non vai ser suficiente para crear emprego. Vostedes saben que nas sociedades actuais, cada vez con menos emprego se produce máis, e aínda que aumente a produción, é probable que ese aumento non se traslade mecanicamente en emprego. Polo tanto, a política de emprego ten que ser unha política de crecemento, de reactivación, pero ten que ser tamén unha política de innovación, de creatividade, de cambio de hábitos, de liberdade, de novas experiencias, e vostede tiña na súa man os instrumentos que podía comezar a utilizar.

Por exemplo, a dedicación a tempo parcial. Vostede podía comezar a través do emprego público, podía tratar de impulsa-lo ocio a novas actividades. Sería necesario, ademais, ter en conta que para crear emprego se vai necesitar algo que nós estamos moi acostumados a achegar e a reclamar, algo que é solidariedade. Eu acabo de ver unha experiencia en Francia, dunha empresa en crise, onde tomaran unha decisión os empregados e os empresarios, e era non despedir traballadores senón reducir un pouco a xornada pa-

ra que todos puidesen seguir traballando, aínda que fose menos tempo. Repartir traballo, nas empresas en crise, ó mellor había que propoñelo en Galicia, e era máis importante o esforzo de todos para manter cadros de persoal que non simplemente, cando existe un problema, ir ó seu axuste. Iso vostede aquí podía propoñelo, pero vostede non o fixo, señor Fraga Iribarne, porque vostede, seguramente, está moi satisfeito de como vai todo e pensa que, incluso, pode repetir, e como o próximo mandato será máis do mesmo, en lugar de 80.000 parados teremos 200.000, pero non se preocupe que nós imos evitalo.

Agricultura. Hai que lles falar ós agricultores, pescadores, ós empresarios, ós traballadores, ós comerciantes pequenos e medianos, ós grandes. É necesario falarlle á xente que vive do turismo, é necesario falarlles a tódolos sectores do país. ¿Qué modelo teñen vostedes de agricultura e qué pensamos nós que debería selo obxectivo en materia agraria?

Aí está o PES, o plan económico e social. Vostedes teñen un plan económico e social que é escalofriante, é un mazazo para o campo galego, e é un mazazo porque se poñemos en relación o descenso da poboación ocupada, coa evolución da produtividade o que vostedes están propoñendo no Plan económico e social é que a produción agraria de Galicia descenda a cuarta parte nos próximos anos. É dicir, un crecemento negativo. O modelo seu para a agricultura é aproximarnos á situación actual de angustia que viven os países do leste, ese é o modelo que está no seu plan económico e social. Pretenden converter-lo espazo rural cada vez con menos produción, e o que van conseguir é converter-lo espazo rural nun gran asilo. Vostede incluso, tratará de lle dar cobertura ó señor Aznar. E o que lle diría ó campo, ás persoas veteranas, as persoas maiores que viven no campo, é que se realmente vostedes fan o que prometen, privatizalas pensións, no campo de Galicia, vai volver a haber fame, señor Fraga Iribarne, vai volver a haber fame, así de claro, se vostedes aplican as súas políticas.

Debo decirlles que a solución moitas veces non é planifica-la aterraxe no declive, senón que é a contraria, é despegar cara ó liderato, por exemplo no sector lácteo. A única solución de futuro que ten Galicia é se-los líderes, esa é a

solución que ten o sector lácteo dentro do noso país. E polo tanto hai que organizalo todo para ser os líderes, porque se existen grandes superficies en España terán que existir grandes industrias e terán que existir grandes organizacións de produtores, por isto teremos que facer todo para que exista un sector lácteo galego potente. Vostede fala de que é a materia pendente, ¡claro!, pero iso é o que había que facer, precisamente, e é o que non está feito. O que había era que moderniza-lo sector leiteiro galego, colaborar para que os produtores se fosen organizando sen interferencias, coma no asunto do viño, que é precisamente un sector que vai ben e ó que non se lle está acompañando na súa evolución.

Iso na agricultura, pero se imos á pesca pasará algo parecido. Galicia é a potencia pesqueira de España e España é o gran Estado pesqueiro de Europa, polo tanto, eu creo que Galicia debía xogar un papel moi importante cando se fala de pesca en España e en Europa.

Hai unha referencia que a min me parece ineludible. Mire vostede, a actividade pesqueira vai estar permanentemente sometida a negociación. En canto ó acceso ós recursos, vai estar sometida a tensión, a un equilibrio entre o esforzo pesqueiro e os recursos pesqueiros, vai estar sometida a un equilibrio constante, e se o que queremos é que exista pesca, imos ter que acostumar-nos a vivir na tensión, na negociación, no equilibrio. Paréceme que lle prestaríamos un gran servizo a este país se considerasemos que se a pesca é un sector no que existen tensións, no que existen negociacións, tratásemos de non sobrecargalo coa disputa política. Convertámola pesca nun gran acordo nacional en Galicia, fagamos da pesca unha política de Estado; iso foi o que eu propuxen sempre, pero vostedes preferiron outro modelo, optaron polo modelo contrario. O seu conselleiro, cando tomou posesión, díxoo ben claro, teño aí as declaracións: "Eu sempre vou ser belixerante contra a Administración do Estado", esa era a súa posición, non facer da pesca un compromiso de todos, un campo estable, que xa bastante inestabilidade imos ter porque a pesca é un forcexeo permanente, senón facer da pesca algo así como o xogo dos barcos, e eu creo que unha cousa é a política pesqueira e outra cousa é xogar ós barcos.

Creo tamén, que a confrontación non dou resultados positivos. Ahí está a flota conxeladora, na que aínda non hai un cofinanciamento por parte da Xunta de Galicia. Existe un plan, pero iso é literatura, os recursos aínda non están aí. Aí están os trescentos no País Vasco, cofinanciando coa Administración do Estado, e aquí aínda non existe cofinanciamento. Aí está o sector do cerco, que había que axudalo a aproveitalas ventaxes comunitarias; existe posibilidade de utiliza-los mecanismos de intervención cando os precios da sardiña son demasiado baixos e non se están utilizando moitas veces. Falamos dos problemas do Mercado Común, pero non poñémo-los medios para aproveitarnos das ventaxes do Mercado Común.

Ademais, creo que é necesario un novo concepto de pesca.

O señor PRESIDENTE: Rógolle que remate, señor deputado.

O señor SÁNCHEZ PRESEDÓ: Si, señor presidente.

Si, señor presidente, teño en conta esa luz, pero o presidente da Xunta de Galicia falou hoxe tamén o dobre do que é habitual, polo tanto, eu pediría que se me deixe rematar.

Un novo concepto de pesca responsable, que significa que hai que conseguila responsabilidade dos que son os protagonistas do sector: dos armadores, dos homes do mar, teñen que sentir-se corresponsables na política pesqueira.

Aí está o conflito do arrastre. A min paréceme ben que exista unha política que se destine a preserva-los recursos, pero creo que se debe explorar. Se para preserva-los recursos temos que acumular toda a oferta un só día, é dicir, para preserva-los recursos temos que aceptar que van cae-los precios e temos que renunciar a dous días de retraso na chegada ós grandes mercados, os luns e os martes. A min gustaríame saber se poderíamos garanti-los recursos evitando a caída de precios e tratando de ter un acceso estable ós mercados. Iso é complicado. Parece que para vostedes é imposible, que vostedes non van poder realizalo.

E, ¿para que falar do marisqueo? En canto á ordenación das bateas dicían que ían ordenalas todas, pois só está escasamente a décima parte das bateas ordenadas. Podemos mira-la evolución dos precios, podemos falar aquí dos portos, pois vostedes van por baixo, en materia portuaria, dos investimentos que estaban planificados, ou do saneamento das rías que, loxicamente, faría unhas rías mais limpas e tamén sería importante desde o punto de vista da calidade dos recursos que obtemos nelas.

Ou falemos da industria, a mín paréceme que se di todo cando comprobamos que case a metade do presuposto de investimento da industria, o 45%, vai destinado a accións inmateriais. O problema das industrias deste país é, que hai pouca propaganda da Xunta e se van a arranxa-los seus problemas con máis gastos non productivos. ¿É así como se resolven os problemas deste país?

Falemos do IGAPE, vostedes saben que os empresarios reciben o IGAPE con moitas retencencias e que vostedes poden convertelo nun cemiterio de empresas, que foi o que fixeron sempre, e non nun semilleiro de novas actividades.

Podemos tamén falar dos éxitos que exhiben, dese acordo cos estaleiros de Vigo. Pois ese acordo cos estaleiros de Vigo foi utilizando a nosa proposta de ir os tipos de interese europeos. A mín paréceme que foi unha achega útil da oposición e, ás veces mire, acertan cando aplican as nosas propostas, aínda que non o recoñezan.

Podemos falar do comercio, pero a política comercial aínda está inédita. Os pequenos e medianos comerciantes quixeran saber cal é a política comercial da Xunta, que van facer para facilitar-la modernización do pequeno e mediano comercio. A mín paréceme que sería ridículo pensar que podían considerar iso que vostede dixo, que se ían a instalar sete novas grandes superficies para tratar de correxi-los problemas de excedentes da pataca na Limia. Creo que mesturaron unha cousa con outra, non saben o que está significando a presenza das grandes superficies, ó que nos obriga dentro deste país, a resposta que é necesario dar para que non existan perdedores, señor Fraga Iribarne; a mín paréceme que destas cuestións había que falar.

Ou falar do turismo. Vostede di que é un experto en turismo, pois mire, se non chega a ser un experto non sei o que podería ocorrer, porque o certo é que nos tres últimos anos descendeu respecto do ano 1989 o número de visitantes a Galicia. Vostede pola mañá chegaba aquí e dicía: “Gañamos tres premios no noso pavillon”, pero mire, aquí a hostelería non vive de medallas, vive de visitantes, e se baixan os visitantes, por moitas medallas que lle poñan, o problema vai estar aí e, polo tanto, agora co ano santo o que non imos saber, é se os visitantes do ano santo aumentan polo ano santo ou por vostede. A mín paréceme que está moi ben varrer para a casa, pero se se fai que se faga correctamente, facendo o que hai que facer e non aproveitando o ano santo para facer moitas cuestións que non había que facer, señor Fraga Iribarne. Ademais creo que o turismo non pode apoiarse nun evento, o turismo de Galicia non vai vivir soamente do 1993, ten que vivi-lo 1994, 1995, 1996, tódolos anos que non son Ano Santo.

Eu creo que vostede o gasta todo pero simplemente cunha idea moi elemental: face-lo fin de festa dun Goberno que vai se-lo goberno co balance social e económico máis negativo da etapa autonómica de Galicia.

Atravesamos unha crise, é certo; pero vostede debe recoñecer que a pesar de atravesar unha crise a Xunta manexou moito máis diñeiro ca antes. Vostedes dispuxeron de dous billóns (billóns con “b” de Barcelona) nestes catro anos. O presuposto do ano 1989 era de 280 mil millóns de pesetas e o de 1993 é de 675; é dicir, vostede aumentou extraordinariamente o presuposto. Nesta etapa e con eses recursos vostede tiña que multiplicar por oito todo o que se realizou anteriormente. E eu digo ¿apréciase unha mellora paralela a evolución dos recursos? E, por certo, vostede pódese poñer-la medalla, pero eu direi que o señor Solchaga é quen consegue os recursos que logo vostede administra. E direi, ademais, que os consegue con gran sacrificio da xente deste país, e vostede gástaos con gran alegría e pouca moderación señor Fraga Iribarne.

(Aplausos)

¿Apréciase unha mellora dos servizos públicos? Algunha cuestión diremos no tema da sanidade, que é universal. Aquí pode ocorrer coma

en Estados Unidos, que era o país que gastaba máis en sanidade pero que ofrecía menos cobertura sanitaria do mundo. Vostedes teñen máis recursos, pero eu digo ¿hai máis calidade? Na atención primaria aínda seguense pasando borradores sen dicir en que consiste a atención primaria. O problema que teñen que recoñecer é que non teñen modelo alternativo, que fracasou o seu proxecto; por iso van seguir pasando borradores en materia sanitaria.

Na atención especializada tódalas expectativas de antes das eleccións do que ían crear non son hoxe realidade. ¿Onde están eses novos hospitais que vostede anunciaba na pasada campaña electoral? Mire vostede fixo unha transferencia. Decía que se ía ir a presupostos reais. Hoxe, os centros privados teñen 23 mil millóns de pesetas de débedas. O seu modelo non é un modelo liberal, nin de privatización o seu modelo é un modelo público, ¡puro e duro! O seu modelo é poñer contra as cordas en suspensión de pagos e en creba os que no sector privado queren colaborar na sanidade deste país. E con esa débeda a todo o mundo se pon a tremer cando di que vai aumentar os recursos sanitarios porque iso significa máis gastos e máis dificultades para atende-los compromisos.

Para afrontar realmente o reto sanitario hai que administrar correctamente, e vostedes cometeron un error imperdoable, señor Fraga Iribarne: expulsa-los mellores sectores sanitarios que existían en Galicia. Iso foi unha demostración de sectarismo. O mesmo fixeron cando politizaron os delegados provinciais, que ata ese momento eran cargos de carácter administrativo.

Se, esa é a política da que falan pero logo non practican. E eses son datos reais que están aí á vista de todos. Tamén en materia de educación...

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que remate, señor deputado.

O señor SÁNCHEZ PRESED: Si, señor presidente, quedánme bastantes cuestións: educación, vivenda, medio ambiente, etc., bueno, deixáremo-lo para despois.

Vou rematar dicindo algo: vostede nunca tivo claros os obxectivos e nunca puxo os medios nin os lexislativos nin os económicos nin os organizativos. Vostede simplemente estivo divagando catro anos por aí adiante; e claro, sempre hai coro en Galicia para os divagadores, de verdade que si. O que ocorre é que se estivesemos máis ocupados, habería menos coros para os divagadores e todos estaríamos á faena, ¿compréndeme señor Fraga?

Vostede chegou aquí falando de exemplaridade. O primeiro que fixo foi un Goberno mirando cara a dentro, mirando cara o seu partido, e non en función das necesidades do país e si, por moitas cuestións que se dixeron aquí, cunha falla de reacción diante da ineficacia de comportamentos inadmisibles. Mire, vostede esta mañá falaba de Tocqueville e Tocqueville escribiu un libro sobre a democracia en América. Hai dous días eu vía como funcionaba a democracia en América, como o presidente Clinton quería formalo goberno e como non podían entrar nel persoas que tivesen levísimos episodios que non estivesen totalmente de acordo coa legalidade. Non debería falar de Tocqueville, señor Fraga, debería aplicalo, porque se non, vostede convertírase nun gran consentidor. Debe saber que aquí non se pode vir a facer discursos, aquí hai que vir a aplicar. Creo que de manipulación estamos todos, a estas alturas, un pouco cansados.

A estas alturas -e remato, señor presidente- o tempo demostrou que vostede, señor Fraga, non era a solución, senón o agravamento dos problemas, o pretexto de tódalas inercias, a continuidade da vella política. Vostede ten un pasado tenebroso, un presente escuro e ofrece para Galicia un negro futuro. Eu creo que vostede lle pasou a hora e que a súa idade non é a idade deste país. Galicia pode mirar un futuro distinto, vostedes non; vostedes sigan mirando para atrás que é o único que están facendo. Xa pagarán as consecuencias. Eu creo que é hora de poñer a rosa da esperanza no centro do xardín galego.

Moitas grazas.

(Aplausos)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Presedo.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Vázquez Portomeñe.

O señor VÁZQUEZ PORTOMEÑE: Señor presidente, señorías, esperarei que as súas señorías terminen de acougar ou de marchar.

O único que mira para atrás verdadeiramente, neste Parlamento, señor Sánchez Presedo, é vostede, co seu discurso oxidado o estilo de don Alfonso Guerra -tenme que perdoar- ancorado na historia e que cree que inda estamos baixo o anterior rexime; as súas críticas sempre se refiren a entóns. Polo tanto, non nos fale de pasado, certamente, tampouco intente, por favor, darnos leccións de como remedia-lo paro eu creo que é unha certa ousadía, pero disto xa lle falarei oportunamente.

Unha cousa é certa: o ano pasado eu díxenlles as súas señorías que interviñeran aquí na tribuna que se me asomaran coma uns fiscais soñudos, e este ano o que teño que engadir é que son uns verdadeiros catedráticos da descualificación, un tanto coxos de obxectividade, iso si.

Hai dúas cuestións verdadeiramente sintomáticas. A primeira cuestión é que as súas señorías, portavoces dos distintos grupos, criticaron o que non dixo o presidente. Iso é así; empezaron a resaltar lagoas, a face-lo seu discurso e a inventalo que tería que dicir para fundamenta-las súas críticas. Isto é un síntoma evidente de que non atopan argumentos contra o que dixo. Critican o que non dixo.

A segunda cuestión é que no ton dos seus discursos nótase, evidentemente, unha clara desilusión persoal de todos e cada un dos señores portavoces. E creanme, iso si o entendo; comprendoo perfectamente porque sén dúbida, e a pesar do seu ton, señor Sánchez Presedo -que efectivamente é a alternativa de poder e ninguén o nega; pero unha alternativa de poder moi lonxana-, o certo é que se adiviña que se notan progresivamente lonxe das responsabilidades de poder. Polo tanto, non me estraña que subiran aquí disilusionados.

Dito isto vou glósalo discurso do señor presidente, a súa intervención, e logo referirme evi-

dentemente, á oposición; non me queda mais remedio.

En primeiro lugar, señor presidente, o seu discurso, segundo o criterio do Grupo Popular encerra a dobre esixencia de todo discurso que abre un debate sobre o estado da Autonomía. A primeira, a descrición dos obxectivos noutrora deseñados -evidentemente, non son deste momento; non sei se saben as súas señorías que levamos tres anos longos de lexislatura- e, desde logo, as accións acometidas para que eses obxectivos cristalicen. Esas accións acometidas son as que ó final do seu resultado amosan o estado da Autonomía, o que as súas señorías non quixeron escoitar, simplemente inventaron o que non dixo. A segunda esixencia é o proxecto de futuro de Galicia. Un proxecto de futuro que, notoriamente, ten que arrincar deses obxectivos anteriores que determinaron as accións das que aquí se deu conta. O grande do obxectivo -dixo o señor presidente- foi a ruptura do illamento da nosa terra -e cumpriuse verdadeiramente-, a ruptura do illamento desta vella fistera, alonxada das grandes correntes económicas, e, comerciais e frecuentemente, tamén das culturais; aínda que a algúns, coas súas teses -tamén o veremos- lles gustaría ve-la encerrado definitivamente, illada de España e de Europa.

Ninguén pode esquecer -expresado nesta tribuna- que os pactos sobre as autovías, sobre telecomunicacións e sobre telefonía abriron as portas de Galicia, que este país rachou, efectivamente, co seu illamento. Pero co seu illamento real, non con ese utópico, literario, do que aquí se nos fala, senón a base de infraestructuras escritas na realidade física da xeografía de Galicia e que, polo tanto, señorías -laméntoo moito- non as van poder negar.

Tampouco poderán negar que 1993, coa súa simboloxía, encerra, xustamente, o afán de amosarlle Galicia ó mundo, o que temos de fermoso no noso interior, dicindo que efectivamente somos un proxecto de presente e un proxecto de futuro amparados na simboloxía dese vello Camiño de Santiago, crisol de culturas, encontro de pobos e símbolo da unidade de Europa. Cando aquí se nos fala de que nós non aludimos a Europa e, pola contra, levantamos como bandeira de Europa a máis-vella e antiga bandeira da súa

unidade que podía levantarse, evidentemente, nos nosos bancos entra a ironía.

En definitiva, toda a política de infraestructuras da que deu conta o señor presidente ampla e explicitamente é algo que en tres anos supuxo unha transformación sen precedentes da nosa terra; e reitero unha vez máis: están escritas na xeografía de Galicia. Polo tanto, toda a tentativa de negalas significa un asomo de temeridade, e, desde logo, unha falta absoluta de verdade.

Por outra parte, o señor presidente esgrimiu nestse discurso, ó noso criterio, unha visión completa e global de Galicia, dunha Galicia que sempre se apoiou no humanismo, nos homes e nas mulleres, que habitan nesta terra e máis nos que levan o nome de Galicia escrito nos seus corazóns e que viven, lonxanamente, fora das súas fronteiras. A todos eles se lles tomou por protagonistas e destinatarios dos esforzos de infraestructuras, de creación de emprego, de dinamización económica, e de dinamización cultural -que de todo iso se falou no discurso do señor presidente- E resaltouse cal sería o papel de Galicia -iso que algún portavoz de mala memoria botou a faltar aquí- no concerto das autonomías e das rexións europeas; e valla a certeza dese nome e, xustamente, a súa exactitude -chámanse "rexións" de Europa para os que cremos en Europa; para os que ese proxecto non existe é evidente que poden busca-los nomes que crean oportunos-. Polo tanto, o papel é, notoriamente, participar na construción desa Europa, para efecto do cal reitero unha vez máis, Galicia ten unha específica credencial, que é ese vello fito do Camiño de Santiago que lle fixera exclamar a Goethe -e permítanme a cita literaria-: "Europa fíxose peregrinando a Compostela". E aquí tamén se esquece...

Falouse no seu discurso, señor presidente, que trala rutura dese illamento, Galicia deixou de se-lo país ignorado. É o punto de encontro e estamos nas cabeceiras de moita información do mundo; non me importan as informacións dentro de Galicia, aínda que tamén existan e naturalmente respecte, senón as informacións fora da nosa Galicia e fóra da España común. Estamos na cabeceira de moitas informacións como punto de encontro de xefes de estado, de presidentes de goberno, de distintas representacións e de millóns de visitantes que nos permitirán amosa-lo

que é o noso país e, en definitiva, senta-las bases dun desenvolvemento dun sector -terciario que aquí tamén se quixo ignorar-.

No seu discurso, señor presidente, está, sen dúbida, esa Galicia que está escrita no corazón da maior parte dos galegos; un país de todos e para todos, unha terra traballadora e esperanzada, segura, orgullosa de si mesma e respectada xeneralizadamente. Unha Galicia que dá testemuño de si mesma, da súa propia identidade, que defende a súa lingua, a súa cultura e que ten o espírito de supera-las dificultades polas que pasa; dificultades que non son só dela, senón tamén dos seus entornos, e eu diría, señor Sánchez Presedo, que en ocasións de moita maior gravidade neses entornos; tamén deso falaremos no seu momento.

En definitiva, señor presidente, o seu proxecto preparou definitivamente Galicia, ó noso criterio, para entrar nese segundo gran obxectivo que é o do desenvolvemento económico. Canto aquí se expuxo era o requisito imprescindible, o requisito absolutamente inevitable, formulado desde a racionalidade para os efectos de impulsar verdadeiramente, a pesar da crise, o desenvolvemento económico pleno desta terra -insisto-, no cal implicaranse de bo grado, sen dúbida, tódolos galegos, e, eu diría coa condución de quen goza da forte credibilidade que lle outorga o traballo feito ata agora a pesar dos negativismos e das descalificacións.

Fronte a isto, evidentemente, alzou a oposición as súas voces críticas e de descualificación, pois, señorías, non faltaba máis; nós xa somos maioría absoluta, gústanos a súa colaboración en momentos difíciles e en temas difíciles de Galicia, pero de momento non necesitamos os seus votos.

Á parte diso, queremos que este Parlamento sexa democracia e, polo tanto, discrepante, que se comporte como oposición e que, efectivamente, critiquen, aínda que nós lle esixamos un pouco máis de rigor. O certo é que esas voces críticas que se alzarón non me fixeron a mín esquecer unha fermosa e sincera cita coa que o ano pasado os obsequiei e que este ano lles vou a repetir, non resisto a tentación. Desde logo, foi feita por don Camilo Nogueira, desde unha postura de sinceridade que o ennobrece absoluta-

mente. Dicia -o señor Nogueira recordara- que a mellor virtude de Fraga neste momento son as carencias da oposición -estas son as súas palabras-, o feito de que a oposición non conseguira aínda presentar unha proposta -efectivamente estamos de acordo- que teña credibilidade e que a xente a vexa como viable. Repítollo porque evidentemente non cambiaron os tempos, estamos exactamente na mesma situación e eu atrevome a poñer de testemuña á propia oposición, porque o meu grupo íame da-la razón. Espero que vostedes, nunha reflexión de sinceridade, sigan pensando o mesmo que con sinceridade evidentemente inigualable denunciou o señor Nogueira.

Non é de estrañar, polo tanto, señor presidente, que o seu proxecto sexa o único esgrimido nesta Cámara, o único coherente desde hai tres anos, reiterado unha e outra vez. Non se cambiou de música, simplemente interpretouse nas claves que había que interpretar de sensibilidade de cara ós galegos, cousa que tamén se trata de negar.

Pero entrando na dialéctica de cadaquén -teñen que me perdoar que defendo o meu grupo parlamentario e, desde logo, naturalmente, a Xunta de Galicia para iso estamos aquí- debo esgrimir aquí cal é a contrapostura fronte á súa postura, que notoriamente é inasumible e, polo tanto, non encerra nin tan sequera proxecto, tal e como viña dicindo.

Fronte a isto, señor Castiñeiras, nunha breve referencia téñolle que dicir a vostede que tivo a enorme valentía de destituír dun gollpe a don Felipe González, disolve-las Cortes Xerais e suprimí-los tribunais de xusticia, posto que nos imputou absolutamente a responsabilidade de canto pasa neste país, desde a defensa dos dereitos que consagra a Constitución ata a economía xeral a orde pública ou a construción das auto-vías; probablemente desexe vostede que vaíamos fora das fronteiras de Galicia a traballar a León.

Quérolle dicir que ata isto lle podo perdoar, que non deixa de ser unha licencia, pero o que si me chama profundamente a atención e, desde logo, me custa perdoarlle á súa señoría é a ignorancia terrible que amosou aquí en matemáticas cando dixo que de cada tres parados que hai en

España, un é galego. ¡Pero home, por Deus! En España pasan de 3 millóns; ¿en Galicia acaso hai un millón de parados? ¿Non traballa nadie, nin este Parlamento?

De don Camilo Nogueira non vou facer máis glosas, sinceramente, dada a súa recente conversión ó centrismo a través da creación de Unidade Galega, na que vai desemboca-lo seu partido, pois claramente parece que cambia de orientación política, non ten pasado; en consecuencia, non teño motivos para lle facer críticas. ¡Home!, se acaso debo dicir que eu comprendo que non lle corren ventos favorables, iso é o certo, a pesar de que na súa historia, cando era Camilo Nogueira e a Esquerda Galega -e non Unidade Galega, que aínda está inédito- vostede -e recoñeceu públicamente- tivo iniciativas nesta Cámara positivas que o noso grupo apoiou. Pero non lle vou facer críticas nin devolverlle a que vostede, gratuíta e abundantemente, nos fixo a nós, porque co seu recoñecemento, co seu testemuño respecto do papel da oposición, xa lle serviu suficientemente ó Goberno, e nós non practicámola ingratidade.

Respecto do discurso do señor Beiras, ¿que quere que lle diga, señor Beiras? Non vin nin unha triste alternativa nin unha triste solución ó país catastrófico que dende a súa tribuna nos pintou. Pasou por aquí co seu eterno discurso, que coñecemos de vello -non nolo poderá negar- o cal tamén o ennobrece: non cambia de disco. Iso nun político significa pervivencia e coherencia coas propias ideas; eu apláudolle.

Pois, en fin, pasou por aquí co seu vello discurso, describiu un país, insisto de catástrofe e non ofertou ningunha solución; simplemente, amosouse en absoluta discorformidade; o cal é esmagadoramente lóxico, pois só faltaba que o señor Beiras e mailo Grupo Popular estivesen minimamente de acordo.

Vostede ten outra Galicia distinta, absolutamente lonxana da Galicia que nós temos nas nosas mentes e nos nosos programas, polo tanto, ten que discrepar notoria e forzosamente. O que si non nos gustou nada é que vostede lles chamase vasalos ós nosos votantes, que son centos de miles e que constituén a maior parte dos votantes de Galicia, dos que van ás urnas. Non son vasalos, son galegos dignos, galegos libres, ga-

legos non manipulados, tan libres coma os que o votan a vostede. Respéceteos, que iso si é unha existencia que xeneralizadamente facemos desde o Grupo Popular.

Pero sabido é -o dixo aquí vostede reiteradamente- que rexeita a autonomía como sistema absolutamente inútil, o cal significa rexeita-la Constitución e o Estatuto de Autonomía -tamén o ten dito reiteradamente-. De aí veñen as nosas discrepancias e as distintas Galicias que uns e mailos outros comprendemos ou temos na mente. Vostede acepta a autonomía simplemente como unha estratexia, pero a súa finalidade é a derogación da mesma para a constitución da "república independente de Galicia". Iso é obvio, entón eu voulle recoñecer a vostede o que vostede frecuentemente nos nega a tódolos demais; ten todo o dereito do mundo a pensar así. Ó que si eu tamén teño dereito é a solicitar que suba a esta tribuna e expoña cal é o seu proxecto independentista e marxista -que as dúas cousas son para que nos enteiremos e saquemos consecuencias. Ó mellor vótano a vostede e o mellor cambian as maiorías de Galicia; entón xa non lles ten que chamar vasalos ós nosos votantes, se cadra empezan a ser repentinamente uns ilustres cidadáns.

Todos recordamos e todos sabemos, señorías, que sopran e sopraron en Europa ventos de liberdade que levaron consigo o marxismo. Iso é evidente; o que nos chama profundamente a atención e nos enche de curiosidade é que aquí, xustamente, se ancore unha forte reserva do mesmo, desde a cal se intenta a conquista dos espazos perdidos. Como nos chama fondamente a atención que se pontifique, e así se ten feito, que se é marxista porque se é intelixente o cal significa que centenaes de millóns de europeos son uns burros.

(Risos)

Tampouco podemos esquecer, señorías, que nun ilustre partido dos que integran o Bloque, isto é absolutamente evidente, mantense como definición o constituír un partido comunista patriótico con puntos programáticos de hai 15 anos, pero que din que seguen sendo absolutamente válidos para realiza-la revolución nacional, e, en definitiva, tamén se di neses puntos programáticos que a finalidade esencial no pla-

no económico, para ese partido, consiste na nacionalización dos bancos e das caixas de aforro, dos xacementos mineiros, dos recursos mariños e forestais, -os meus veciños coas chousas, ¿que pensarán?- do solo urbano, de tódalas empresas monopolistas, da medicina e do ensino. Non nego a lexitimidade, señorías, deste credo, o que si lles digo é que o clarifiquen aquí desde a tribuna e nos digan, en definitiva, que concordancia pode haber entre a Galicia real e a Galicia que vostedes desexan e anhelan.

¿Como é posible cohonestalo seu discurso desde esta tribuna coa Galicia real? ¿Como é posible aplicar remedios que aquí se predicán desde concepcións marxistas -que respecto profundamente, pero non comparto, ben o sabe- a un sistema absolutamente antitético de economía de mercado, no cal non se cre, e non só non se cre, senón que se intenta destruír? Iso si que é xogar de quinta-columnista e non o que nos imputaba a nós; nós xogamos no camiño da coherencia, o outro é quinta-columnismo.

Eu pregunto, definitivamente, por que non se nos explica un bo día tralo exercicio do dereito de autodeterminación, que se defendeu hai pouco en breve na televisión, cal sería o papel dunha Galicia illada de España e de Europa; que fariamos cos nosos produtos cando no Cebreiro, na Gudiña, en Ribadeo, houbera verdadeiras fronteiras económicas; é dicir, aduanas que poñerían os outros, non son parvos. Ou que fariamos co leite, que aquí tamén se citou, se resulta que nos implicamos na rebelión civil que tamén se nos predicou noutros momentos na prensa. ¿Que fariamos co leite cando quedemos sen mercado? Que se nos expliquen as alternativas, insito, é a gran oportunidade de convencer Galicia e cambia-lo panorama.

Fácil é concluír, señorías, que estas solucións non son nin deste tempo nin deste país, e quede claro que isto non é versión persoal nin deste portavoz nin tampouco credo, en exclusiva, do Grupo Parlamentario Popular.

Eu recordo que en máis dunha ocasión ten dito o señor secretario xeral do PSOE, e, naturalmente, en concordancia absoluta con nós nesta materia, que non estaba disposto a entrar nunha fronte común coa oposición, e menos co Bloque, por ser esta unha forza radical que está en

contra da Constitución do Estatuto de Autonomía e da CEE. Claro está, señor secretario xeral do Partido Socialista, que isto valeulle a vostede o alcume de caudillo vaticanista"; non sei por que, aínda que, naturalmente, non llo puxen eu; iso que quede absolutamente claro.

(Risos)

Naturalmente que todo isto non se corrixe coas críticas feroces desde esta tribuna coas que aquí se nos obsequiou; corríxese coa claridade da exposición.

E falando xa do PSOE, eu teño que chegar a conclusión, señor Sánchez Presedo, que vostede confundíu a xeografía e o mapa do tempo, as dúas cousas. É certo que sopran ventos de renovación. Abuí de Tembra diría: "abren os ventos de renovación". Pero iso élle a nivel do Estado, no que efectivamente zoan ventos recios que parece que lle apuntan directamente ó señor presidente do Goberno.

Aquí, na nosa Galicia -e todos llo saben-, rexe outro mapa do tempo porque a renovación xa se fixo hai tres longos anos e os ventos que sopran seguen sendo os da esperanza.

O seu discurso, matizado naturalmente coas colaboracións que lle prestaron outros portavoces, que nos imputaron a responsabilidade absoluta de todo o que acaece no país e, probablemente, tamén en Tarifa. Pareceu, señor Sánchez Presedo, o de un líder da oposición nas Cortes Xerais -eu non sei se chegará a líder ou non, á oposición é probable que si-. Un discurso dito e dirixido ó presidente do Goberno do momento ó que se lle imputa aquilo do que é realmente responsable, entre outras cousas: a crise económica e o paro. A súa señoría non poderá ignorar desde esta tribuna, nin en parte ningunha, se quere ser coherente, que a política monetaria é responsabilidade exclusiva do Goberno da nación. Tamén a política económica é responsabilidade exclusiva do mesmo, igual cá política financeira, igual cá regulación dos postos de traballo do mercado laboral; en definitiva, igual cá política xeral en materia económica. E estes son os factores que determinan a existencia ou inexistencia do paro.

O seu discurso -dáme a impresión- tiña que dirixirlo a don Felipe González ou a don Carlos Solchaga pero non creo que se atrevese. O señor presidente da Xunta xa deu conta daquello que é responsabilidade del, pero non pode dar conta do que é responsabilidade de don Felipe González e mais de don Carlos Solchaga.

Aquí falouse nesta tribuna das responsabilidades do Goberno galego, como a creación de infraestructuras, e deuse conta delas; da creación de solo industrial, e deuse conta del -estou falando de accións económicas puras-; da creación do IGAPE, e díxose en que consistía -e as súas señorías non necesitan que se lle explique pola razón evidente de que interviñeron nos debates da lei de creación do mesmo-. Falouse do fomento do emprego, da atención dos sectores pesqueiros, agrarios e gandeiros a pesar da gravísima crise na que resultaron implicados -cousa que o señor Sánchez Presedo tamén ocultou- con motivo e como consecuencia das negociacións de ingreso no Mercado Común. Polo tanto, sen prexuício, repito, dos esforzos das institucións galegas, todos nesta terra saben sinceramente que esas responsabilidades lles corresponden a quen lle corresponden: ó presidente do Goberno da nación, e non ós demais -a pesar dos esforzos de paliación que nesta terra se están facendo; e demostrareilles que con éxito-. Tamén iso llo predicán as centrais sindicais, incluso esas que ó seu lado camiñaron na política española. E incluso don Carlos Solchaga, que trata de evadir responsabilidades falando de crise xeral, nunca pronunciou pola súa boca que as dezasete Comunidades Autónomas que integran España, fosen as responsables da crise económica e mais do paro. Iso non llo cre absolutamente ninguén, salvo alguén do seu propio grupo que, dando clases, a pesar de ser un científico nesta meteria, e xogando a unha pírqueta de periodista, acabou dicindo que a responsable do paro era a Xunta de Galicia.

Digamos -e non lle vou lembrar cifras- que o abandono da economía real para alenta-la especulación, que iso foi o que acaeceu, a elevación dos impostos, os altos tipos de interese, a restricción do crédito, a suba das cotas da seguridade social, a desindustrialización, -en ningún país houbo tanta destrución de tecido industrial coma neste que se chama Galicia, e en xeral en España- e, desde logo, as condicións en que se ne-

gociou un ingreso no Mercado Común, especificamente en materia agraria e en materia de pesca, todos sabemos que son os responsables da crise xeral e económica que tamén nos afecta. Nós somos Estado español, señor Sánchez Presedo, non sómo-lo "Estado galego", non damos escapado ó infortunio dunha mala acción de goberno no contexto xeral de España. Non suba, polo tanto, a esta tribuna a transferir responsabilidades.

É evidente que vostede non debe ir, ó meu criterio pola política galega co papel de transferir responsabilidades que lle corresponden ó Goberno central e intentar endosarllas á Xunta de Galicia, nin nomear acólitos que intenten despois na rúa ou nos medios de comunicación, practicar ou prolongar esta tarefa. Cada pao que aguante a súa vela. O único que lle digo é que xustamente por esas razóns que vostede esgrimiú aquí, é o certo que non se lle adiviña a súa postura en xeral e, lamento dicilo, un proxecto político minimamente claro para Galicia. Vostedes militan na dúbida sempiterna, entre ser escudeiros dos intereses desta terra, ou ser escudeiros do Goberno central. E ás veces sofren os intereses desta terra. Non lle vou facer un relato de tódalas circunstancias en que non logramos explicarnos determinadas pasividades, simplemente quero dicir que o tempo perdoo pero a memoria queda. Polo tanto, clarifiquen as súas posturas, e saiban tódalas súas señorías que canto levo dito é simplemente para busca-las verdadeiras responsabilidades da existencia dun paro fronte ó cal estamos loitando. Saiba que en Galicia, no fatídico mes de xaneiro de 1993, ese nó que se deu o salto cuantitativo dos tres millóns de parados no conxunto de España, creceu o paro o 1,94%, case un punto menos cá media nacional. E, ademais, creceu menos, no mes de xaneiro, ca en 12 Comunidades Autónomas. Só en Andalucía, en Extremadura e en Asturias creceu menos, pero por razón da economía subvencionada -sábese perfectamente-. Tamén gobernan vostedes en Madrid, en Valencia, en Murcia, cousa que queren esquecer flagrantemente, señores do PSOE.

Dito isto, clarifiquen as súas posturas e despois probablemente, sexan capaces de expoñer un proxecto coherente aquí nesta tribuna; mentres tanto, a súa viabilidade véxoa enormemente difícil.

Conclúo, señor presidente, dicindo simple e sinxelamente que o seu discurso é unha seria rendición de contas ó pobo galego; á parte, supón o deseño do que debe se-lo futuro da nosa terra, o seu proxecto de futuro inmediato.

Desde a máis fonda das conviccións, o Grupo Popular cre que vostede soubo administrala enorme confianza que os galegos lle deron nas urnas, e cre sinceramente que da súa man, sen dúbida, haberá rescaldado suficiente na alma dos galegos e espírito de unión sobrado para que, a pesar doutros, saibamos saír da crise económica e cumprir ese segndo gran obxectivo por vostede mesmo deseñado: o desenvolvemento económico de Galicia, na que todos cremos esperando e espero que todos sen excepción.

Moitas gracias.

(Aplausos)

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Portomeñe.

(Pide a palabra o señor Beiras Torrado)

O señor PRESIDENTE: ¿Para que pide a palabra, señor Beiras?

O señor BEIRAS TORRADO: Señor Presidente, para unha cuestión de orde. Para unha rectificación dun erro.

O señor PRESIDENTE: Expónaa a súa Señoría.

O señor BEIRAS TORRADO: A cuestión do erro é a seguinte:

Estando ausente vostede, o portavoz do Grupo Popular e da Xunta, na súa intervención, en opinión deste portavoz, actuou como se tivese unha rolda de réplica, e non ten unha rolda de réplica ós demais grupos, senón unha rolda de intervención como portavoz respecto do discurso do señor presidente; e ademais saíuse absolutamente da cuestión segundo o regulamento.

E o erro é que a nosa saída... estou expresando unha opinión como portavoz e teño, non só ese dereito, senón a obriga, e correspóndelle á Mesa e á Presidencia desta Cámara opinar sobre o asunto e non a vostedes. ¿Está claro?

O señor PRESIDENTE: Expoña a súa tese.

O señor BEIRAS TORRADO: A ver se estamos nun Parlamento ou nun "corral nublado" como dicía Valle Inclán que era España, en "Lucas de Bohemia".

A corrección do erro é que o señor Portomeñe leu fragmentos de supostos documentos políticos que non son do Bloque Nacionalista Galego e que el utilizou atribuíndollos ó Bloque Nacionalista Galego; polo tanto, iso ou é un erro monumental ou unha falsificación deturpadora e, polo tanto, absolutamente inobxectiva. E máis nada, non presumo se foi erro ou unha falsificación. En calquera caso leu un párrafo duns documentos que non son do Bloque Nacionalista Galego, que é unha organización política de seu, de afiliación individual en forma de fronte e organización en asembleas comarcais e en asemblea nacional, -¿de acordo?- non é unha federación de partidos.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Beiras. Baixo a fórmula de cuestión de orde queda exposta a súa opinión.

O señor presidente do Goberno ten a palabra.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA: Señor presidente, señorías, agradezo moito a tódolos grupos parlamentarios as súas contribucións a este debate, como é natural, en primeiro lugar ó Grupo Popular, exemplar ó sosteñer un Goberno de Galicia ó servizo do pobo, e ós outros grupos porque demostraron coas súas intervencións, primeiro, que non tiñan unha soa rectificación que facer ó meu discurso desta mañá -porque non houbo nin unha soa, e despois direi o que o discurso naturalmente quería dicir, era certamente un informe do que o Goberno está a

facer dentro das súas competencias e dos seus medios-; e, segundo, non escoitei moitas críticas, algunha que outra inxuria pero desde logo ningún propósito alternativo.

Polo demais, en canto ó xulgamento do que o discurso segundo eles non tiña, eu acórdome do conto aquel famoso do home, do fillo e do burro; se o home montaba, dicían pobre fillo; se o montaba o fillo, dicían ¿como lle deixa ir ó vello a pé?; e se montaban os dous, pobre burro. Neste caso, se eu trato, como tratei oportunamente no seu momento, de importantes cuestións para a configuración do Estado das autonomías, como a Administración única, dise que saco lebres do sombreiro. Se, polo contrario, hoxe falo precisamente, de números, de precisións de administración, entón falta o proxecto político. Eu creo que non esaxero moito se digo que isto é unha forma de debater peculiar e que confirma, efectivamente, as carencias da oposición.

Houbo, como era inevitable -despois responderei con moito gusto a cada un dos intervinientes-, uns cantos temas recorrentes: o paro, o volume do presuposto e os gastos suntuarios e de propaganda. Vou referirme a estes tres en primeiro lugar.

Como é natural, nós temos que dicir que optamos claramente por resolver ese problema desde abaixo. Optamos polas infraestructuras; gobernar, escoller e establecer prioridades. E resulta que, naturalmente, acabada a concentración parcelaria non empeza ese mesmo ano o cambio da produción. Cando aínda están en marcha as autovías e as estradas, naturalmente, non empezou o cambio; pero pensar que no horizonte do 1995 esa non é a verdadeira solución á chamada crise, iso, evidentemente, hai que demostralo. Eu creo que é o camiño, e niso estamos.

Pero, como é natural, cunha oposición que sabe que non vai gañar en moito tempo é moi fácil pedilo todo á vez sen facelas contas. O que está perfectamente claro é que un crecemento serio, sostido e con futuro arranca das prioridades que hoxe expliquei e que están en marcha. Agora ben, o que non é posible é logra-la estabilidade, logra-la seriedade, a ausencia de conflitos internos da Administración, as relacións correctas con outras administracións, defende-lo

prestixio de Galicia promocionando tódalas súas posibilidades, aclarar -e é moi importante a lei electoral- as estruturas políticas, constituír institucións como o Valedor e o Consello de Contas facer unha verdadeira reforma administrativa, e propostas serias, que ningunha está parada e ningunha parará -como a da comarcalización-, poñer en marcha todas estas infraestructuras, sen que se diga, como é natural, que hai cousas que non van ben. Esquécese o que ten que ver con iso a situación xeral de España e de Europa.

Estes días manipuláronse varios datos; un xa non foi mencionado hoxe aquí, que era as nosas propostas. En ningún momento -sub-liño- nin na campaña electoral nin no discurso de investidura nin no que foi aludido vagamente ou inexactamente ou erroneamente como primeiro discurso nun destes debates de investidura, eu ofrecín empregos. Facilitei datos e referencias do que pasaría cuns e con outros investimentos, e aquí están os datos.

Despois de dicir isto é evidente que todo o mundo sabe que nós podemos facer moitas cousas, temos competencias importantes, pero é Madrid o que fixa os tipos de interese, as cotizacións da seguridade social, os impostos da renda e o IVE, o que regula a flexibilidade dos cadros de persoal. Como é natural, isto é así. Pero hai moito máis ca iso, porque neste momento temos que dicir con toda claridade que non temos por qué responder de que non se fixesen encargos de barcos a ASTANO -agora dise que se van facer outra vez- nin que viñese o engano dos traballos "offshore" que agora van supoñer 1.000 parados máis, nin temos nada que ver con que paren de encargar fragatas, ou outros barcos, a ASTANO e a BAZAN; polo tanto, temos que dicir que neste momento saben os cidadáns galegos quen se ocupa de verdade de defender Carbuos, en Cee, defender IMENOSA, ou de defender UNICAR ou canto hai. Saben perfectamente, polo contario, o que fixeron outros, o que fixeron con Barreras, con Motores Deutz, con GEA, con Santa Bárbara -somos nós os que fixémo-los encargos de defensa- e así sucesivamente.

Pero é que ademais hai que da-los datos con exactitude; o que non se pode facer é comparar soamente o derradeiro trimestre de 1989 co último trimestre do ano pasado.

Segundo a enquisa de poboación activa, comparando efectivamente, os datos globais dos últimos anos, os ocupados en agricultura descendieron en 90.100 -de 376.000 a 286.000-; en industria incrementouse a ocupación en Galicia en 600 persoas de 151.600 a 152.200-; en construción descendeu a ocupación 3.900 persoas e en servicios incrementouse en 12.100 persoas. No mesmo período de España, a ocupación na industria descendeu en 239.800 persoas e na agricultura en 315.900; nos servicios subiu en 305.000.

Si examinamos exclusivamente os datos temos que dicir que se a situación de emprego en Galicia fose igual á media española, teríamos non 74, senón 238 novos parados ó día; iso é a pura verdade, e todo o demais e xogar coas cifras. Pero teño dicir, que en todo caso, neste punto nós estamos persuadidos de que estamos facendo a única política que nos pode sacar desta situación na que está toda a cornixa cantábrica; polo tanto, paso ó segundo tema.

É verdade que puidemos aumenta-los nosos presupostos. Non foi que nos regalasen nada, foi unha intelixente negociación nas bases de diferenciación pola cal conseguimos mete-lo factor da dispersión da poboación; foi unha intelixente negociación na que conseguímo-los famosos 10.000 millóns de educación, e así sucesivamente; polo tanto, se é certo que recorremos un pouco máis ó endebedamento é porque todas estas infraestructuras así o requirían, pero temos que dicir que no endebedamento estamos dentro de tódolos resortes admitidos pola lei. Galicia vai por detrás de Andalucía, do País Vasco, de Canarias, de Extremadura, de Baleares, de Murcia, nas relacións entre débeda e ingresos, e que en tódolos casos cumpríno-los requisitos da lei, inclusive os acordos de financiamento.

Finalmente, señorías, é certo que facemos promoción de Galicia. dicíame onte o mestre Figueira Valverde cando nos xuntabamos para facer unha visita importante ó palacio real unha serie de representantes e persoeiros de Galicia: "se algunha rexión necesita facerse coñecer no resto de España, no resto do mundo, é Galicia". Dicía que el aplaudía xestos coma o que se está a facer co Xacobeo ou coma a Casa de Galicia, por a imaxe de Galicia chegou a ser menor cá que era a primeiros de século. Iso non volverá a

ser, neste momento non o é, e non nos arrepentiremos nunca deses investimentos.

Pero en fin, vou responder un a un porque me parece que debo facelo.

Señor Sánchez Castiñeiras, vostede dixo que este debate debía ser sosegado, tranquilo e reflexivo. Creo que ten toda a razón; non sei se foi así a súa contribución.

Non houbo ningún triunfalismo nas miñas palabra; houbo cifras secas e precisas. O modelo que se describe é o que realmente está realizado.

Di que hai menos liberdade en Galicia, ¡pero, señor Sánchez Castiñeiras, ¿este debate indica falta de liberdade?! Medios públicos hai dous. Hoxe púidose ver a diferenza entre o tratamento da Televisión galega e o tratamento da Televisión nacional.

Sobre a concertación pregúntelles ós sindicatos se a houbo ou non. Nunca houbo tanta en Galicia. Naturalmente, o consenso parlamentario quere dicir que ó final a maioría que asume a responsabilidade ten que dicidir. Ofreceuse para as autovías, ofreceuse, agora, para os camiños de ferro. Claro que na reforma das leis non pode haber un "liberum retum"; discútase pero ó final a maioría parlamentaria que representa a maioría do pobo é a que ten que resolver.

Teño que dicir que a comarcalización nunca se acometera antes, agora si se está acometendo. As entidades supramunicipais indican no só as comarcas, hai tamén áreas metropolitanas e outras. Dicir que non está cumprida a desconcentración é totalmente falso; e pódolle engadir que ningún pensa para-lo Plan de comarcalización, que este vai adiante, que está tendo xa construcións e aportacións económicas e que chegará a todas partes; por suposto, á Fonsagrada tamén.

Na igualdade de oportunidades eu creo que se avanza notablemente. Os investimentos non se poden calcular por hectáreas, teñen que calcularse precisamente per capita; son os máis altos en Ourense e en Lugo.

Naturalmente, señor Sánchez Castiñeiras isto non é o ateneo; nun ateneo cada un fala o que quere, xúntase a comer cos amigos... Aquí che-

gan os que teñen unha representación en función dos seus votos e exercen a súa representación. O sistema parlamentario non é o sistema da Dieta de Polonia sobre o cal escribiu un famoso libro Jean Jacques Rousseau. Trátase, polo contrario de estimar como se pode gobernar. O Goberno sométese a discusión. Discútense os seus presupostos, fálase coma aquí en transmisión directa desta sesión. Os cidadáns verán o que teñen que dicir despois, e nas próximas eleccións serán eles os que os resolvan. Pero ten que saír, sen dúbida ningunha, unha maioría capaz de gobernar, cousa que non tivemos ata agora e que creo que non está a facer mal a ningún.

Estráñame moito, señor Sánchez Castiñeiras, que vostede mencionase o tema da escola de montes; vería aí unha confirmación de que tamén se tivo en conta o feito de que era unha provincia de interior. En vostede, que representa esa provincia, estráñame que diga iso. Quero deixar perfectamente claro que nós o que non fixemos foi dicir unha cousa en Pontevedra e outra en Lugo; hai quen o fixo. Cando se goberna hai que decidir, Lugo tiña unha boa escola de veterinaria, aportou os terreos, tiña unha escola de agrónomos, o informe foi favorable á decisión, e foi no a grande maioría do Consello universitario. Volvemos ó mesmo; en canto un só voto puidese para-los acordos, evidentemente non iríamos a ningunha parte, pero pode ter por certo que Pontevedra vai ter non compensacións, que non é un xesto noso, vai ter absoluto compromiso da Xunta e do seu presidente para facer alí un gran campus universitario tan homoxéneo e tan eficiente como está a ser o de Lugo.

Don Camilo Nogueira remitiunos no seu profundo galeguismo a Birmania e, de paso, a Serbia. ¡Home!, eu creo que algo estou a facer para sacar xente do cárcere e defende-los dereitos humanos -en Cuba, por exemplo, que a meirande parte dos que saco son galegos-. Pero dicir que neste momento en Galicia hai apatía e medo, e compara-la situación con Birmania, paréceme que evidentemente é un pouco esaxerado.

Estar na rúa eu tamén estou, tamén o fago; ás veces críticasme demasiado porque o fago con calor e emoción. É verdade, tamén eu choro cos galegos, naturalmente, entón din que estou vello -moito menos do que pensa o señor Presedo; da súa xuventude acordareime despois-.

(Risos).

Pero o importante son as obras. Nós choramos e facémo-las estradas. Vostede segue por aí facendo de Pepito Grillo. Moito tempo leva así; como é natural, non ten que responsabilizarse con nada. Basta dicir o que a el lle gustaría facer. Espero que os galegos, agora que está facendo un novo partido teñan ocasión de facelo, pero, desde logo, déixese de fes de erros. Da familia estámonos ocupando en tódolos programas, pero nós non podemos establece-la Seguridade Social.

En todo caso, saiba que si é verdade que eu viaxo porque teño o encargo da Constitución e do Estatuto a ve-los galegos e defendelos. Había 14.000 que estaban rexistrados en Cuba e agora hai 18.000 porque se deron conta da importancia que tiña hoxe ser galego e o traballo da Xunta.

Pero pódolle dicir que eu saio da miña casa -esa que vostede considera unha chabola; efectivamente, eu quero casas boas para Galicia, para min válenme chabolas- e que estou máis horas no despacho ca ninguén, que saio de noite e volvo de noite e que tamén teño tempo de viaxar por Galicia, e penso seguir facéndoo mentres teña estas responsabilidades. En todo caso quero dicirlle con toda claridade que de medo, nada. Eu son daqueles de: "moucho non che teño medo, non che teño medo moucho". Medo non teño ningún, prudencia sí, e moita.

Vostede segue na utopía; hoxe falounos dunha cidade galega. Mire vostede, unha cidade galega con 32.000 unidades de poboación. Eu estoulle a facer estradas, estoulle a facer teléfonos, e vostede quere facer unha cidade con todo iso. Pois, moi ben, eu fago galeguismo de realidades.

O ilustre orador do Bloque fixo, coma sempre, ás veces de traxediante e ás veces máis frecuentemente, de comediante. Un día dixo aquí que nos ía queimar. Mire vostede, nosoutros apagámo-los lumes como ninguén os apagou en Galicia; non nos imos queimar. O outro día, hai ben pouco, dixo que estabamos sentados enriba dun volcán; tamén se dedica, polo visto, á vulcanoloxía. Teño que dicir que certamente as súas imprecacións xa nos parece que reflicten evidentemente, estes días de carnaval, e que se re-

piten coma a cebola de Cambre -supoño que porque el se escoita a si mesmo e pensa que os demais o escoitan tamén; en todo caso, a cebola de Cambre deixa un bo gustiño, non sei se sempre pasa así coas intervencións coma as de hoxe-.

Deixe xa de darnos clases de economía marxista; xa sabemos que axiña terá o récord de duración en mante-lo indefendible. Hai un faquir italiano que para estar no "Guinness" se puxo cincocentas agullas. Siga vostede por ese camiño, siga coa súa "ínsula Barataria", fóra de España, fóra de Europa, fóra da realidade. Eu creo que Galicia non quere nin separación nin revolución, quere seriedade, administración e sentido común.

Non é unha constitución e un Estatuto outorgados. Alí, vostede e os seus amigos xa puideron presentar determinadas propostas. Se non encontraron votos, foi o que o pobo galego e español atoparon como conveniente. Entón, -repi-to- os votos deciden a representatividade de cada un, non os berros que pega.

Nós non detémo-lo poder, detense o que se consegue ilexítimamente; nós exercémolo, e exercémolo por primeira vez con maioría suficiente para gobernar. Cando vostede inventa agora outra teoría súa, outro maniqueo, para dicir que levamos 10 anos no Goberno, sabe que non é certo -eu e o equipo actual estamos por primeira vez, e respondemos da nosa xestión respectando -sub-liño- tódalas anteriores. Continuámolas todas, non temos parado ningunha obra nin ningún proxecto. Iso si, despois procuramos facelas mellor. Pero, desde logo, respondemos dos nosos tres anos e pouco máis, e, naturalmente, asumimos, como digo, todo o anterior.

En canto á situación do proceso demográfico de Galicia, e ás nosas intervencións curas preconciliares, respecto diso, quérolle dicir que naturalmente o problema vén de moi atrás. Pero, desde logo, meténdolle medo ós galegos e dando os berros que vostede dá non vai conseguir que se reproduzan máis. Nós estamos intentándoo seriamente.

¿Como se pode dicir que nós, en materia de industrialización só facémo-las Somozas. O de

Somozas era unha necesidade de protección. Hai quen di que non hai industria para tanto, pero hai que preve-la que vai haber.

Unha vez máis aplica o seu famoso discurso do caciquismo. Parece que cando vostede non consegue votos, todos son dos caciques. ¿Pero en que Galicia estamos? Eu creo que nunca se traballou deste xeito para desfacer as bases de calquera caciquismo, tradicional ou burocrático. Pero claro, son caciquías as confrarías, son as cousas como vostede as pinta... Naturalmente, non podemos aceptalo.

Hai sobredimensionamento en materia de pesca no momento en que as organizacións mundiais, non só europeas, fixan un novo rendemento dos cabaleiros.

Nunca dixemos que estivese sobredimensionada a gandería galega; dixemos que certas explotacións son pequenas e que hai que actualizalas. En canto a LARSA e ESNIER, dígalles ós paisanos se queren que alguén recolla leite o non; sería outro camiño para que se mantivese a recollida, iso é o que nos fixemos.

Finalmente, eu teño que dicir que, efectivamente, nós non facemos ningún Estado confesional. O artigo 16 da Constitución española, na redacción da cal intervín coas miñas pecadoras mans, fala despois da absoluta liberdade, da absoluta e clara separación de Igrexa e Estado, do recoñecemento das tradicións. E esas son as que a Xunta, na súa política, está a cumprir. Como é natural non podía facer outra cousa.

Aquí falouse de todo, de música, na que estamos a facer programas importantes e do Instituto Ramón Piñeiro, de quen sempre falou mal o señor Beiras -el sabrá por que- quen polo visto non leu o decreto, porque as investigacións lingüísticas ocupan a parte máis pequena do mesmo; son as consideracións literarias e antropolóxicas as máis importantes, así como a recollida de documentos e información. A figura do grande petrucio da nosa cultura ben merecía ese esforzo.

En definitiva, señor Beiras, ¿vostede cre, máis aló desta ou daquela citación precisa súa; do seu grupo, dos seus antecedentes, ou dos partidos integrantes, que se pode falar de verdade

dunha Galicia fóra do contexto real de España e de Europa? ¿Cre entón que o noso leite iámolo beber todo nós? O exemplo de Dinamarca, realmente, non se pode tomar en serio. É moi difícil ser imparcial coa risa, vostede fainos rir. Volvo dicir que neste momento cada vez que o escoito acórdome de cando Krushev golpeaba co seu zapato durante as reunións da ONU, e despois dicía: “¿podo pedi-la traducción?” Iso é o que tería que pasar moitas veces co señor Beiras. En todo caso, dicir que é unha forma desvalorizada e espuria de autogoberno o que ten Galicia, é como dicir que nós somos unha peste; pero, naturalmente, teño a sensación de que coas súas intervencións imos durar moito tempo.

O señor Sánchez Presedo non agardaba grandes novidades do noso discurso. Considera que é anódino, intrascendente e desganado. Eu quero dicirlle que polo de pronto el non fixo nin unha soa rectificación. Cando se citaban porcentaxes, que menos nun caso eran todos moi superiores a acción do seu Goberno -porque na súa xuventude xa foi o home forte do Goberno tripartito-, a min estrañoume que non atopase nin unha soa.

Falar de administración é a miña obriga. Eu non falo de utopías, de cambia-la vida. Eu digo: aí están eses metros de estrada, eses metros de autovía, eses teléfonos.

Non cre na política populista e ata se permitiu comparala coa de Pilatos. Mire vostede, Pilatos, que nun libro famoso aparece como exemplo de demócrata e de home que respecta a opinión, non ten nada que ver co que estamos facendo. Nós non nos lavámo-las máns máis que cando as temos manchadas de traballar; pero despois diso mollámonos en todo o demais. Non é verdade que haxa mais burocracia, hai racionalización. Naturalmente dicía hai pouco que era relativamente fácil botar ó señor Fraga. Supoño que o énfase está en “relativamente”, porque a aparente facilidade de ir, como fan eles ou algún dos seus amigos, recollendo problemas e ofrecendo solucións sen facer realmente a suma total non é unha alternativa.

Hoxe, señor Presedo, no conxunto de Europa -vexa o que pasou co chamado socialismo real do leste, o que pasou na socialdemocracia ata en Suecia, o que vai pasar en Francia dentro de poucos días, e ben o saben vostedes- non se po-

de xa ser socialista e ter credibilidade. Pero ademais en Galicia carecen, e xa o demostraron, de toda capacitación para gobernar.

Pero, en fin, o señor Presedo, que nunca di nada novo nin nada vello dunha forma interesante, insiste moito no tema da súa brillante xuventude, eu felicítoo por ela e teño que dicir que me gustaría, ás veces, saber de cal fala, se das súas Xuventudes Socialistas, que andan a congreso cada trimestre, se fala da brillante administración das súas Xuventudes no Instituto da Xuventude onde hai auditorías que esas si que son de infarto, ou se fala, en definitiva, de que vai traballar máis ca mín. Pode que traballe mellor, pero máis desde logo que non.

En todo caso, o PSOE non presenta ningunha outra alternativa que continuar aquí o que xa fixo no tripartito e o que está facendo a nivel nacional. Señores, vexan a televisión de hoxe, vexan o que pasa coa peseta, vexan o que pasa coa política monetarista que critican de Reagan e ad señora Thatcher, pero resulta que hoxe o 18%... os intereses día a día. Polo tanto, non hai posibilidade de tomar en serio as súas propostas.

Os ventos da historia, efectivamente, son importantes. Hoxe sopran contra o socialismo, e naturalmente non están pola liberdade incondicional, iso é permisividade. Están pola liberdade ordenada e organizada e no cumprimento da lei; polo tanto, dicir que nós inspiramos temor e vostedes confianza, parécese que neste momento é pouco serio.

Pois, si señor, eu perdín as eleccións á ARE. Tiven o valor de enfrontalas; pero Galicia está situada no concerto das rexións europeas e alí vai seguir.

Como é inevitable, saíu o señor Clinton. Eu creo que o debía inspirar, xa que está mais cerca o señor Rocard -ese si que sabe; desde que comeu en Santiago, por certo- porque co nome socialista, hoxe non se pode ir pedir votos, e inventou ese "totum revolutum" onde van estar todos eles.

Ben, non entro nalgunhas cuestións que vostede formulou, moi de presa nalgúns temas, porque naturalmente son intervencións pouco serias. Por exemplo, falou do modelo agrícola e

chegou a mencionar como exemplo das cousas mal feitas a cuestión da pataca da Limia. Eu acabo de estar en Portugal e toda a prensa portuguesa leva dúas semanas pedindo o mesmo modelo da Limia para a pataca portuguesa -por certo, alí chámase batata-. Como é natural, saíu adiante que se utilizasen as grandes superficies -e por certo, por xestións persoais que non lle custaron nin un peso a Galicia".

Sobre o sector lácteo xa está casi feito o grupo. Estamos moi adiantados en conversas sobre ese punto. Hai que meter unha a unha as cooperativas e vostede sabe as dificultades que iso ten.

En canto á pesca, eu teño aquí toda clase de datos sobre temas que mencionou, pero voulle dicir unha soa cousa: a pesca do cerco ten o problema que teñen en toda Europa, isto é, as importacións europeas. Neste momento, en vez de dicirlles, como se lles dixo hai uns días en Madrid ós nosos pescadores, que pescasen menos -iso foi o que se lles dixo-, hai que face-lo que fixo Francia, que vai conseguir un acordo para restrinxir-las importacións e poñerlles dereitos compensatorios.

En canto ó arrastre, señor Presedo, teño que dicirlle que se hai algo do que eu estou satisfeito é diso, porque eu creo que a xusticia social, como todo o importante, non é de dereitas nin de esquerdas; pero resulta que agora xa saben os traballadores quen é quen de verdade. Eu estiven con tódalas mulleres dos mariñeiros de Marín; unha delas díxome: "eu sempre votei socialista e meu marido nunca tivo descanso semanal, agora vaino ter; xa sei o que teño que facer". Tome nota por se acaso.

De turismo é verdade que aquí hai quen sabe moito, máis ca min. ¡Home!, a min aínda me recoñecen algo de coñecemento neso, pero neste momento non é certo que nós vaíamos a fialo todo ó Ano Santo, o Ano Santo, será unha nova grande promoción para vir a Galicia, co turismo, como expliquei esta mañá, axeitado ás nosas posibilidades.

Pero si hai algo que non se pode admitir. Vostede tocou aquí o nome sagrado das pensións. En ningún momento, nin a nivel nacional nin autonómico, puxemos en dúbida o dereito dos nosos vellos ás pensións; e mais aínda, teño

que dicir que soamente unha afirmación dese tipo merece unha explicación e unha rectificación se se vai dar de boa fe.

O proxecto político, señor Presedo, para un administrador público que responda da súa xestión, sae, precisamente, dos números. E o único serio que existe en Galicia. A outra idea, o do mandíño, o de colocar algunha ideíña ambigua, é contraria ó goberno. Gobernar é servir; e o meu discurso non foi en modo algún pesimista, foi profundamente optimista.

Hai algúns días, unha persoa que debía medir máis as súas palabras -e con isto remato- dixo que este discurso coincidía co mércores de cinza. Pois, si señor, é así, porque nós non variámo-las datas, porque onte, que era o día que estaba pensado que se fixese, démonos conta que era martes de carnaval, martes de carnaval e estabamos traballando en Madrid a prol de Galicia.

Creo que é unha boa lección de humildade para todos, "humiliate capita besta", e o día de cinza recórdanos que cinza somos e no po ímonos volver todos.

(Risos)

Pero, desde logo, cun mínimo de respecto, porque humilde como son e como me fago cada día, non penso que ningunha ideoloxía me vai xustifica-los meus erros.

Eu non teño ningún pasado tenebroso, iso é de novela do século XIX; é coñecido e público, e enorgullézome del. Pero teño que dicir que, efectivamente, é hora xa de deixarse destas cousas.

Estes días fanse denuncias; unha vez que hai unha investigación preténdese que haxa unha condena, etc. Falouse dun camiño, que nunca se fixo, para que eu pescase no Navia, ou cando se ía facer unha canle, foise predicar en Padrón que esta acababa cos pementos de Padrón.

Miñas señorías, eu creo que neste momento sería moi bo empezar a falar en serio uns a outros, pero cun respecto mínimo; eu penso telo por todos. Pero, desde logo, pódolles dicir que lles desexo que cando cheguen a unha idade como a miña que poidan dicir que de tenebroso na-

da, de responsabilidades nada e de "Filesas" nada, e xa saben o que quero dicir.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Para inicia-la rolda de réplica ten a palabra o señor Sánchez Castiñeiras.

O señor SANCHEZ CASTIÑEIRAS: Señor presidente, señoras e señores deputados, sen dúbida a habilidade dialéctica do señor Portomeñe fai que se malinterpreten ou traten de darse a volta algunhas cuestións moi claras que están recollidas en tódolos estudos económicos feitos ultimamente. O que si é certo é que en Galicia se perdeu un de cada tres empregos dos que se perderon en España; por conseguinte, esa é unha cuestión que está aí reflectida en tódolos estudos económicos que estamos a facer.

Indubidablemente nós non queremos destituír a Felipe González; ó mellor era conveniente, pero non témo-la capacidade para iso. Pero si é certo que non se negociou oportunamente o tema das autovías. Incumpríuse o acordo acadado entre os grupos parlamentarios desta Cámara; foise alí e cedeuse. Cedeuse, polas circunstancias que fose, e as autovías non estarán ata o ano 1997.

Indubidablemente que todo esta mal: España, os demais países, etc. Pero así como hai outras comunidades autónomas que subiron na súa situación económica, Galicia vai para abaixo. Subíu Canarias, Madrid, Baleares, Cataluña, etc. ¿Por que non subiu tamén Galicia se había un plan tan bo? Estaba nas mesmas circunstancias, o que pasa e que houbo unha mala xestión. Non me diga que hai unha dinamización económica no país, cando o crecemento económico vai para abaixo, cando descende a apertura de novos centros de traballo, como aquí se dixo, cando Galicia está no terceiro lugar de España en horas perdidas de traballo, cando a suspensión de pagos pasou de 16 en 1990 a 44 en 1992, cando a participación no PIB baixou do 5,79 ó 5,74.

Non son cousas miñas, non hai máis que co-ller e le-la literatura, o que se publica, que é moi elocuente. "Os galegos camiño de converterse

nos cidadáns máis pobres da Comunidade Económica Europea"; "Galicia en el vagón de cola de los pobres de la Comunidad Europea"; "El 30% del empleo destruído en España corresponde a Galicia"; "El paro aumentó en Galicia en un 37%"; "El desempleo alcanza en Galicia el 15,8% de la población activa"; "La política de Fraga destruye 74 empleos diarios según el PSOE"; "Galicia en ñel parétensis del progreso"; "La economía gallega creció en 1992 menos que la Española"; "El número de parados en Galicia aumentó a 50.000".

A mín no me digan que isto funciona. ¿Funciona tamén cando a meirande parte das queixas que se producen ó Defensor do Pobo proceden de Galicia? Son datos publicados hoxe. Polo tanto, non funciona tan ben a autonomía galega.

En segundo lugar, señor Fraga, se eu entrei no debate de balance de lexislatura foi porque vostede me convidou a iso, no segundo parágrafo do seu discurso convida a que se faga un balance da lexislatura. Entón, eu quero dicirlle o que vostede prometeu no ano 1990 cando tomou posesión da Xunta de Galicia e o que está feito; desde logo, teña en conta o seguinte: vostede no debate da autonomía do ano 1991 -aquí está o Diario de Sesións do Parlamento, do 19 de febreiro de 1991- dixo que o seu Plan económico e social, podía xerar 68.000 postos de traballo. Aquí está, se non é certo o que dí o Diario de Sesións do Parlamento galego, xa non entendo nada.

Sobre a liberdade é verdade, indubidablemente, que se está retransmitindo o debate en directo, pero ¿cando se ten oportunidade de participar nun debate? ¿cando ten oportunidade de comparecer algún membro da oposición para expoñer unha postura diferente ó que se fai no Parlamento por parte do Grupo Popular? ¿Acaso esquecemos xa as listas negras? Iso non foi un invento da oposición, iso foi algo que xurdiu dos traballadores da Televisión galega. Entón non me diga vostede, señor Fraga, que aquí en Galicia, a liberdade está á orde do día; desde logo neste momento penso que non.

Sobre a comarcalización tampouco é invento meu dicir que ía facela o máis axiña posible. Está aquí, no debate de investidura: "... dunha forma inmediata a organización territorial de Gali-

cia". E vostede agora lanza a comarcalización para o ano 1997, ¿por que é isto?. Pero aínda hai outra cousa máis: vostede dixo que sen comarcalización non hai desenvolvemento económico, iso é o grave, entón se non temos comarcalización non imos a ter desenvolvemento económico.

Lugo, por desgracia para nós, segue sendo a provincia máis pobre de Galicia; non o digo eu, dino algún comentario que teño por aquí de estudos serios rigorosos. Quedamos á cola de todo, sempre quedamos na cola, e, desde logo, eu estou de acordo en que se instalase a escola de montes en Lugo. No que non estou de acordo é na política que levou a Xunta de enfrontamento entre Pontevedra e Lugo. Agora veñen as compensacións. ¿Como se pode gobernar un país cando se goberna con compensacións?: heiche dar unha cousa a ti; non cha dou pero douche outra... Iso, señor Fraga, non me parece serio.

Polo demais, quero dicir que non soamente non imos para arriba, senón que o cidadán galego vai estar máis amolado; vai estar máis amolado porque vostedes incrementaron as taxas. Algo que custaba 200 pesetas hai dous anos, coa nova Lei de taxas da Xunta de Galicia, custa 2.000 pesetas. Un incremento significativo das taxas, señor Conselleiro da Presidencia e Administración Pública, ¿ou non é certo? ¿Non é certo que vostedes van poñer unha canle hidráulica, coa lei de augas que se está a debater? ¿Terán que paga-los galegos un novo imposto pola auga que están a consumir? ¿Non van pagar un imposto polas estradas das que tanto presumen, e polas autovías que se fan en Galicia? Iso todo está na lei que se está a debater no Parlamento, non me diga vostede que todo vai para mellor.

A mín gustaríame, -remato, señor presidente- que vostede, señor Fraga, tivese a humildade de recoñecer que non fixo tódalas cousas que prometeu. É humano. Chega aquí á tribuna e dime: a circunstancia económica e esta, pero temos que loitar para conseguilo. Porque o problema gravísimo que temos todos é que se vostede está convencido de que o fixo ben, non vai rectificar. Ese é o problema grave. Nós o que queremos é que rectifique para poñelo moito mellor.

En definitiva, creo que tratei de expoñer todos aqueles aspectos que ó meu xuício non se

cumpriran en Galicia. Non quixen falar de temas que realmente son cuestións persoais súas, como o tema da ARE. Non era oportuno falar diso porque Galicia xa fixo bastante o ridículo. Por suposto, o que si lle quero dicir é que recoñeza que vostede tamén se equivoca, como se equivocou en todo o seu enfoque político de sempre.

Hoxe vostede está defendendo teses que antes defendían outros. Polo menos recoñéza, porque cando un recoñece a situación na que se atopa, indubidablemente é máis fácil rectificar, e desde logo poder chegar á concertación que negou -e non o digo eu, dixérono os sindicatos- ó diálogo e ó consenso para tratar de levar este país adiante.

Máis nada e moitas grazas.

(Ocupa a Presidencia o vicepresidente primeiro, García Leira)

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas grazas, señor Castiñeiras.

Ten a palabra o señor Nogueira Román.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor presidente, señorías, é natural que os portavoces dos grupos da oposición na réplica nos dediquemos moi especialmente ás palabras pronunciadas polo presidente do Goberno galego; de tódalas maneiras vou falar moi brevemente sobre o señor Portomeñe.

Señor Portomeñe, vostede daríase conta de que eu non nomeei a Unidade Galega cando falei. En todo caso, equivócase profundamente se cre que Unidade Galega vai ser un grupo centrista. É algo moito máis amplo e ambicioso: é a unidade da esquerda nacionalista, o galeguismo e os movementos sociais democráticos nunha nova formación política democrática, na que se respectan os valores orixinarios e solidarios dentro dunha política reformadora. E se quere saber o que é isto, señor Portomeñe, mire cara a Europa, e mire como se está intentando renovar os valores da esquerda uníndoa ós demócratas que queren o progreso.

En todo caso, incluso respecto do que pasa na dereita, señor Portomeñe, tamén, terían que mirar para Europa, porque o señor Giscard d'Estaing acaba de dicir que se goberna a dereita sucedendo ó señor Mitterrand, mellor dito ó Partido Socialista Francés, non privatizará as empresas públicas, e que cando hai un 10% de paro é irresponsable privatiza-las empresas públicas; mentres que no seu partido o señor Aznar, cando hai no Estado español un 20% de paro, dixo que ía privatizar todo, tódalas empresas públicas. Polo tanto, se vostedes gañan as eleccións en Madrid, van privatizar ASTANO, Bazán e REP-SOL na Coruña, ENCE en Pontevedra e INESPAL en San Ciprián, segundo a política do seu partido, causando en Galicia unha hecatombe. Señor Portomeñe, tanto na política de renovación da esquerda, que eu quero facer, con outra moita xente que ten outras proxeccións moi distintas das miñas, pero que coincidimos nun programa común, como incluso na política da dereita, terá moito que mirar cara a Europa.

Efectivamente, chámanse rexións na xerga europea os componentes da Asamblea de Rexións Europeas, pero esas rexións elixiron presidente non ó señor Fraga, senón ó señor Pujol que nunca defendería que Cataluña é unha rexión. E precisamente os que forman parte das rexións europeas votáronlle ó presidente dunha nación, vostede aínda non se decatou. Galicia en todo caso, señor presidente, quero dicirlle -e non é nada en absoluto en contra do fútbol- que non é tan coñecida en Europa polo señor Fraga coma polo Deportivo. E eu tiven unha experiencia recente de países da Fisterra europea, onde estaban, evidentemente, orgullosísimos de que un equipo galego fose de primeiro na primeira división do fútbol español.

Eu dixen que a mellor virtude de Fraga son as carencias da oposición, e isto é a proba da debilidade do señor Fraga, porque cando a oposición se una e dea suficiente credibilidade, realmente o reinado do señor Fraga en Galicia acabouse, e eu estou esperando que isto ocorra. Cremos que o galeguismo é profundamente necesario para acadar unha alternativa que despois de doce anos é necesaria en Galicia para que teña credibilidade a autonomía e a propia democracia.

E en canto a se se cambia ou non, se o cambio se produce en Madrid ou en Galicia, quería recordarlle ó señor Portomeñe -cousa que nos amola moito cando vémo-la televisión- que dada a posición de Galicia como proa cara ó Atlántico, o cambio do tempo sempre pasa primeiro por Galicia, para ben e para mal; neste caso creo que para ben.

Señor Fraga, vostede fixo un apelativo descalificador cara a min, porque lle custa traballo recoñecer que trata as cuestións que tratei eu aquí dez anos antes, desvirtuándoas; e pola mañá xa lle dei algunha mostra diso. Efectivamente, vostede fala do paro no ano 1995, e das autovías, pero debería saber que neste momento o Goberno galego ten máis poder económico sobre Galicia có Goberno do Estado, por fortuna para a Autonomía. E crecentemente o problema do desenvolvemento económico de Galicia é un problema interno galego. Vostedes saben ben que e non me contento en absoluto co nivel de autogoberno que temos neste momento, e moito menos co nivel de autogoberno económico. As cifras son moi claras: no último ano Galicia incrementou o seu paro no 35%, a cuestión é realmente grave; e agora estamos no 18%, cando en 1980, cando comezou o poder do Partido Popular en Galicia, estabamos no 1%. En Gran Bretaña, que teñen o 10,5%, consideran que a situación é dramática, e empezan a pensar que a perda da moral colectiva que existe naquel país é debido xustamente ó problema do paro.

Señor Fraga, non comparei Galicia con Birmania con toda evidencia. Eu, igual ca Betty Williams, Pérze Esquivel, Sinus C. Pauling, Desmond Tutu, Elie Wiesel, Oscar Arias, Rigobertha Manchú e Mijail Gorbachov, ó referirme á líder democrática birmana, falei dos dereitos humanos como valores universais, e incluso do papel da muller na sociedade e na política. Falei de Birmania coma un país irmán, como o é Alemaña ou Tanzania, tiven unha visión universal des- de Galicia e tratei os valores universais.

En todo caso, falando das cuestións concretas de Galicia, é evidente que vostedes non se ocupan da familia, para nada, é pura ideoloxía. Non hai unha soa medida deste Goberno ou deste partido durante doce anos que favoreza o traballo da muller ou que favoreza que as mulleres poidan ter fillos sen perde-la súa vocación pro-

fesional se a queren ter. Compare a situación da familia galega coa francesa ou coa de calquera outro país europeo, ¡pura hipocrisía! Unha política progresista hoxe ten que efectivamente ocuparse da familia, e unha política conservadora coma a súa non se ocupa en absoluto.

E en canto ó medo señor Fraga, eu o que sei é que vostede o día do "Mar Exeo" non estaba na Coruña, e creo que lle aconsellaron que fora.

Con respecto ó tren, señor Fraga, señorías, eu concibo Galicia como unha grande cidade europea, claro que si. Primeiro, porque o é: o conxunto de Galicia debemos concibilo como unha grande cidade europea; unha cidade xardín, como dicían os galeguistas. E segundo, porque é o punto de vista, o programa que me permite reivindicar ter un tren de alta velocidade, autopistas, aeroportos, portos e telecomunicacións. Porque nos programas da Comunidade Económica Europea co acordo do Estado español o tren rápido non chega mais ca a Valladolid e ó Porto, non chega a Galicia, e eu concibo a Galicia como unha cidade, igual ca Munich ou Amsterdam, e non é para menos.

Hoxe en día estase pensando que os camións en lugar de ir polas autopistas van montar nos trens, vaise potencia-lo tren, e van i-los choferes, nos traxectos moi longos, durmindo en liteiras; como nos esquezamos de que isto hai que reivindicalo pagarémolo, como estamos pagando as autovías, dentro de poucos anos. ¿Por que por qué temos paro neste momento? ¿Por que pasou o paro do 1% ó 18%? pois porque nos anos 80 no se fixeron autovías nin se modernizou o tren, cobramos 30 mil millóns de pesetas menos pola sanidade e temos un financiamento de 100 mil millóns de pesetas menos do que nos corresponde. Son políticas concretas, tamén de responsabilidade do Goberno galego, as que motivaron o incremento dramático do paro, iso é evidente.

Eu estou cansado de anuncia-las cuestións, simplemente porque temos un programa para Galicia, pois non son ningún adiviño, do mesmo xeito que anunciei a cuestión do Plan hidrolóxico, mentres o señor Fraga ironizaba, ignorando do que eu estaba falando...

(Ocupa a Presidencia o seu titular)

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que remate, señor deputado.

O señor NOGUEIRA ROMÁN: E agora neste momento vaise facer un investimento enorme, posiblemente con prexuício de Galicia, cando nós non temos as competencias e non podemos negociar en pé de igualdade.

O señor Fraga falou esta mañá do Plan de Galicia costa e do Plan hidrolóxico nacional; deixou reducida Galicia á provincia da Coruña. Pois deben saber vostedes, que no Plan hidrolóxico nacional de que fala o señor Fraga está todo o río Miño e o Sil, está toda a Galicia hidráulica. Evidentemente, esa política non é en absoluto a miña, como non é miña a idea de facer....

O señor PRESIDENTE: Remate, señor deputado.

O señor NOGUEIRA ROMÁN: Vou terminando, señor presidente. Na primeira intervención fun moi breve, debe recordalo.

Tampouco a miña política facer de Galicia, da Comunidade galega, unha economía subvencionada, asistida. No Plan económico social, Galicia non vai ter ningún emprego máis en 1996 do que ten hoxe, e esa é a previsión do Goberno galego, señorías, non é en absoluto un invento meu.

Neste momento temos que falar tamén de como está o autogoberno galego. Pois ¿que hai no Estado español sobre o autogoberno?, hai o pacto autonómico das autonomías do artigo 143 e a reivindicación permanente de Cataluña e de Euskadi, que queren que se lles reconeza o seu carácter auténtico de nacionalidade ou de nación. ¿Onde está Galicia? facendo unha proposta na que queda reducida, no programa do Partido Popular, e mutilada por completo, e converte a Administración única en portelo único, é dicir, volvendo de novo ó centralismo.

O señor Fraga utiliza toda a súa autoridade, señorías, para converternos nunha Autonomía de vía lenta, de segunda división, e iso nós non o queremos; por iso facémo-la oposición. Espero que despois desta sesión, señorías, diminúa

en Galicia o número de incautos, terminoloxía do historiador Carlo Cipolla; en todo caso, farei o posible para que así ocorra os próximos meses.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Nogueira.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías.

Señor Fraga, don Ramón Parada Vázquez, catedrático de dereito administrativo da UNED, íntimo amigo de don Dositeo, colaborador de vostedes, pois lles fai borradores de proxectos de lei, toda unha autoridade en dereito administrativo, ten escrito textualmente, nun tratado de dereito administrativo o seguinte: "Las cofradías de pescadores en su formulación actual siguen siendo una organización como mínimo reliquia del fascismo, pues siguen generando elecciones confusas, ya que se elige para lo mismo a trabajadores y empresarios." "La primera en la frente". Non fale do que non sabe, señor Fraga, ou do que non se decata. Son os seus clásicos, os seus asesores xurídicos especialistas que xa lle contestan por min.

Así que a Televisión galega é unha marabilla porque hoxe está presente neste debate. Hai que ser imprudente para vir dicir isto aquí despois de que, de non ser pola mediación do presidente da Cámara, as xestións feitas antonte, luns, coa Dirección da Televisión galega, estimulado pola iniciativa de tódolos grupos parlamentarios da oposición, a Televisión galega tiña previsto exclusivamente retransmitir en directo, naturalmente, o discurso do señor presidente, e logo dar resúmenes informativos das intervencións da oposición. E á altura do luns, a última hora da mañá, as negociacións xa acadaron que se retransmitiría en directo a intervención primeira dos portavoces, e a réplica do señor Fraga, e veríamos se se facía coa rolda que está acontecendo agora, que a verdade é que non sei se se está retransmitindo en directo ou, en todo caso, se se está gravando. Señor Fraga, a súa imprudencia é

temeraria ó vir a esta Cámara, pensando que vostede está nun mitin en Chantada ou no monte do Faro falando para persoas non informadas, e que lles pode solta-las bolas que queira e vir presumir aquí de que a Televisión galega hoxe está retransmitindo. “La segunda en la frente también”.

Di vostede: “Paso máis horas no despacho ca ninguén; entro de noite e saio de noite”. O que non lle dixo a ninguén é se ese tempo o pasa durmindo ou traballando, porque diso non hai constancia. Pola súa política, mellor dito, pola súa falta de política dá a impresión de que está durmindo ou polo menos está levitando, se cadra, como Santa Teresa ou San Juan de la Cruz, pero vostede non é un escritor da súa categoría. Fai chafalladas, e cando quere escribir sobre Cunqueiro hai negros desertores do nacionalismo que lle fan os textos, e teñen nomes e apelidos. Logo asina un ensaio literario sobre Cunqueiro que non fixo vostede. E iso tamén é a ética de que falaba don Manuel Fraga, Sábese en todo o país e nos medios literarios, sábese menos nos medios intelectuais orgánicos, ninguén fala diso porque, naturalmente, poden perder chopos. Nin eu nin os do Bloque nunca tivemos ningún chope que perder, dígoos aquí e atrévense a desmentilo por escrito publicamente, porque entón sacarei o nome das persoas. Ética, empezamos por aí. Apropiación indebida de autorías para dicir que é unha persoa capaz de facer un ensaio literario sobre Cunqueiro cando llo fan. A terceira non sei se na fronte, no corazón ou ó mellor pasoulle por un costado, porque vostede escapúlese, é a súa máxima experiencia.

O BNG fixo aquí, a través da miña voz, un discurso político, de análise política, e unha radiografía da situación real e efectiva de Galicia neste decenio, opinable, naturalmente, porque como non vai ser opinable se, e unha visión desde unha forza política. Pero é que vostede non fixo absolutamente nada diso, e todo o que se lle ocorre, todo o que é capaz de facer na réplica é lembrarse do zapato de Krushev, que vén ser coma se nós lembrásemos da perdigonada que lle meteu vostede á filla de Franco nunha cacería sen querer, por nerviosismo claro, en presenza “del Jefe”, ¿verdade? Foi histórico, auténtico, nas pernas afortunadamente, porque se chega ser na cabeza íalle custar moito máis caro. Ese é o nivel ó que pon o señor Fraga os deba-

tes. Un vén aquí en nome dunha forza política, fai unha análise rigorosa, opinable, unha proposta política, e non vén facer propaganda electoral, é dicir, nos sómo-la alternativa con isto, con isto e con isto, non. E todo o que se lle ocorre ó señor Fraga presidente, “hombre de Estado”, na réplica, é recorre que si o zapato de Krushev. Pois ó mellor naquel momento o zapato de Krushev foi moito máis elocuente ca calquera palabra, sobre todo se eran palabras en ruso, porque os americanos nunca quixeron enténdelo.

Señor Fraga, vostede no resto da súa intervención de réplica dedicouse a dárno-la razón. Enumerou todas e cada unha das cousas que eran responsabilidade de Madrid e nas que vostede non podía facer nada. Ou sexa, o que eu lle dixera vostede corroborouno dicindo: “Ergo...”, polo tanto, isto. A cuestión, señor Fraga, para a cidadanía galega, para os sectores sociais e económicos deste país, é a seguinte: eles, como é lóxico, queren que os políticos lles resolvan os problemas, polo menos que non llelos agraven, e desde logo que a política dos gobernos non os agridan, ¿verdade?, e non distinguen moito que sexa o Goberno central ou o Goberno da Xunta. Pois se vostede en vez de resolvérlle-los problemas vai e dilles: “É que iso é cousa de Madrid, eu non podo facer nada”, retrucaranlle ou pensarán para si: “Luego, ¿usted está puesto por el Ayuntamiento? Este es el dilema que eu lle propuxen, vostede o único que fai é corroboralo. Vostede o único que fai é dicir: “É que eu non pinto nada neste Estado. Eu son un xubilado que me mandaron para Galicia presidindo aquí a Xuntilla porque xa non tiña carreira como candidato á Presidencia do Goberno. E bastante fago con mante-lo tipo, aparecer moito en público, controla-la Televisión e viaxar para que saia nos periódicos que estiven con Margaret Thatcher -e a Thatcher para abaixo- con Menem -pois Menem ten un follón tremendo- e así sucesivamente.

Eu non o acuso persoalmente de nada, se vostede en todo caso política e humanamente a min máis ben dáme lástima. Non teño ningunha cuestión visceral contra vostede, o que pasa é que está xogándose un país que se chama Galicia. ¿Comprende vostede que non é unha rexión europea?, é unha nación con milleiros de anos de historia, onde a conciencia crítica deste país, desde os ilustrados en adiante, librou

moitísimos combates e foron descualificados. O seu pedigree o que fixo foi descualificar todo o que houbo de intelixencia, de talento e de lealdade neste país na historia de Galicia. Vostedes son os herdeiros dos que con Rosalía de Castro facían o que Curros dixo no seu fabuloso poema: "Comesta dos loos, comesta morreu". Agora logo a convertían en santiña ós cinco anos, e era pouco menos que "la Virgen de Fátima". Eses son vostedes e o están demostrando cos seus feitos e coas súas maneiras de silenciar a realidade e de mofarse dos cidadáns que padecen os problemas; esa é a diferenza entre vostedes e nós.

Eu podo berrar todo o que queira, señor Fraga, entre outras cousas porque non teño que gardalas formas que ten que gardar vostede. A min non hai quen me berre despois se eu me paso, nin me berra o señor Aznar nin Felipe González, nin Cacharro Pardo nin os de arriba nin os de abaixo, non me berra ninguén, ¿comprende?, e a proba está aí na traxectoria.

Mire, escóiteme ben, don Manuel, e meta isto aquí no cerebro, non sei se no ceregumil, pero no cerebro: xa ninguén cre neste país que os do Bloque teñamos cornos e rabo nin que votemos lume pola boca nin que lles imos expropialas vacas ós paisanos; xa non o cree ninguén. Vostede pode predicalo polo país, pero non o cre ninguén. Somos unha forza respectable que ten un abano electoral e un espectro de base social e electoral máis diversificado ca ningunha outra forza política deste país, non digo máis votos, pero si máis diversificado. Somos unha forza política que ten o apoio solidario das bases obreiras, porque dámo-la calo por iso, e dos labregos, que se atreven a vota-lo que pensan, non os que exercen o voto libre "al estilo" do PP. É ó mesmo tempo temos interlocución co empresariado deste país neste momento, que nos chaman os empresarios para falar de alternativas porque nos din: "E que falar con Fraga é como falar con "la abuelita". Préséntaselle un tema e empeza a contar anécdotas, e o cabo de cinco minutos dílle que iso non é do que tiñamos que falar e volve contar anécdotas; e ó final non se sabe cal é a cuestión". Esa é a impresión que tiran das entrevistas con vostede os empresarios que teñen calidade de empresarios e que, naturalmente, non teñen reparos en decilo.

Señor Fraga, obrígame vostede a facer electoralismo. Neste momento as sondaxes danlle ó Bloque máis de doce deputados no Parlamento galego e dous deputados en Madrid. E vostedes sábenno, ben, vostede non que non conta nada, pero os seus xefes, o señor Cuíña, os que saben realmente cales son as enquisas, sábeno perfectamente, como o saben na Administración do Estado respecto das auténticas enquisas do CIS, ¿comprende?. Claro, e ese é o problema de vostedes, que seguen co dos cornos e o rabo, o lume pola boca e iso non conduce a ningures, señor Fraga. Mire, a xente xa non se asusta porque Beiras berre. Ás veces, despois dun debate no que me paso, cando chego á taberna do agro ou á gasoleira dos Ánxeles ou a calquera sitio deses, paisanos, traballadores ou mulleres moi tranquilas dinme: "señor Beiras, siga así que aínda hai que dar máis caña". Aínda hai que dar máis caña, fíxese, e non da caña coa que vostede fai as queimadas, senón caña no lombo, varapaos.

Señor Fraga, en 1989 tiveron cen veces máis cartos para a campaña electoral dos que tivo o Bloque. Nós obtivémo-la quinta parte dos votos que obtiveron vostedes, fomos vinte veces máis eficientes. Siga con esa técnica dos cornos e do rabo, e aí explícanse moitas cousas, naturalmente.

Vostede pensa que esta democracia é pura, casta, inocente, transparente e que hai verdadeiramente igualdade de oportunidades. Mire, o combate electoral entre o PP e o Bloque, xa non agora, porque agora xa é distinto, pero hai uns anos, era coma aquilo que dicía aquel sociólogo sobre o Terceiro Mundo: poñer a competir un país como Somalia cun país coma Italia é coma se se pon a competir nas olimpíadas con absoluta neutralidade a un mocete somalí desnutrido con Carl Lewis. Pero cando os países do Terceiro Mundo aprenderon a reivindicar cousas e obtelas, a comer e a nutrirse, entón resulta que os Keniatas e os outros gañan as carreiras de fondo e as probas de velocidade: E ese é o panorama da política. vista así xa neste plan frívolo para que vostede me entenda, por que se fago un discurso serio coma o de antes non se decata de nada, entre o Bloque e o PP.

Non vou dicir nada dun señor que entrevistou antes e fixo unha rolda de réplica cando non lle

correspondía, porque a súa especialidade parece que é saír aquí para facer grazas que lle rían os seus compañeiros dos escanos, e iso é propio dun bufón, pero non dun portavoz; e polo tanto non teño nada que dicir a iso.

E xa para rematar, quero dicir que como persoa, non en nome do BNG, empezo a estar farto de que vostedes me dean leccións sobre Ramón Piñeiro e me corrixa as miñas opinións sobre el, xa que esta persoa que lle fala coñeceu a Ramón Piñeiro e sempre lle chamei Ramón, e da miña xeración era a única persoa que o trataba de tu polo que lle vou explicar. Cando eu tiña 11 ou 12 anos Piñeiro acababa de saír da cadea onde o meteran os seus amigos de entón, por ser democrata, e onde durante dous anos presenciara os fusilamentos de dúzias de democratas cada madrugada; entón coñecín eu a Ramón Piñeiro. Trateino durante tres décadas dunha maneira que ningunha persoa nesta Cámara, nin case ningunha persoa fóra desta Cámara tivo ocasión de facer; coñeceu por dentro e por fóra, por riba e por baixo. E fun moito máis leal a Ramón Piñeiro que tódolos oportunistas e arribistas que invocan aquí o seu nome en van. Precisamente por iso cando considere que Ramón Piñeiro estaba sendo utilizado por quen fose para convertelo simplemente nunha coartada, denuncieino publicamente, porque era a miña obriga como cidadán e como loitador nacionalista; non estou para “palanganadas”.

E advírtolle que non lle tolerarei nunca máis que me veña vostede publicamente dar leccións sobre Ramón Piñeiro ou sobre a miña opinión de Ramón Piñeiro; teño toda a liberdade para decilo. Se cadra cóntolle publicamente cousas moito máis gordas e vai quedar vostede co cu quente, como despois dunhas “chaparretas”, que é o que merece. Vostede nin é presidente do Goberno nin é alternativa nin é nada, e este país vaine xubilar no Ano xubilár, e xa falaremos dentro de un ano.

Tamén dixo que eu ía queimado. ¡Pero se vostede está carbonizado desde hai moitos anos! Vostede, como o Cid, tamén gañou unha batalla despois de morto. Ten a Televisión, ten os medios, ten todo, naturalmente, vostede é unha simple aparencia, é unha evanescencia e as evanescencias ó final non poden funcionar, e vostede non funciona.

Máis nada

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

Ten a palabra o señor Sánchez Presedo.

O señor SÁNCHEZ PRESEDO: Señor presidente, señorías, nesta réplica moi brevemente quixera referirme a algún dos temas que aquí se abordaron. Esperaba que o presidente da Xunta de Galicia realmente entrara no que desde o meu punto de vista é o debate, é dicir, darlles sentido ás cifras e establece-las prioridades; creo que aquí botamos de menos iso, señor presidente.

Eu lémbrome dunha anécdota bastante macabra dese ciruxán que saía do quirófano e dicía: “Ben, a operación foi un éxito, o malo é que o paciente non conseguiu superala”. Entón, conseguía desdobralo que era a operación da saúde do enfermo. Creo que neste momento non se pode vir aquí dicindo: isto é maravilloso, isto é fantástico, isto é fenomenal, estámolo facendo moi ben; o único problema é que o país realmente está nunha mala situación. Vostede debía polo menos vir aquí e facer un esforzo de realismo, falarlle á xente dos seus problemas, da resposta ós seus problemas, e non estar aquí como quen non vai a cousa. Esperabamos de vostede realmente un maior compromiso cos problemas auténticos do país.

En Galicia é necesario transmitir moi claramente unha idea: non hai ningún maleficio, non hai ningún fatalismo para que Galicia estea nesta situación; non estamos condenados a crecer sempre por debaixo de España, a que cando en España descenda o nivel da actividade económica aquí descenda moito máis, e que perdamos aínda emprego en maiores cantidades. Non é así, e eu creo que é un problema que esixe unha resposta do país, unha resposta global. E unha resposta fundamental nun país democrático é a que ten que da-lo seu Goberno, e o Goberno democrático de Galicia é a Xunta de Galicia. Vostede, polo tanto, hoxe non lle deu ó país esa resposta que era necesaria.

Eu creo que non está ben que fagamos un espectáculo político de xogar ó “pin-pon” entre a

Xunta de Galicia e o Goberno do Estado. Paréceme absurdo, paréceme bastante lamentable que os temas que son compromisos de todos, dos axentes públicos e dos interlocutores sociais e económicos, aquí algún pretenda apuntarellos cando lle saen ben e tratar de escorre-lo vultro cando non lle saen ben -e, tanto o presidente da Xunta, como o portavoz do Partido Popular, en materia de emprego se existía algún dato parcial favorable o apuntaba á Xunta, pero os datos globais os trataban de apuntar ó Goberno do Estado.

Eu quérolle dicir é unha cousa moi sinxela. O emprego é compromiso de todos. Vostede ten un gran poder neste país, un poder democrático. Vostede debería tamén ter autoridade, porque moitas veces non basta co poder. E creo que na democracia máis alá do poder está a autoridade, é dicir, a capacidade de convicción que un político pode transmitir á sociedade respecto do que está ocorrendo e das saídas que existen. Pero vostede non exerce a autoridade.

Vostede sente que non ten a autoridade. E vostede ten un 20% do PIB galego, do que en Galicia se produce; en doce meses vostede manexa dous meses e medio; todo iso manexa vostede. Nestes anos manexou a parte dous billóns de pesetas. Pois, nos últimos cinco anos, en España, incluíndo os postos de traballo, as ocupacións que se perderon ultimamente, se crearon 884 mil postos de traballo, e en Galicia, perdéronse 51.317 postos de traballo. Dígoos por unha razón moi elemental, porque aí entramos nós nos últimos cinco anos. Nos últimos cinco anos España crea 884 mil postos de traballo, e en Galicia soamente se crean durante a etapa que non gobernaban vostedes, señor Fraga Iribarne. Esa é a realidade.

O que ocorre é que aquí estamos empeñados en poñer todo ó revés. Vostede ten comeptencias en agricultura, en pesca, en industria, en comercio, en turismo, en todo o necesario para provocar unha modernización dos sectores productivos de Galicia. Pero vostede di que niso non ten responsabilidade, e no que ten vostede responsabilidade é nas autovías, no gas, na telefonía, nos polígonos industriais, onde quen ten realmente responsabilidade é o Estado.

Por iso, eu non quero entrar na batalla das infraestructuras, porque aí lle ganamos sempre por goleadas, señor Fraga Iribarne. En telefonía cada peseta que poñen vostedes, o Estado pon tres veces e media, e aí hai un Goberno socialista; en solo industrial por cada peseta que poñen vostedes, a Administración do Estado por catro; en autopistas van inaugurar 20 Km, e nós nestes anos 80 Km entre autopistas e autovías.

(Interrupcións)

En Galicia completamos Santiago-Pontevedra. Viaxe polo país e agora se vai inaguralo tramo que vai desde Porriño a Tui. Sumen vostedes: catro veces mais. O que pasa é que as verdades non se poden ocultar.

En materia de rendas, señor Fraga Iribarne, estámolles aportando a este país para que siga crescendo a renda dos galegos, a pesar de que diminúe a produción. A produción está diminuindo e, a pesar diso, conseguímo-lo paliar cunha política de rendas, para os sectores que están en maiores dificultades de Galicia. Galicia ten a quinta parte da súa poboación que está recibindo pensións do Estado. En infraestructuras e en política de rendas vostede non pode competir, por que lle ganamos por goleada, non hai cor. Vostede compita na súa responsabilidade, e vostede aí non comparece ó terreo de xogo. A min paréceme moi grave que vostede renuncie.

En medio ambiente, hoxe, Galicia está máis sucia que hai catro anos, porque cando Galicia está sucia o que hai que facer -moitas veces a primeira operación foi mete-lo lixo debaixo da cama, ou debaixo da alfombra, como fan nalgúns casas con pouco sentido da hixiene-, son centros de tratamento. E en residuos urbanos que hai xa residuos urbanos non fixeron centros de tratamento. E en residuos industriais fan o centro de tratamento, sabendo que ese centro de tratamento cobre o 40% das necesidades do Plan Nacional de Residuos Industriais. Eu creo que os residuos industriais hai que soluciónalos, pero se temos residuos urbanos, fagámo-lo tratamento de residuos urbanos e se aínda non temos un volume suficiente de residuos industriais, esa non será a prioridade a introducir polo seu Goberno. O que ocorre é que este é un Goberno que non fai a lista segundo as prioridades, senón en función de gastar. Moitas veces non se trata

de gastar, senón de gobernar, é dicir, de sinalar prioridades, atende-las e cubri-las.

Señor Fraga Iribarne, paréceme que vostedes non deben seguir utilizando a Europa como coartada e como xustificación dos problemas de Galicia. Europa danos a posibilidade de ter un futuro, e o gasto de non estar en Europa sería moi superior a estar nela.

Cando hoxe miramos Europa, o que existe nos países mais atrasados é demanda de Europa, e aquí parece que hai que presentar sempre a Europa como causa de tódalas desgracias. Europa é unha gran oportunidade. Nós témolo claro. Non imos xogar ó dobre discurso. Nós estamos pola adhesión europea con tódalas consecuencias; negociamos día a día a marcha europea, e non criticamos a política europea, cando como vostedes teñen representantes tamén nos órganos comunitarios que, ás veces, non os merecen porque os deixan de espalda, señor Fraga Iribarne.

Cando falamos de Europa hai que falar sabendo que hai momentos en que resulta mais difícil construír Europa. Nos momentos de bonanza é moi fácil apuntarse a idea europea, pero nos momentos de dificultades moitas veces nace a pesadumbre. Pero por iso dicía que nestes momentos de dificultade hai que mante-lo compromiso, porque é unha decisión extratéxica, e as decisións extratéxicas mantéñense contra vento e marea. O que ocorre é que vostede carece dunha política extratéxica e tanto lle da: se hai que cargarlle a Europa a ineficacia da súa xestión, se lle carga a Europa e tan tranquilos, e o que estamos é lastrando unha idea que en ocasións ten dificultades de encarnarse profundamente dentro do noso futuro. Vostede non está xogando lealmente con Europa.

Falaba de pesca. No cerco, o problema da sardiña en fresco non son as importacións, señor Fraga Iribarne, ese non é o problema da sardiña en fresco. Eu teño aquí os datos de importacións e onde máis importan, precisamente, é de Portugal e a prezos que non son competitivos e que non son os que provocan a redución de prezos actualmente en España. Teño tamén o que se importa en Italia, en Marrocos, en Francia, son cantidades moi baixas. Non é o problema o problema das importacións. E aí deberíamos apren-

der de Portugal; non no tema da pataca da Limia, que aquí non se crean 7 grandes superficies para soluciónalo problema da pataca da Limia ¡eh! Aquí deberíamos aprender de Portugal onde retiran a sardiña a prezos de intervención, e aquí non se retira ningunha sardiña a prezos de intervención, é dicir, hai unha cobertura comunitaria de retirada da sardiña e aquí non se realiza, señor Fraga Iribarne; esa cuestión é a do cerco.

Ademais, hai un problema que sempre tere-mos en pesca ¿non?. Se somos un país que quere pescar en países terceiros sempre vai existir unha tensión, e haberá que dicilo entre o acceso a recursos e a apertura de mercados ós terceiros países; sempre existirá algún tipo de tensión. O que non podemos dicir é pechámolas portas a quen nos venda, pero que nos deixen pescar nas súas augas. Iso non me parece unha política intelixente, ó mellor o é aquí para saír dun debate tratando de saír coa cara lavada, pero non desde o punto de vista do que é unha auténtica cooperación internacional en materia pesqueira.

E no arrastre vostede non é responsable das relacións laborais. Vostede é responsable dos recursos, e esa é a súa lóxica. A min o que me preocuparía sería que ese descanso semanal se convertese nun descanso definitivo, señor Fraga Iribarne, porque as empresas teñan dificultades. Eu estou disposto a que se conserven os recursos, pero tamén trato de que existan empresas estables que non perdan prezos nin días de mercado. E iso entendeuse. O que ocorre é que vostede non é o que teña que asumi-lo papel das reivindicacións laborais, eses son os sindicatos, porque estamos en liberdade; non é a Xunta de Galicia quen deba asumi-lo papel dos sindicatos.

En materia de vivenda duas cuestións. Eu creo que o maior erro ultimamente é en política do solo. A política do solo é a que permite facelas actuacións no sitios de maior presión en materia de vivenda nas grandes cidades, que permite ofrecer vivendas a prezos mais baratos. E en materia do solo, aí si que teñen vostedes os problemas, é o programa no que vostedes fracasan estrepitosamente.

Pero débolle dicir unha cuestión. Vostede o ano pasado falou do problema demográfico e di-xo que ía facilita-las posibilidades de que familias numerosas tivesen acceso a vivendas so-

ciais. Pois, iso foi pura palabrería. O único que se fixo foi mante-las condicións no baremo e dificulta-las condicións desde o punto de vista do acceso ós créditos hipotecarios. É dicir, non lle preocupaba o problema demográfico desde a perspectiva real da solución dos problemas, era simplemente un enunciado aquí para da-la sensación que hai unha visión extratéxica sobre a demografía do país, pero as políticas reais non existen, señor Fraga Iribarne.

Estanse retrasando a entrega de vivendas sociais. A min paréceme que se vostede quere servi-lo país, a axenda que debe prevalecer non é a axenda do presidente, son as axendas dos beneficiarios, señor Fraga; non teñen por que esperar a que vostede lles entregue a foto, porque eu nunca fixen esperar a ningún traballador, a ningún beneficiario de vivendas para entregarlle unhas chaves, señor Fraga Iribarne, nunca cheguei a eso que vostedes están realizando.

Na reforma do Senado o único que lle digo é: convenza ó seu grupo, que hoxe é moi probable que rache o consenso, se non o rachou, e sobre todo por cuestións en materia lingüística. Así que esa cuestión trasládeala ó seu grupo.

Estou en contra de Filesa, estou en contra de Naseiro e estou en contra de todos estes temas. Nunca vou utilizar como arma política este tema porque non quero remover nin salpicar, eu non teño mortos no meu armario, señor Fraga Iribarne. Pero si lle digo, que unha cuestión é converter-la corrupción nun arma arrojadiza e outra cuestión distinta, e a máis importante, é eliminar a corrupción.

A vostede o único que lle pedín é que sexa exemplar, porque vostede se comprometeu a ser exemplar. Vostede presume de exemplaridade, e vostede ten que ser consecuente co que presume, señor Fraga Iribarne.

E se neste país queremos que a Administración de Xusticia sexa auténticamente independente, e alguén está sendo sometido a unha investigación, pode inhibirse, e que se tome a decisión por quen corresponda. Pero se vostede quere transmitir sinais exemplares, ser exemplar, vostede ten que tomar decisións. Non pode pasar por aquí de "bonito" facendo discursos, e a continuación non xestionando os compromisos

dos mesmos.

A min o que me preocupa é que o programa de "Galicia calidade" sexa máis diñeiro do que se dedica, por exemplo, á educación permanente de adultos e ó preescolar na casa, que son programas sociais en materia de educación, ou que o diñeiro de Xullo Iglesias sexa superior a todos os recursos destinados para as coperativas agrarias e o asociacionismo agrario dentro de Galicia, que é un tema fundamental, ou que a volta ciclista sexa varias veces superior que os presupostos do salario social dentro do noso país, ou que toda investigación en materia pesqueira ou toda investigación aplicada.

Esas son as cuestións que me preocupan, ¿compréndeme vostede? Preocúpame esa dilapidación, falta de sensibilidade cos problemas do país. Preocúpame, por exemplo, que vostede fale de que vai privatiza-la televisión galega e facela rendible, e hoxe custe o dobre a televisión galega a cada familia galega que se simplemente se suscribise ou se aboase a Canal+.

Vostede falou aquí do socialismo real. Iso foi o que dixo sempre a dereita: confundiu o comunismo co socialismo, ese é un vello discurso. En Europa nunca confundiron a social-democracia e o socialismo democrático co que existía nos países do Leste, señor Fraga Iribarne. Vostede segue utilizando ese discurso, non son eu quen utiliza o outro discurso. Vostede chegou aquí e dixo: "somos po, e ó final, pois, todos nos igualaremos no po; esta é a vella filosofía ¿non?, destinada máis ben a prepararnos para ben morrer que para ben vivir. Eu creo que ese desexo de realización persoal, de oportunidades, non é á hora da morte, senón que o que nós queremos son oportunidades para vivir, para superar discriminacións, non como obxectivo final senón como punto de partida, e que cada un teña oportunidades para desenvolver-la súa propia capacidade.

Paréceme moi ben que aínda aquí, -e veremos quen está máis próximo ou máis perto da realidade- algún diga que o líder da dereita, a proposta do Partido Popular, é un xoven líder con moito futuro e unha nova promesa da política galega; paréceme que, ó mellor, incluso, vostedes cren. Pero creo que aquí o que existe é unha auténtica alternativa, que non é unha alterna-

tiva recoñecida, nin quere ser unha alternativa recoñecida polo Goberno, senón que quere nacer do respaldo e do apoio dun país.

Creo que vostede, señor Fraga Iribarne, vai ter un privilexio que non tivo o presidente Bush, que é perde-las eleccións nun Ano Santo.

Moitas grazas.

(Aplausos)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Presedo. Ten a palabra o señor Vázquez Portomeñe polo grupo popular.

Señor VAZQUEZ PORTOMEÑE: Grazas, señor presidente.

Para clarificar uns pequenos conceptos que nin tan sequera tiña pensado facelo, pero houbo unhas clarísimas invitacións por parte de dous señores portavoces ás que non me vou resistir, de forma que, aínda que fale de todos, só dous son os grandes protagonistas da miña presenza agora na tribuna.

Señor Sánchez Castiñeiras, vostede segue a fallar estrepitosamente en matemáticas. Pero imos ver. Se de cada tres parados que hai en España, un é galego, se España ten máis de 3 millóns de parados, dividindo por tres, da un millón de parados galegos.

E iso señor Sánchez Castiñeiras non é posible. Insisto: mal sexa que non haxa algúns traballadores polo medio, polo menos.

Vostede queixouse terriblemente da falta de investimentos das provincias de Lugo e Ourense, dicindo que este Goberno as pospuxo, e que, en definitiva, non se estaba destinando as porcentaxes adecuadas como para paliar os desequilibrios territoriais. Quérolle dicir a vostedes, que nos presupostos do 93 -e ten posibilidades absolutas de comprobalo- Lugo recibe un investimento de 53.366 pesetas por habitante, Ourense 50.321, a Coruña 36.513 -é dicir, 16.000 pesetas menos, ou 20 tantas mil, depende con quen compare- e Pontevedra tan só 29.000 pesetas. No ano 89, cando vostedes tiñan a responsabili-

dade de gobernar, as diferencias non eran de 20 e tantas e 30.000 pesetas, eran de 4.000 mais nada.

Señor Nogueira, é certo que me equivoquei ó dicir que Unidade Galega é centrista; non foi esa a miña intención. Eu quixen dicir que era frentista, porque, evidentemente, é unha suma como é outro grupo aquí coma outro grupo aquí nesta Cámara, duns, doutros, doutros, e, incluso do seu partido, que aí vai desembocar, mantendo toda a personalidade que queira. De forma que rectifico: non é centrista, é frentista.

Vostede lanzou unha expresión que me deixou terriblemente inquieto, cando dixo que se trataba dunha operación -coma moitas outras que se fan noutras latitudes- de renovación da esquerda, unindo a esquerda -estas foron as súas palabras- a forzas democráticas. ¿Pero é que non era democrática? Eu estou seguro que vostede se equivocou e que non quere renunciar a súa condición de demócrata.

Logo despois houbo tamén unha chamada case dramática -xa o fixo o ano pasado- á unidade. Aquí hai outros señores integrantes dun fronte que parece ser que non ven con bos ollos esa unión. É dicir, vostede pónse de oferta, pero non hai adquirentes ó parecer, de forma que non deixa de ser unha pequena traxedia.

E dí vostede, por último, que en Galicia diminúe o número de incautos e que a porcentaxe de votantes vai ser outro distinto. Nós estamos absolutamente seguros. Van ter menos votos os que están nesta parte de aquí, excepto os señores conselleiros, claro.

(Murmurios)

Outro portavoz falou de "bufón" e resulta curiosamente hedonista. Subiuse á tribuna e falando de confrarías de pescadores, elevouse á categoría de dogma de fe, e non rectifica absolutamente nada, as opinións diverxentes. É dicir, bótase mau do diverxente, apóiase nunha diverxencia cando lle convén, trátase a segun, exactamente igual que cando se fala dos gobernadores civís: uns son represores e outros defensores das liberdades. O da Coruña, claro é, que ten xurisdicción sobre Malpica, era defensor das liberdades.

En canto a Televisión Galega, cada vez que se nos expoñen aquí teses sobre o control da mesma, nós a única conclusión que estamos a sacar é o que faría o señor expoñente ou portavoz, se realmente chegase a ter responsabilidades de goberno neste país. Entón, si que se establecería un verdadeiro fialato na porta para poder emitir nin a máis leve das opinións na dita televisión. E entón, claro é que cando se me nega a min que os signos de identidade de determinado fronte non son os que son, e os que din na rúa, nin son os que nun papel lle foron entregados ó Presidente da Xunta e nunca expostos nesta tribuna, a min me segue suscitando a inquietude: ¿A que se xoga? ¿A estar exclusivamente nos conflitos e a ocultar despois a faz de fondo, ou a filosofía de fondo que empuxa a un a estar neses conflitos e na sociedade? ¿Que se oculta? ¿As alternativas que se ofrecen á propia sociedade? ¿Ou o que dí a prensa cando fala do partido comunista patriótico, e cando fala da revolución, ó parecer, é mentira?. Rectifíquese. Ata o presente non vin ningunha rectificación. Permitin-me subliña-la e en roxo, que a cor correspondente.

Xa, digamos, porqué se nos explicou, os desplantes que se fan ás veces na tribuna. Pois, explicáronse porque ó parecer nunha taberna e nunha gasolinera se reciben aplausos. Iso literalmente é o que se chama conforme ó diccionario da Real Academia "bufón", non o resto. Tamén hai autodefinicións de "pirómano", que falan de carbonizado. Desde logo, é curioso o gran sentido da liberdade, cando se intenta facer calar ós demais, "que non fale fulano", e se fala "que diga o que eu quero"; iso é a liberdade da Cámara das liberdades, ou sexa, deste Parlamento. Nós cremos que este Parlamento é libre, sometido ó regulamento evidentemente.

En canto ó señor Sánchez Presedo, que dí que crearon 800 mil postos de traballo, a nós non nos dan as contas. Desde que vostedes están no Goberno subiron 800.000 o número de parados, dos que atoparon nun inicio. Probablemente, ten outro sistema de cómputo, pero a nós non dan as contas.

Logo dí que nós non podemos competir en materia de infraestructuras co Goberno central. ¡Claro! ¿Como imos competir? Compare vostede os recursos, por favor, señor Sánchez

Presedo, e non veña establecer aquí termos absolutamente disonantes. O seu concello respectable de Betanzos, ou o meu, igual de respectable, de Chantada, que alguén citou por aquí, evidentemente non dan competencia co concello da Coruña, nin eu persoalmente, e vostede tampouco -estou cegamente seguro- co barón Von Thyssen. Polo tanto, ¿ese tipo de comparacións e de presuncións a que veñen?

Hai un aspecto positivo na súa intervención, que eu non llo vou negar: dí que fagamos esforzos en común: Galicia, o Goberno central e a CEE. Esperámolo encantados sinceramente. Xa dixeran nesta Cámara que nesta ocasión non necesitámo-los seus votos. Son vostedes a oposición, e como tal se comportaron, e é o lexítimo e normal. Pero ante os graves problemas de un país -e non cabe dúbida que a crisis económica o é- e o paro evidentemente o é, os seus esforzos, a súa presenza e axuda, naturalmente, serían enormemente aplaudidas por este Grupo Popular.

E quero decirlle a vostede finalmente, que a verdade é que cando nos fala de xuventude, e dixoxue eu falara de xuventude, eu non dixeran tal. Eu dixeran que os ventos da renovación, ás veces que non se determinan por razóns de idade física, soplaban noutras latitudes; rexe outro mapa do tempo alá no nivel horizontal de España, distinto evidentemente do que rexe en Galicia. Aquí a renovación vólvoos a decidir, xa se fixo hai tres anos. E fíxese vostedes falando de vetustedes, de xuventudes e de renovacións, o que termina dicindo a testimonial prensa -as hemerotecas son enormemente denunciadoras en determinados casos-: "Sánchez Presedo dice que el PP gallego es el rostro del pasado". Aparece entre comillas. A renglón seguido el País", en primeira páxina, no recuadro de honra di: "El PSOE explotará nuevas caras ante el empuje electoral del PP. Nuevas caras. Xa me dirá vostede onde está a vetustede ou a antigüidade.

(Aplausos)

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Portomeñe.

O señor Presidente do Goberno ten a palabra.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Fraga Iribarne): Señor presidente, señorías, o meu paisano, señor Castiñeiras, non escoita, de modo que insiste en que nas autovías se cedeu pero as autovías están a facerse inmediatamente, non escoita. Segue empeñado en que eu falei de compensacións, cando dixen exactamente o contrario e, desde logo, creo que confirma aquel vello apotegma de que é mellor viaxar que le-los titulares das declaracións da oposición.

Fala de listas negras que nunca as houbo, e aí están as oposicións perfectamente realizadas na Televisión Galega.

Insiste na comarcalización, e dí que nós subimos as taxas e establecemos un canon de verquido. Naturalmente, se o que contamina a paga, pois ten que haber un sistema para face-las obras necesarias. En todo caso, creo que non hai moito máis que comentar. A humildade consiste en mellorar cada día e, naturalmente, agradezo moito os consellos que se me dan, coa boa intención que sen dúbida nos dá o señor Castiñeiras.

O señor Nogueira insiste en Birmania como exemplo de dereitos humanos, e eu téño tamén, como é natural, non é necesario recordalo, pero non había que ir tan lonxe. O horixonte 95 segue establecido para os plans da Xunta, e é verdade que crecentemente temos mais forza, díganmo a mín, que loito tódolos días sen confrontación, como logo direi falando da intervención socialista.

En todo caso, é verdade que nós queremos privatizar responsablemente, profesionalmente, estudando cada asunto, e haberá cousas que convirá reprivatizar en seguida e outras non. E como é natural, eu falei de acordo coa cuestión do Plan Hidrolóxico, soamente que a Constitución neste momento establece que soamente son competencia da Autonomía as concas que están totalmente dentro dela. Cando vostede reforme a Constitución, cambiaremos iso. Eu estou de acordo. Pero neste momento quero dicir que moitas cousas das que vostede di se están a facer, e debería alegrarse, en lugar de lamentar, polo visto, que outros sexan capaces non de falar, senón de facelas.

Mar Exeo. Eu me propuxen ir o mesmo día. Estábamos en fase inmediata do accidente. Pedíume a Garda Civil da Coruña que o aprazase ó día seguinte, e o fixen, e con eso demostrei que non estabamos nos tempos no Casón e noutros onde os protagonismos impediron face-las cousas ben.

E, finalmente, claro que eu estou tamén polo Deportivo, quero ser tan bó coma él; levo aquí na solapa o signo do Deportivo, e, por certo que o Deportivo funciona ben, porque está moi ben dirixido, e ben se sabe por quen.

O señor Beiras utilizou un ton nada novo nel, que como é natural, me releva de moitos comentarios. Colle un catedrático de Dereito Administrativo, e fala dunha frase del. ¡Pero oiga vostede se as confrarías veñen desde a Idade Media! ¡Si había xa no século XIII, no XIV no XV no XVIII! ¿Eran xa épocas fascistas? Imos falar en serio.

A TVG é autónoma. Naturalmente, atendeu ó rogo do señor Presidente, como é natural, e non tiven que intervir para nada. Pero o certo é que aquí estamos neste momento retransmitidos en directo.

Dormir no despacho. ¡Home, teño poucas ocasións! Gustaríame moito que me deixase o señor don Dositeo ou outros durmir no despacho, pero por agora non é o caso.

En canto a que eu fun amigo de Cunqueiro e que teño toda a súa obra leída, con el pesoalmente, pois se non podo facer unha conferencia, e, se acaso, pido a alguén a que me axude a compensar a miña falta de tempo, pois non vexo que sexa para poñerse así.

En canto as cacerías, eu desde logo, teño estado nelas, teño dado algún tiro desafortunado e perfectamente coñecido, pero teña por certo que non é malo que de vez en cuando se saiba que normalmente o presidente, nun sentido político e administrativo, onde pon o ollo pon a bala. Ou sexa, que naturalmente, é así.

Propaganda electoral. ¿Pero que quere dicir iso? Se estamos dicindo cousas que á xente lle interesan, ganamos votos e, se non, non. ¿A que ven acusar de electoralismo a un presidente que

traballa para a maioría do pobo? Pero en todo caso eu son un xubilado que se ocupa Thatcher, de Menem. Mire eu xa quixera pasar á historia como Thatcher e como Menem. Pero quero dicir-lle que iso dos cornos e o rabo díxoo vostede, eu non dixen nada.

Ramón Piñeiro non foi utilizado, está demasiado alto para que ninguén ouse meterse con el. Eu o admirei e, naturalmente, non pensei sempre coma el, pero el dixu antes de morrer, que morría tranquilo sabendo que íamos facer certas cousas.

É dicir que o zapato de Kruschew, verdadeiramente, puido ter unha explicación, nos confirma tódalas nosas sospeitas de aberta mentalidade. Vostede segue pensando que os empresarios que son empresarios están con vostede -así o dixu- que os labregos que se atreven a votar o votan a vostede. Os demais nin son empresarios, nin son labregos. Era aquilo que decía certa dereita vella, que eu tampouco teño estima por ela, do obreiro consciente. Mire, déixese de bromas, por onde vai o Bloque neste momento, o país sabe que íría á catástrofe e, como é natural, non o vai seguir.

O señor Sánchez Presedo fala de cifras e de prioridades, que é o que eu lle digo, non dixen nada marabilloso nin fantástico, ben ó contrario, non falei de fatalismo. Nós temos xogado lealmente nas relacións institucionais. Esta mesma mañá, eu recoñecía que cando hai colaboración, haina, como no caso das autovías; autovías ás que se opuxo o seu grupo; iso Galicia non o esquecerá.

Poder e autoridade. Como sabe vostede foi Augusto o primeiro que usou esa distinción: "Potestas e auctoritas" que estamos vivindo: poder temos pouco pero autoridade aínda nos queda moita e, precisamente, por iso o Goberno de Galicia pode facer máis, moito máis, do que facía antes.

O peso e a eficacia da Nación galega son unha realidade e todo o mundo o sabe. Pero iso de poñelo todo ó revés, isto de gañar por goleada nas infraestruturas ¿por que o fixeron ese convenio coa telefónica, co gas no seu tempo? ¿Por que neste momento recorren a non dicir o

que é verdade: que hai un plan completo de infraestruturas que nunca o houbo?

Iso de que Galicia está máis sucia, imos deixalo. Pero teño a impresión de que nalgún momento vostede se distraxo, porque non debía estar polenizando comigo senón con outros oradores. ¿Quen di que Europa non é importante? Díxeno aquí. Fun criticado, como é natural, polo Bloque por dicilo. Non sei con quen estaba vostede discutindo. O que é verdade é que as cousas de Europa unhas veces son apoio e outras veces son un desafío.

En canto á pesca, si señor, son as importacións; pode ser unha cantidade pequena de importación a que cambia o sistema dos prezos. Pero debe saber que neste momento, por certo chega tarde porque a Comunidade xa acordou actuar na protección dos prezos de certas especies porque Francia, e non España, xa formulou o problema ante a CEE, xa que en Bretaña se formularon problemas de prezos e o Goberno central francés actuou ante estes problemas formulados por Bretaña.

Finalmente, quero dicirlle que "Galicia calidade" e tódalas cousas que vostede mencionou son instrumentos lexítimos de promoción de Galicia.

Fala de vivenda. No ano 1992, iniciáronse 1.379 vivendas de protección pública, 5.400 vivendas de protección oficial, 6.400 vivendas no medio rural, creouse solo residencial para 1.800 vivendas, e se crearon 1.700.000 metros cadrados de superficie empresarial. Compare cos datos do ano 1989, e comprendo que non lle guste a comparación. Falamos de 37% menos, e iso que aquí aínda non se sentira a crise no sector inmobiliario e das demais cifras que son iguais.

E a vostede se lle ocorre dicir que eu paro a entrega de vivendas para. Un pouco de seriedade. Eu vou sempre xa coas vivendas ocupadas e, como é natural, neste momento dou públicamente instrucións para que en ningún caso se pare unha vivenda, se algunha vez pasou, que non pasou nin pasará, porque os tempos agora son de seriedade.

En canto ó Senado, señor Presedo, debe saber que nós temos proposta unha variación im-

portante do Senado, que vostedes se opuxeron a ela e que, como é natural, para facer un pequeno parche, o Grupo Popular prefiere quedarse só e fóra, porque esa non é reforma, ese é un engano.

Finalmente, volve vostede ó punto de exemplaridade. Parece que vostede se considera no dereito de esixirme a mín, porque falo dela e a practico, e non ós demais. ¡Home! ¡Paréceme unha expresión un pouco curiosa! Pero quérolle decir que non hai un só dos membros ou colaboradores do Goberno galego que neste momento estea xa non digo procesado nin condenado sserán que estea simplemente acusado de nada que teña que ver coa súa xestión no tempo que é conselleiro. Andan buscándolle as voltas algúns, perden o tempo.

Finalmente, volve ó de sempre, non se trata de anos xoves, de ideas xoves en cabezas perceptivas, paréceme que non é o caso neste momento dos socialistas, certamente non de vostedes.

En canto a ben morrer e a ben vivir, a idea de que hai que ben morrer axuda a ben vivir. Eu ben o sei e recoméndolle a vostede que se acorde disto nesta cuaresma.

Señor presidente, señorías, o que é certo é que o Goberno galego ten afrontados problemas, ten gobernado e ten administrado. A uns parécelle que moito e a outros que pouco. Non eludimos ningún problema dos que están presentados na nosa terra neste momento. Formulámo-lo modelo de Estado, o Estado das Autonomías, buscando a profundización e mellora do cuadro trazado pola Constitución e o Estatuto.

Nós temos asumido as novas realidades nadas da Unión europea. Estamos traballando seriamente nas comunidades de traballo co norte de Portugal en todo o que é da nosa competencia. Nós ocupámonos da situación dos galegos no mundo enteiro, e se hai que ir a Cuba vaise a Cuba ou a México, a calquera comunidade española, ou de países europeos, e nunca se fixo tanto, eles o saben, e xa o verán nas próximas eleccións tamén.

A cooperación e concertación a tódolos niveis, sexa coa Administración central, cando foi posible, sexa coas empresas públicas, iso é o

que estamos a facer, e certamente cos sindicatos que firmaron connosco acordos importantes.

O día a día dos mil problemas da etapa de crise, nós non paramos de atende-los casos un a un. Por iso me atrevo a dicir que Galicia sairá adiante polo esforzo e traballo, pola seriedade e como sempre o fixeron os galegos no ancho mundo.

E sei que se bromea sobre o folklorismo meu e do meu partido. As gaitas de Galicia son a esperanza para un Fisterra rescatado do esquecemento, do abandono e da incuria, no cal estamos a poñer unha sociedade en marcha que vostedes desde Madrid e de Santiago no seu momento pararon.

E quérolle contar unha última historia xa que aquí que se contaron hoxe tantas. Das cousas que hai que meditar estes días é o fracaso desa grande burbulla onde se meteron catro homes e catro mulleres para o maior experimento do século; alí se meteron tódolos progresistas, tódolos radicais, tódalas experiencias de empezar a facer unha sociedade. Nós seguiremos facendo cada vez mellor a nosa, a que está feita por séculos de Galicia, da grande Galicia.

(Aplausos)

O señor PRESIDENTE: Ata as doce da mañá, os grupos parlamentarios teñen prazo para presentar propostas de resolución. Ás cinco do serán reanudarase a sesión. Ata entón suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión.

Eran as nove da noite.

FOLLA DE SUBSCRICIÓN

PARLAMENTO DE GALICIA

Nome

Domicilio

Cidade Teléfono

Desexo subscribirme ó Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo coas condicións estipuladas, a partir do día de de 19....., ata o 31 de decembro de 19....

Con data de de 19....., envíolles por xiro ou talonario nominativo, número a cantidade de pesetas.

..... de de 19.....

Asinado

Eidición e subscrición:

Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Pazo do Parlamento. C/ Hórreo, s/n. 15702 Santiago.
Teléfono: 981/561600 - Ext. 238.
Subscripción anual: 3.000 ptas. Número solto: 75 ptas.

HOJA DE SUSCRIPCION

PARLAMENTO DE GALICIA

Nombre

Domicilio

Ciudad Teléfono

Deseo suscribirme al Boletín Oficial del Parlamento de Galicia, de acuerdo con las condiciones estipuladas, a partir del día de de 19....., hasta el 31 de diciembre de 19....

Con fecha de de 19....., les envío por giro postal o talonario nominativo, número a cantidad de pesetas.

..... de de 19.....

Firmado

Edición y suscripción:

Servicio de Publicaciones del Parlamento de Galicia.
Pazo do Parlamento. C/ Hórreo, s/n. 15702 Santiago.
Teléfono: 981/561600 - Ext. 238.
Suscripción anual: 3.000 ptas. Número suelto: 75 ptas.

NOTA:

A subscripción é anual, por anos naturais. O período da subscripción remata o 31 de decembro de cada ano. As altas producidas durante o ano contaránse, para efectos de cobro, desde o día 1.º de cada trimestre natural, sempre que a data de subscripción sexa anterior a esta.

NOTA:

La suscripción es anual, por años naturales. El período de la suscripción finaliza el 31 de diciembre de cada año. Las altas producidas durante el año se contarán, a efectos de cobro, desde el día 1.º de cada trimestre natural siempre que la fecha de suscripción sea anterior a ésta.